



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 38

**Sesión plenaria**  
11 de febreiro de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-JUwivdrU-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# ORDE DO DÍA

---

## Punto preliminar.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada María Magdalena Pérez Millares

## Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de totalidade do proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia (doc. núm. 15321, 12/PL-000007)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f2, do 12.12.2024

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 141, do 17.01.2025

1.3 Debate de toma en consideración da proposición de lei, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal) (doc. núm. 12733, 12/PPL-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 103, do 18.10.2024

## Punto 2. Comparecencia

### 2.1 19233 (12/CPP-000032)

Da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre as actuacións postas en marcha polo seu departamento en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

## Punto 3. Mocións

### 3.1 18859 (12/MOC-000043)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Fernández Fernández, Secundino

Sobre as consecuencias para Galicia do acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16261, publicada no BOPG núm. 139, do 15 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 28 de xaneiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f1, do 06.02.2025

### 3.2 18884 (12/MOC-000044)

#### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

#### Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000 (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 2130, publicada no BOPG núm. 20f1, do 2 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 28 de xaneiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f1, do 06.02.2025



**3.3 19040 (12/MOC-000045)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17098, publicada no BOPG núm. 139, do 15 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 28 de xaneiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f1, do 06.02.2025

**3.4 19052 (12/MOC-000046)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara**

Sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 8703, publicada no BOPG 69f1, do 22 de agosto de 2024, e debatida na sesión plenaria do 28 de xaneiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f1, do 06.02.2025

**Punto 4. Proposicións non de lei****4.1 9432 (12/PNP-000800)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar a inserción da mocidade no mercado laboral galego e a calidade do emprego nesta franxa de idade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

**4.2 11780 (12/PNP-000976)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 94, do 01.10.2024

**4.3 14801 (12/PNP-001249)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxectivo de impulsar as comunidades enerxéticas locais e o autoconsumo compartido

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

**4.4 15629 (12/PNP-001317)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que desautorice a implantación do grao en Dereito na Universidade Intercontinental da Empresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025



**4.5 15654 (12/PNP-001325)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e nove deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para que axilice todos os trámites necesarios para poñer en marcha o Proxecto da Biblioteca Pública do Estado en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 135, do 02.01.2025

**4.618489 (12/PNP-001459)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de reprobar o expresidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar Blanco, logo da súa condena por parte do Tribunal Supremo pola comisión dun delito contra a seguridade viaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 147f2, do 29.01.2025

**Punto 5. Interpelacións****5.1 4468 (12/INT-000277)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 31f1, do 29.05.2024

**5.2 16145 (12/INT-000679)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 139, do 15.01.2025

**5.3 17196 (12/INT-000701)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e catro deputados/as máis**

Sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f2, do 27.01.2025

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****6.1 19219 (12/POPX-000031)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre os problemas de acceso aos dereitos en Galicia, especialmente por parte das poboacións con maiores dificultades

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025



**6.219220 (12/POPX-000032)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a postura do Goberno galego ante a tramitación do proxecto de Altri

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 15888 (12/POP-002298)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as previsións que o Goberno galego ten de dotar a comarca do Baixo Miño cun servizo de transporte público de persoas por estrada que cubra as necesidades de mobilidade da cidadanía desta comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137f1, do 10.01.2025

**7.2 15687 (12/POP-002232)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que o Goberno galego realiza respecto da consecución do acordo co Goberno central para a transferencia en materia de xestión do litoral galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 137f1, do 10.01.2025

**7.3 17051 (12/POP-002687)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido ás reivindicacións de nais e pais do CEIP Bergantiños, de Carballo, relativas á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

**7.4 17733 (12/POP-002790)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre as necesidades de prazas de atención diúrna para adultos con trastorno do espectro autista na comarca de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

**7.5 19193 (12/PUP-000076)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co sistema de atención á dependencia en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025



**7.6 19203 (12/PUP-000077)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e dez deputados/as máis**

Sobre as accións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para reducir a lista de agarda na valoración da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

**7.7 17792 (12/POP-002801)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as necesidades de persoal médico nos centros de saúde do concello de Ribeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

**7.8 17527 (12/POP-002762)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego ante a posibilidade de facer realidade un pacto pola lingua entre todas as forzas políticas parlamentarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145f1, do 27.01.2025

**7.9 18164 (12/POP-002848)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego referidas á protección do mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

**7.10 19218 (12/PUP-000079)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para o mantemento e a protección das pallozas de Piornedo, no concello de Cervantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Iria Taibo Corsanego (BNG) e a súa delegación de voto na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 11.).*

### **Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada. (Punto preliminar.)**

*Antes de entrar na orde do día, o señor presidente comunica que se incluíu na orde do día un punto preliminar referido á prestación de promesa ou xuramento da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada, dona María Magdalena Pérez Millares. (Páx. 11.).*

*Logo de prestar o xuramento, dona María Magdalena Pérez Millares consegue a condición plena de deputada do Parlamento de Galicia. (Páx. 11.).*

### **Debate de totalidade do Proxecto de lei para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 12.).*

*Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 16.) e Sr. Castro García (BNG). (Páx. 20.).*

*Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixaren a súa posición: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 24.), Sr. García Comesaña (P). (Páx. 24.).*

*Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 30.) e Sr. Castro García (BNG). (Páx. 32.).*

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal). (Punto primeiro da orde do día.)**

*Presentación da proposición de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 33.).*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 37.), Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 37.) e Sr. García Comesaña (P). (Páx. 40.).*

*Rolda de réplica: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 43.).*



### ***Votación dos textos lexislativos***

Votación das emendas á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 36 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 45.).

Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal): *rexeitada por 33 votos a favor, 36 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 45.).

### **Comparecencia da Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre as actuacións postas en marcha polo seu departamento en materia de vivenda.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 46.).

Rolda dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 51.), *Sr. López Font (S)* (Páx. 51.), *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 53.) e *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 58.).

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 61.).

*A señora presidenta, Candia López, abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 64.) *Nesta rolda interveñen (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 65.), *Sr. López Font (S)* (Páx. 65.), *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 66.), *Sra. Deza Martínez (P)* (Páx. 69.) e *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue).* (Páx. 71.).

### ***Alteración da orde do día***

*A señora presidenta, Candia López, comunica unha alteración da orde do día, que consiste en adiantar o comezo da sesión da tarde, previsto para as dezaseis horas e trinta minutos, que pasará a ser ás dezaseis horas. Ademais, tamén informa doutra alteración da orde do día, que se traduce nunha mudanza na organización da orde do día, que será comezada pola moción número 1.8859 e, a seguir, será formulada a pregunta ao Goberno número 1.7792* (Páx. 72.).

*Suspéndese a sesión á unha e trinta e seis minutos e retómase ás catro da tarde.*

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández, sobre as consecuencias para Galicia do acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Fernández (BNG).* (Páx. 73.).





Intervención dos grupos parlamentarios: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 75.), *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 76.) e *Sr. Viso Diéguez (P)*. (Páx. 78.).

*Nova intervención do señor Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 81.).

**Pregunta de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades de persoal médico nos centros de saúde do concello de Ribeira.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 83.).

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 84.).

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 85.).

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 86.).

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000.** (Punto terceiro da orde do día.)

*A señora presidenta, Candia López, comunica a emenda presentada á moción.* (Páx. 87.).

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 88.).

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 90.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 93.), *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 93.).

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda.* (Páx. 95.).

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 97.).

Intervención dos grupos parlamentarios: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 99.), *Sra. Espinosa Mangana (S)* (Páx. 99.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 102.).

*Nova intervención da señora Prado Cores (BNG)*. (Páx. 104.).

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Méndez López (S)*. (Páx. 106.).

Intervención dos grupos parlamentarios: (*O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.*) (Páx. 109.), *Sra. Fernández González (BNG)* (Páx. 109.) e *Sr. Viso Diéguez (P)*. (Páx. 111.).

*Nova intervención da señora Méndez López (S)*. (Páx. 114.).



### ***Votación das mocións***

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández, sobre as consecuencias para Galicia do acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea: *rexeitada por 25 votos a favor, 38 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 115.).

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.).

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.).

Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.).

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar a inserción da mocidade no mercado laboral galego e a calidade do emprego nesta franxa de idade.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 117.).  
Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 120.), *Sr. Suárez Fernández (BNG)* (Páx. 120.) e *Sra. Grueira Fernández (P).* (Páx. 122.).

*Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 125.).

*Suspéndese a sesión ás sete e seis minutos do serán.*



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*; polo tanto, non procedemos á súa lectura.

Xustifica a súa inasistencia dona Iria Taibo Corsanegro, quen delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Pontón Mondelo, conforme o disposto no artigo 84.3 e 4 do Regulamento da Cámara.

Entramos na orde do día.

### **Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada**

**O señor PRESIDENTE:** O punto preliminar é a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada María Magdalena Pérez Millares.

Todo iso facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento da Cámara, polo que procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía á nova deputada. Segundo o procedemento, a fórmula é de contestar «Si, xuro» ou «Si, prometo» á pregunta desta presidencia. Pré-golle que responda desde o seu escano á pregunta que lle vou formular:

Dona María Magdalena Pérez Millares, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

**A señora PÉREZ MILLARES:** Si, xuro.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Unha vez prestada a promesa ou xuramento, adquire a condición plena de deputada. ¡Benvida ao Parlamento! (*Aplausos.*)

Agora continuamos cos textos lexislativos, que é o debate de totalidade do Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.

### **Debate de totalidade do Proxecto de lei para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentaron emendas o Grupo Socialista e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):**  
Señor presidente, señorías, bo día a todos.

Presento hoxe no Parlamento o Proxecto de lei para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial de Galicia, unha norma pioneira, pois é a primeira norma ou lei rexional sobre esta materia en toda Europa, con dúas prioridades: por unha banda, garantir aos galegos e galegas os seus dereitos, sempre que na súa relación coa Administración galega interveña a intelixencia artificial, e, por outra, asegurar os beneficios que poderán obter con esta nova tecnoloxía tanto o tecido produtivo como a cidadanía.

Por tanto, estamos perante un proxecto de lei que ten o potencial de transformar a nosa comunidade autónoma e situala á vangarda da innovación tecnolóxica. E isto é exactamente moi relevante, pois ao longo da historia os avances tecnolóxicos foron motores de cambio e de progreso. A intelixencia artificial, definida pola Unión Europea como aqueles sistemas que manifestan un comportamento intelixente, pois son capaces de analizar a súa contorna e realizar accións de certo grao de autonomía, representa un dos avances máis significativos do noso tempo. Desde asistentes de voz ata vehículos autónomos, a intelixencia artificial está a cambiar xa a nosa forma de vivir, de traballar e de relacionarnos.

Neste escenario, o Goberno galego ofrece á cidadanía un marco xurídico estable que lle dea confianza e certeza nas súa relacións coa Administración pública galega e que blinde os seus dereitos. Un proxecto de lei que regula ata onde as nosas competencias na materia nolo permiten, cun traballo previo man a man coas autoridades europeas para poder definir do xeito máis ambicioso como chegar ata o máximo potencial dentro do noso eido competencial. Desta forma, esta norma complementa e respecta o Regulamento europeo de intelixencia artificial e as lexislacións que deberá adoptar o Estado nesta materia de acordo coas súas competencias.

E todo isto co fin de aplicar a intelixencia artificial para ofertar mellores servizos de conformidade coas necesidades e demandas da cidadanía e das empresas. E facémolo dunha maneira integral e cun enfoque transversal ao longo de setenta e dous artigos, distribuídos en cinco títulos, para abordar os principios que van rexer a actividade da Administración galega para o uso responsable da intelixencia artificial, así como os dereitos da cidadanía, a gobernanza e planificación dos distintos instrumentos, a xestión e colaboración con outras administracións públicas e co tecido produtivo, os procedementos para a definición e posta en marcha de proxectos de intelixencia artificial, o uso de sistemas de intelixencia artificial e modelos da intelixencia artificial de uso xeral, e as medidas para o impulso da intelixencia artificial en Galicia.

Este texto recolle as conclusións e recomendacións emitidas por un grupo de expertos do Sistema universitario de Galicia no estudo sobre o marco ético e normativo e o potencial impacto da intelixencia artificial en Galicia, presentado en marzo do ano 2023. Neste estudo conclúese que hai marxe para que as comunidades autónomas reforcen os obxectivos da Lei



de intelixencia artificial da Unión Europea, mesmo antes da súa entrada en vigor. Neste sentido subliña que Galicia pode regular a actualización das tecnoloxías baseadas na intelixencia artificial polo propio sector público autonómico no exercicio das súas competencias do autogoberno. Así mesmo, destaca que as nosas competencias e un desenvolvemento lexislativo en materia de contratos e de concesións administrativas permiten introducir as especificacións xerais exixibles a toda aplicación, produto ou servizo baseado en intelixencia artificial que as administracións públicas adquiren do sector privado. Por último, o estudo fai fincapé nas capacidades de Galicia para desenvolver unha política propia de fomento do desenvolvemento das tecnoloxías baseadas na intelixencia artificial, sobre a base das súas competencias estatutarias en materia de fomento da actividade económica.

Señorías, a continuación exporeilles moi brevemente cales son as motivacións deste proxecto de lei:

Por unha banda, esta norma dá resposta ás recomendacións sobre intelixencia artificial adoptadas polo Consello da OCDE de maio de 2019, onde se establece que os gobernos deben desenvolver unha contorna de políticas que faciliten o camiño para adoptar sistemas de intelixencia artificial fiables e capacitar as persoas con competencias nesta nova tecnoloxía.

Así mesmo, buscamos aproveitar as potencialidades que ofrece o Centro de Supercomputación de Galicia, o Cesga, para fomentar ecosistemas de intelixencia artificial accesibles, con tecnoloxías e infraestruturas dixitais e mecanismos para o intercambio de datos e coñecementos.

Ademais, esta proposta dá resposta ás peticións explícitas desta cámara, que solicitou á Xunta de Galicia xa en abril do ano 2023 impulsar actuacións para que a Administración xeral e o seu sector público adoptase como marco de actuación o establecido polo regulamento europeo, previamente á súa entrada en vigor, prevista para o ano 2024. Quero lembrar que esta cámara levou a cabo importantes accións no ámbito da intelixencia artificial, como a Declaración institucional do Parlamento de Galicia a favor dunha intelixencia artificial, ética e centrada no ser humano, asinada en xuño do ano 2022.

Tamén esta proposta dá resposta á oportunidade que supón a localización da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial, na cidade da Coruña, un éxito colectivo que tivo en todo momento o impulso do Goberno galego.

E, por último, a proposta responde ao compromiso para a actual lexislatura 2024-2028 de desenvolver a normativa necesaria para facilitar a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto, tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos galegos. Isto lograse a través de mecanismos que favorezan a atracción de investimentos e talento dixital, garantindo que a incorporación de tecnoloxías disxuntivas se leve a cabo baixo criterios éticos e de seguridade.

Unha vez expostas as motivacións desta norma, tamén me gustaría enmarcar o escenario no que nace, que, sen dúbida, está cheo tanto de desafíos como de oportunidades. O primeiro que hai que ter en conta son os retos técnicos, éticos, legais e sociais que a intelixencia ar-



tificial leva intrínsecos. Por esta razón resulta crucial garantir o seu bo goberno para aproveitar todas as oportunidades que ofrece, á vez que se controlan os riscos derivados dun uso indebido. A Administración pública ten o deber de aplicar a intelixencia artificial de xeito seguro e fiable para ofertar mellores servizos, consonte as necesidades da cidadanía e das empresas.

Por outra banda, non debemos esquecer que a dependencia de tecnoloxías desenvolvidas fóra da Unión Europea expón desafíos en termos de soberanía tecnolóxica. Europa promoveu un enfoque centrado en fortalecer as súas capacidades tecnolóxicas internas, impulsando unha intelixencia artificial segura, ética e centrada nos dereitos fundamentais dos cidadáns. Neste senso, a Comisión Europea adoptou un marco legal uniforme para o desenvolvemento, a comercialización e o uso desa tecnoloxía en liña cos valores da Unión.

Así, neste escenario, a Xunta de Galicia trae ao Parlamento unha norma pioneira e ambiciosa para regular a intelixencia artificial, con tres obxectivos principais: dispor en Galicia dunha intelixencia artificial segura e salvagardar os dereitos da cidadanía, mellorar a eficacia da Administración autonómica e a súa relación coa cidadanía e mais consolidar Galicia como unha referencia en Europa en intelixencia artificial.

Unhas prioridades que plasmamos nos contidos para ter unha lei garantista e asegurar unha supervisión humana daqueles procedementos que así o exixan; establecer que todos os sistemas de intelixencia artificial que usa a Administración formen parte dun rexistro público; crear a figura do comisionado en intelixencia artificial para velar polos intereses da cidadanía e os valores éticos dos sistemas; asegurar os dereitos das persoas a seren informadas sobre a intervención da intelixencia artificial en calquera decisión que poidan afectarlles; obrigar a que calquera implantación de intelixencia artificial estea precedida dun informe de avaliación de riscos; crear a Oficina de Intelixencia Artificial de Galicia; constituír a Comisión estratéxica para o asesoramento en intelixencia artificial; conformar o Consello Galego de Intelixencia Artificial; incentivar a implantación dunha intelixencia artificial aliñada cos intereses estratéxicos de Galicia por parte de empresas e profesionais, e apostar pola formación e capacitación para os empregados públicos e a cidadanía nesta tecnoloxía.

Desde o Goberno galego estamos convencidos de que a intelixencia artificial pode e debe xerar beneficios económicos e sociais en todos os sectores. O seu bo uso proporcionará, sen dúbida —porque xa o está a facer—, vantaxes competitivas esenciais ás empresas e facilitará resultados positivos en sectores tan importantes como a saúde, a agricultura, a educación, a administración de infraestruturas, a enerxía, o transporte, os servizos públicos, a seguridade ou a xustiza. Igualmente, favorecerá a eficiencia de recursos e mitigará os efectos do cambio climático, ademais da posibilidade que ofrece de mellorar a predición de optimización de operacións e personalizar solucións dixitais.

De feito, a Xunta de Galicia xa está a implantar sistemas que están a utilizar estas tecnoloxías de intelixencia artificial. O noso obxectivo é proporcionar á cidadanía e aos sectores produtivos uns servizos públicos máis eficaces, e ademais esta tecnoloxía permite tamén reducir tempos ao liberar as persoas que traballan na Administración de tarefas repetitivas ou de busca rutineira de documentación. Quero lembrar que xa tivemos ocasión de empregar du-



rante a pandemia esa tecnoloxía: sistemas intelixentes para a tramitación de expedientes de regulación temporal de emprego, que permitiron adiantar en máis dun mes a recepción das prestacións por parte das persoas afectadas. E podo pórllas máis exemplos: no eido da saúde temos en marcha o proxecto piloto para o uso da intelixencia artificial da atención precoz do cancro de mama. Este permitirá reducir ata un terzo as lesións que poden pasar desapercibidas nunha lectura convencional das probas.

Por outra banda, a intelixencia artificial está a ser tamén unha tecnoloxía fundamental para a redución das diferenzas entre as contornas rurais e urbanas e para a xestión do medio rural. Igualmente, está en marcha, por exemplo, o desenvolvemento dun sistema de inspeccións intelixentes avanzadas, que vai mellorar a eficiencia dos controis derivados da Política agraria común, reducindo a necesidade de desprazamento do persoal de inspección e a complexidade das inspeccións e os seus custos. Tamén se están a utilizar sistemas de intelixencia artificial para mellorar a eficiencia na loita contra os incendios forestais.

Con esta norma seguiremos progresando, pois Galicia, que xa conta cunha traxectoria destacable no desenvolvemento de tecnoloxías intelixentes, está a desenvolver a Estratexia galega de intelixencia artificial 2020-2030.

Señorías, somos unha comunidade autónoma que posúe un ecosistema fortalecido ao redor da ideación, do desenvolvemento e da demanda da intelixencia artificial, capaz de albergar a sede da AESIA e cunha infraestrutura de computación avanzada e un crecente investimento nesa tecnoloxía por parte da industria e dos servizos.

En definitiva, Galicia vén aprobar a primeira lexislación rexional europea para o desenvolvemento dunha intelixencia artificial ética, segura, fiable e centrada nas persoas. Por iso, presentamos no Parlamento unha lei que regula que sistemas de intelixencia artificial podemos desenvolver ou comprar desde a Administración e como debemos usalos, que asegura que as persoas teñen sempre a última palabra no seu uso, que establece cal é a responsabilidade e as funcións de cada un dos servizos públicos e das entidades no proceso de planificación e implantación desta tecnoloxía, e que define os criterios para a compra ou o desenvolvemento de sistemas de intelixencia artificial, que fomenta mesmo con axudas ou incentivos fiscais a implantación dunha intelixencia artificial axeitada aos intereses estratéxicos de Galicia por parte de empresas e da sociedade no seu conxunto.

Señorías, este proxecto de lei é unha oportunidade única para situar Galicia como líder no desenvolvemento e uso da intelixencia artificial. É unha aposta polo futuro, pola innovación e polo benestar da nosa sociedade. Por iso, pídolles a todos os grupos parlamentarios o seu apoio para aprobar esta lei, e xuntos construírmos unha Galicia máis intelixente e máis competitiva.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei.



Ten en primeiro lugar a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Bos días, presidenta.

Bos días a todas e a todos.

Conselleiro, hai dous meses o presidente Rueda anunciaba con bombo e prato que Galicia se convertería na primeira rexión de Europa que regula por lei o uso da intelixencia artificial. Queda claro á vista do texto do Proxecto de lei e da intervención do propio conselleiro que hai moita présa, moitas carencias, e mesmo parece que o único ao que aspira é a cumprir ese obxectivo propagandístico de aprobar a primeira lei, en liña coas políticas do PP noutros campos, en lugar de aprobar unha boa lei.

O Proxecto de lei para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia só aspira a regular as actuacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma, do seu sector público, e, sen embargo, esquece a oportunidade perdida de dar un salto cualitativo na utilización desta tecnoloxía e no impulso dun sector tan importante para o futuro económico e social de Galicia, como é a intelixencia artificial.

Temos que recordar que a Lei europea de IA, aprobada no ano 2022 baixo a Presidencia europea española en Bruxelas, xa inclúe estas obrigacións dunha IA ética e que defenda os intereses e os dereitos dos cidadáns. Ademais, o 13 de xuño do 2024, o *Diario Oficial da Unión Europea*, publicou o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, no que se establecen normas harmónicas para todo o espazo europeo en materia de intelixencia artificial, o Regulamento de intelixencia artificial. Esta norma, tamén coñecida como a Lei europea ou o Regulamento europeo de intelixencia artificial, constitúe —esa si— a primeira regulación xeral a nivel mundial e con rango de lei desta importante materia, e que condicionará o desenvolvemento económico e social dos próximos anos.

Esta regulación, a Directiva e o Regulamento —da que en gran parte entrará en vigor, o regulamento, en agosto do 2025, e totalmente no ano 2026—, xa inclúe estas obrigacións que aparecen nesta lei que hoxe nos presenta o Goberno da Xunta de Galicia. Ademais, nese regulamento tamén se establecen mecanismos de sanción para aqueles incumprimentos graves destes dereitos e estes regulamentos. E non podemos esquecer que é a AESIA a primeira axencia —como recordou o conselleiro— de supervisión europea, e que ten a súa sede na Coruña, a que dispón desas competencias sancionadoras nos casos de incumprimento no uso destas tecnoloxías, de acordo co regulamento europeo.

Non deixa de ser curioso que, excepto no preámbulo, a AESIA está desaparecida nesta lei galega, cando é claro o seu papel supervisor que ten no sector da IA. A pesar de que se indica a intención de regular e garantir o desenvolvemento e unha utilización da intelixencia artificial —abro comiñas— «ética, segura, fiable e centrada nas persoas», engadindo que dotamos a Comunidade dun marco xurídico estable, que dea certezas e brinde dereitos, iso non é máis que unha intención baleira, e que non reconece o papel da AESIA, que non só vela, senón que ten competencias sancionadoras para os casos de incumprimento do uso. Por certo, incum-





primentos de uso que cando non están regulados no Regulamento Europeo, esta lei non os regula nin establece ningún tipo de contrapartida no caso de que non se cumbran.

Esta norma á que estamos presentando unha emenda á totalidade introduce a obriga de contar cun informe de proxecto de IA, que, ademais de describir o seu funcionamento e características detalladas, incluírá unha avaliación de impacto relativo aos dereitos fundamentais das persoas, pero sen posibilidade de actuar no caso de que eses dereitos sexan conculcados, porque esa competencia corresponde a AESIA.

O capítulo de dereitos da cidadanía prevé o exercicio dos dereitos dos cidadáns con respecto á utilización de aplicacións de IA, mais presenta unha redacción xenérica e indeterminada. Indica e prevé a supervisión humana en todos os procedementos administrativos que empregan esta tecnoloxía, sempre que sexa necesaria ou solicitada por calquera persoa implicada no trámite, sen indicar a forma en que se producirá e, sobre todo, as consecuencias do incumprimento total ou parcial desta supervisión.

Defínese a composición do Consello Galego de Intelixencia Artificial, composto, por certo, por máis de vinte membros, pero non se definen as funcións, mentres que no caso do grupo de traballo da Comisión estratéxica para o asesoramento, que non presenta unha composición definida, si que se indican esas funcións, que nalgún caso parecen máis acaídas para o Consello, polo que sería importante definir claramente esas funcións en ambos os órganos e, se é necesaria, a súa coexistencia.

No apartado de planificación, fálase da Estratexia galega de IA. Sen embargo, esa estratexia galega, que foi aprobada no ano 2021, aprobouse cun desenvolvemento temporal que vai do ano 2021 ao ano 2030. Polo tanto, está neste momento plenamente vixente; levamos exactamente a metade do período en que esta Estratexia galega de intelixencia artificial está vixente. Esta estratexia tiña tamén como obxectivo converter Galicia nunha rexión intelixente que contribúa á soberanía dixital da Unión Europea, e a estratexia despregará en Galicia unha intelixencia artificial de vangarda, ética, segura e centrada nas persoas. Exactamente o mesmo que se plantexa nesta lei.

Esta estratexia está coordinada pola Amtega e pensaba mobilizar naquel momento 330 millóns de euros públicos da Xunta de Galicia, que xerarían un impacto na economía de aproximadamente 472 millóns de euros neste período.

Este documento articulábase arredor de catro eixos prioritarios e quince medidas nas actuacións concretas. ¿Que queda desta estratexia? ¿Simplesmente un capítulo dentro desta lei, onde creo que ten cinco ou seis artigos nada máis? ¿Cal é a situación de execución do orzamento deses catro eixos? ¿Que adaptación ou modificacións se realizaron nela? A resposta a estas preguntas debería de ser previa á redacción desta norma. Polo tanto, tiña que estar presentada para que puidéramos valorar o impacto desta estratexia, sobre todo a necesidade dunha regulación como é esta lei.

No apartado de programas sectoriais de intelixencia artificial e proxectos de IA, aínda que se presentan en dous apartados deberían incluírse nun só, xa que na actualidade todos os



sectores e as consellerías da Xunta de Galicia deberían de estar inmersas en proxectos para implantar plataformas e ferramentas que en ningún caso poderían ser de uso conxunto.

Non é de recibo pensar que esta lei é a que ten como obxectivo impulsar a intelixencia artificial nas distintas áreas e seguridades do Goberno de Galicia. Todas as áreas de seguridade do Goberno de Galicia tiñan que estar neste momento desenvolvendo aplicacións en intelixencia artificial. Polo tanto, o que parece máis lóxico é que a entidade instrumental do sector público galego con competencias en materia das tecnoloxías, información e da comunicación —¡que frase máis longa para dicir a Amtega!, que, por certo, hai aí persoal de Amtega ao que saúdo nesta tribuna— que sexa a que xestione en colaboración coas consellerías e coas unidades administrativas o deseño dos proxectos necesarios para desenvolver as plataformas e as ferramentas de IA necesarias para a Administración autonómica e os seus entes dependentes, sen necesidade de establecer estas figuras que comentarei despois, como vou dicir agora o tema do comisionado en intelixencia artificial.

Dise que ese comisionado vai ser o responsable de velar pola prevención, detección e eliminación dos riscos e resultados negativos e polo inventario de sistemas de intelixencia artificial, que reflectirá o ciclo de vida de cada sistema desde o seu deseño ata a súa desactivación. Figura que está definida por esta lei. É unha figura de novo cuño e que terá —penso eu— difícil encaixe nas estruturas funcionariais das consellerías e dos distintos tipos e figuras de funcionarios que temos neste momento na nosa Administración. Esta figura, ademais, vai ter por un lado competencias administrativas e competencias técnicas complexas, difíciles de encravar nunha soa persoa en cada unha das consellerías ou unidades administrativas.

Posteriormente, a propia lei establece —digamos— un período transitorio, onde ata a creación desa figura resulta que é o delegado de protección de datos o que se vai encargar de facer esas competencias do comisionado en intelixencia artificial. Ben, ¿por que non se lle dan esas competencias precisamente ao delegado de protección de datos, figura xa establecida e recoñecida por unha lei orgánica? Iso é o máis lóxico e, polo tanto, contar co apoio, co reforzo da Amtega, que sexa a que realmente realice todas esas funcións que neste momento se van atomizar nos comisionados en intelixencia artificial, que van estar nas distintas consellerías e unidades administrativas.

Polo tanto, pensamos que a estruturación da articulación de distintos órganos que se establecen e das distintas figuras é farragosa. O único que trae é complicacións administrativas e burocráticas, en vez de ir solucionar a situación de desenvolvemento da propia intelixencia artificial e, sobre todo, dotar de competencias de intelixencia artificial —que tamén é outro apartado insuficiente dentro da lei— tanto aos traballadores da Administración como tamén aos cidadáns, que van ter que utilizar estas novas ferramentas.

Consideramos necesario desenvolver na lei de forma máis detallada o plan de xestión de datos e os espazos de probas. É un elemento fundamental no proceso de aprendizaxe dos sistemas expertos e de adestramento dos algoritmos de IA. A dispoñibilidade dun número importante de datos e que os algoritmos adestren con datos da nosa poboación mellorarán a aplicación e o funcionamento destas ferramentas que deseñemos para a nosa administra-



ción. Estes bancos ou espazos de datos, normalizados e anónimos, deben de estar claramente regulados, así como o seu uso, tanto para a investigación como para desenvolver sistemas de uso.

Nesta norma simplemente se establece un artigo no que se declara a creación destes bancos e deixa fundamentalmente o desenvolvemento do espazo de datos que faga a Unión Europea. Polo tanto, esta norma, coma noutros casos, vai ser subsidiaria do que se decida en Europa respecto dos espazos de datos xerais.

Ademais, tamén se citan os espazos de datos xerais, cando eu creo que Galicia ten unha oportunidade no deseño e no establecemento de espazos de datos sectoriais e especializados. Polo tanto, aí creo que é un tema que se debería de desenvolver moito mellor nesta norma.

Neste apartado, tanto de banco de datos como de espazo de probas, debe xogar un papel predominante o Centro de Supercomputación de Galicia, o Cesga, por dúas vantaxes competitivas que ten. Por un lado, xa dispón de tecnoloxía de computación de altas prestacións, por certo, en computación cuántica, que non aparece neste proxecto de lei —conselleiro, ten que falar co seu compañeiro para que polo menos na lei apareza unha referencia á computación cuántica—, que é outro dos elementos que se esconden; ¿por que? E a segunda vantaxe competitiva que ten o Cesga é que xa neste momento integrado en redes nacionais, estatais e, sobre todo, en redes europeas; precisamente para que esas tecnoloxías de computación de altas prestacións, que van ser fundamentais en computación cuántica e que van ser fundamentais no desenvolvemento dos novos sistemas de intelixencia artificial, permitan que Galicia se manteña á vangarda destas infraestruturas e destas tecnoloxías.

Onde a lei quizais precisa máis concreción é nas medidas que pretenden desprezar para desenvolver un ecosistema de coñecemento e innovación en intelixencia artificial. O que a lei define como medidas para o impulso da IA en Galicia inclúe medidas económicas e fiscais, proxectos empresariais estratéxicos e singulares; cinco liñas para estes últimos artigos.

Difícilmente a IA actuará como axente diferenciador e impulsor da economía de Galicia se non creamos e mantemos un sector empresarial tecnolóxico propio que desenvolva a súa actividade en Galicia. A Xunta de Galicia —e debe ser unha das funcións básicas da implantación da IA na Administración— debe ser un axente fundamental para que na colaboración público-privada permita crear, manter e atraer esas empresas tecnolóxicas, que serán o futuro económico da nosa comunidade. Este sector altamente internacionalizado dispón xa dun alto e intenso crecemento ano tras ano, pero precisa que as administracións apoien o seu desenvolvemento.

Outro aspecto que consideramos que está deficientemente definido é o impulso á creación das factorías de intelixencia artificial. A Comisión Europea acaba de aprobar na primeira convocatoria unha factoría —unha das sete— que foi asignada ao noso país, a España. Esa factoría ubicarase no Centro de Supercomputación de Barcelona, onde xa existe tamén o nodo principal de Quantum Spain. Esta factoría está aberta a empresas emerxentes ou calquera axente do ecosistema de IA que necesite desenvolver, adestrar e baleirar sistemas. Aquí, de novo, o Cesga vai ter que xogar un papel fundamental e repito que sobre todo para



o establecemento de sistemas tanto de banco de datos como de banco de probas especializados, e non de factorías, que, de modo xeral, tería a súa mellor ubicación en Barcelona.

Ben, como xa dixen anteriormente, esta lei non contempla ningún mecanismo ou ferramenta para protexer a sociedade dos perigos da utilización inadecuada da IA, como son noticias falsas, o mal uso de redes, o ciberacoso, a vulneración das intimidades; en definitiva, protexer a cidadanía dos ataques aos dereitos dixitais persoais.

Pero, sen dúbida, para os socialistas son dúas as principais eivas desta norma lexislativa. Unha é a ausencia total do recoñecemento dos dereitos referidos aos dereitos de autor e da propiedade intelectual e industrial que protexen os creadores de contidos literarios, artísticos e audiovisuais e deixa desprotexidos diante dunha Administración pública os autores e autoras, as persoas que crean. E a segunda —e para min máis grave vindo dunha lei da Xunta de Galicia— ten que ver coa ausencia, excepto a referencia xenérica no artigo 2, da lingua galega e o seu emprego e potenciación do uso do galego nos sistemas de intelixencia artificial e na sociedade. Pero non só na Administración autonómica, non se contempla a creación de ferramentas para que o galego poida ser utilizado polos desenvolvedores e as empresas que desenvolven sistemas de intelixencia artificial. Non deixa de ser curioso que —como di a Xunta— o gran logro da lei galega é converter Galicia na primeira rexión europea en regular por lei o deseño, a adquisición e o uso desta ferramenta...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que terminar, señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** ...—vou rematando—, primeiro, na Administración e, logo, en toda a sociedade. Mais ben, vendo o Regulamento europeo, non é máis que unha simple norma para regular e controlar o uso pola Administración autonómica das plataformas de IA e con difícil translación á sociedade.

Por todo o anterior, non podemos apoiar este Proxecto de lei para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial, polo que solicitamos a súa devolución para ser reformulado e ser trasladado posteriormente de novo a este Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Moitas grazas, señor Abalde.

É a quenda agora do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Castro García.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Bo día a todos e a todas.

Moitas grazas, presidenta.

Hoxe falamos nesta cámara dunha cuestión fundamental para o futuro de Galicia: a intelixencia artificial. Falamos dunha revolución tecnolóxica que está a transformar todos os ám-



bitos da sociedade dende a sanidade ata o sector primario, dende a educación ata a industria. Unha ferramenta poderosa que se a utilizamos con visión e responsabilidade pode converterse nun motor de progreso económico e social para o noso país.

«A IA non é unha ameaza, senón unha oportunidade, pero este progreso debe ir acompañado dunha gobernanza ética. A intelixencia artificial ten que servir a cidadanía, respectando os dereitos fundamentais e evitando que se converta nun instrumento de desigualdade ou de desinformación. Debemos garantir que os algoritmos sexan transparentes e que non perpetúen discriminacións. A IA debe estar ao servizo das persoas e non á inversa». Isto que lin agora non o escribín eu, pedínlo hai un pouquiño á intelixencia artificial co móbil, a unha das plataformas máis coñecidas. E en menos de cinco segundos escribiu isto rapidamente, ante a petición de «Fai un discurso político sobre a intelixencia artificial para o Parlamento de Galicia». E eu entendo que o primeiro que ao mellor poden pensar é: ¡Deus, canto tempo imos aforrar a partir de agora todos os deputados e deputadas que estamos aquí! Pero, en primeiro lugar, estamos a falar de algo moi importante e, en segundo lugar, é mellor que sigan empregando o enxeño —digo eu—.

E estamos a falar de algo moi serio porque —como dixen— é moi importante; non estamos a falar do futuro, estamos a falar do presente, incluso ás veces do pasado, porque isto xa leva connosco moito tempo e vai seguir cambiando as nosas vidas diariamente. Incluso o ChatGPT dixo que afecta directamente a todos os sectores, dende a gandería ao agro, á industria e, evidentemente, ás tecnoloxías.

Por iso, xa que o Partido Popular quixo legislar sobre este asunto —algo que consideramos moi positivo, aínda que fose un ano máis tarde do que o anunciaron—, é importante que sexamos ambiciosos e ambiciosas e que regulemos con responsabilidade unha tecnoloxía que pode facilitar moito a vida dos galegos e das galegas, que para iso estamos aquí, pero que necesitamos ter moito máis control e moita máis regulación. E por iso, se o Partido Popular quere seguir co habitual inmovilismo e co rodo de sempre, pode custarnos moi caro dentro duns anos.

E digo isto porque temos que partir da base de que calquera persoa individual ou incluso calquera Administración pública non vai partir dun estado de igualdade; nunca vai poder competir en igualdade con calquera gran tecnolóxica que empregue ou fomente a intelixencia artificial. A propia Xunta de Galiza non vai poder competir en igualdade, porque as grandes tecnolóxicas prefiren, queren e pelexan por vivir na selva absoluta, porque aí son máis fortes, porque a ausencia de leis e de regulación fai que gañen máis, que teñan máis control, que inflúan máis nos gobernos e acumulen máis poder. E até o de agora —que eu saiba— Apple, Amazon ou incluso o fascista de Twitter non se presentaron ás eleccións, ou si, —non o sei, iso déixoo no aire. O propio ChatGPT di que: «Os algoritmos teñen que ser transparentes e non perpetuar discriminacións. A IA debe estar ao servizo das persoas e non á inversa» —o propio ChatGPT—.

É por esta razón que temos que pedir a devolución desta lei, porque esta é unha lei da Xunta para regular a propia Xunta; algo necesario e que está moi ben, pero non para asegurar que a vida dos galegos e das galegas mellore coa intelixencia artificial. E por iso non entendemos,



ou si, a falta de ambición que ten esta lei, que nun momento histórico como o que estamos a vivir, que podemos ver case cada día, case cada semana, case cada vez que lemos calquera noticia deste eido a súa importancia.

É certo que vai servir para sacar un titular moi chulo, chulísimo —é normal, fan ben—, un titular moi, moi, moi guapo; pero é bastante triste que non queiran profundar en absoluto. Profundar digamos en tres niveis —aínda que podería haber moitos máis—: a nivel empresarial, a nivel lingüístico e a nivel creativo.

Querer promover, como se soe dicir, un uso ético e sustentable con este proxecto de lei é como querer tapar unha ferida moi grande cunha tirita. Porque, ¿que pasa coas empresas que fagan uso da intelixencia artificial no noso país? ¿Non van ter leis ás que aterse, aínda que sexan soamente para aquelas empresas que teñan diñeiro público, que reciban subvencións públicas e reciban cartos da Xunta de Galiza? ¿Para todas esas empresas vai haber barra libre? ¿Ou teñen a intención de regular o uso que estas poidan facer da IA?

Do mesmo xeito, non hai —digamos— nin unha soa obriga, nin a nivel laboral nin de sustentabilidade nin lingüístico nin fiscal, de todas as empresas ás que a Xunta poida financiar, subvencionar ou promocionar. Entón, a pregunta é se vai valer calquera, aínda que non teñan a súa sede en Galiza, aínda que non garantan nin promovan o uso do galego na intelixencia artificial, aínda que non presenten nin o máis mínimo grao de sustentabilidade, aínda que non poidan marchar de Galiza ao pouco de recibir unha subvención pública da Xunta. ¿Que vai pasar con todos estes casos?

Á fin ao cabo, aquí o único que se propón legislar no mundo empresarial son todos os beneficios que as empresas poidan ter da Xunta. Vale, moi ben, pero en ningún caso se legisla sobre os deberes que estas teñen que ter. E non é por nada, pero a ausencia de deberes ás empresas que a Xunta lles poida dar subvencións públicas vai acabar sendo a ausencia de dereitos dos galegos e das galegas, que non se van poder defender fronte a estas empresas, porque non van ter xeito de como facelo.

E isto tamén se pode observar, por exemplo, na creación do Consello da Intelixencia Artificial, que se imos á súa composición, nunha lista bastante grande, vemos que está a Xunta, as consellerías, normal, moi ben; o Cesga, evidentemente; o clúster; os colexios profesionais, evidentemente, e a patronal, evidentemente. Pero, ¿e os sindicatos? Non están os sindicatos. ¿As organizacións de defensa dos consumidores? Tampouco están. ¿A Fegamp? Tampouco está. E moitos outros que faltan. E eu entendo que esta proposta de vogais deixa ver ás claras cal é a perspectiva que ten o Partido Popular; por resumilo: está a patronal, pero non están os sindicatos, así de sinxelo.

Cambiando de punto. Neste xa non é que haxa a ausencia de ambición, é que non hai nada, é *la nada más absoluta*, que é a defensa da promoción da lingua na intelixencia artificial. Eu creo que todos e todas as que estabamos aquí —saibamos máis ou menos— temos claro que aquelas linguas que non estean nas plataformas de intelixencia artificial van saír máis débiles de aquí a uns anos; evidentemente, calquera lingua que non estea presente vai ser máis débil ca o resto.



Entón, sabendo isto, tendo claros os datos do IGE, da RAG, do Consello da Cultura Galega, do Consello de Europa e un longuísimos etcétera, ¿como me poden defender que neste proxecto de lei a única mención á defensa —digamos— da lingua sexa un sub-subapartado do artigo 2 dentro das finalidades da propia lei? Porque entón queda claro, xa non sei a quen lle van poder botar a culpa: ¿ao Bloque?, ¿ás familias?, ¿aos inmigrantes, como xa fixeron?, ¿á RAG?, ¿ao Consello da Cultura?, ¿ao IGE?

Porque é unha mostra máis de que non queren normalizar a lingua galega. Porque calquera Goberno normal de calquera país, fose cal fose o Estado ademais da lingua do seu país, defendería a lingua do seu país; pero máis no momento, no contexto constatado que está a vivir a nosa lingua, que non haxa nin un mínimo esforzo extra para poder defender a nosa lingua é altamente decepcionante. (*Aplausos.*) E era difícil, ¡eh!, porque ten mérito, porque van bastantes. Era bastante difícil porque despois de votar en contra de usar o galego no Congreso, no Parlamento Europeo, despois do Decreto do plurilingüismo, despois de prohibir dar materias na lingua do noso país, da Lei da CRTVG e dos interinos e interinas que non teñen que saber o galego para traballar para a Administración pública; despois diso, seguir sorprendendo, a verdade, é que ten mérito, pero sempre o conseguen.

E o máis gracioso —por poñerlle unha palabra, digamos— é que, aínda despois deste proxecto de lei e de cada noticia que sae cada día, teñen o rostro de seguir aludindo a un pacto pola lingua. ¿Que pacto? É que xa non sabemos se é preferible que non se movan, que sexan estáticos e estáticas, porque nos últimos meses todas as accións que fixeron a respecto da normalización lingüística foron para restarlle espazo á nosa lingua; alí onde estaba a lingua, en moitos sectores nos que estaba a lingua, xa non está ou xa non vai poder estar. Dende o BNG imos volvérllelo repetir: no pacto imos estar, pero coa liberdade para o galego como bandeira e non coa imposición do castelán. (*Aplausos.*)

E, por último, porque poderíamos falar de moito máis, está a nivel creativo —xa o adiantou tamén o compañeiro do Partido Socialista— o tema da propiedade intelectual. Eu sei que a propiedade intelectual sempre se viu ameazada de moitos xeitos en cada época coas súas características, pero quizais pode que no día de hoxe estea máis ameazada ca nunca. Estamos nuns tempos nos que a IA escribe libros, nos que a IA fai cadros, incluso pode facer películas, nos que hai xente subindo douscentos libros feitos con IA ao día a Amazon para gañar ingresos pasivos. E é moi sinxelo, iso pódeno comprobar. Soamente teñen que poñer: gañar diñeiro libros dixitais, intelixencia artificial ou algo así no buscador que prefiran. E ao momento poden ver como lles saen centos de vídeos ao estilo de «*Gana 10.000 euros al mes vendiendo libros digitales con ChatGPT y Google Books*». Non fagan caso, isto é soamente para que o comprobén.

Neste momento ademais que estamos a vivir, vemos a un Partido Popular que, polo menos, ata o de agora non viu necesario regular a propiedade intelectual, e, sobre todo, é algo inentendible, por exemplo, co momento que está a vivir o sector do libro galego, que, entre moitos outros, é a estocada que lle faltaba.

Para ir rematando: a intelixencia artificial non é un ser humano, a intelixencia artificial son algoritmos matemáticos que poden facer moito ben, e témolo claro; dende o BNG témolo



clarísimo: poden facer moito ben e deben facer moito ben, pero que poden facer moito, moito, moito mal.

Dende o Bloque Nacionalista Galego temos claro que queremos dotar este país dunha lexislación ambiciosa, específica, garantista, que asegure que todas as vantaxes que ten a intelixencia artificial, que ten moitísimas, cheguen á cidadanía e estean amplamente supervisadas e rexidas polos criterios éticos, humanos, de respecto á nosa lingua e cultura e mais de reforzo da igualdade entre homes e mulleres. É dicir, o que lle pedimos a calquera outra lei, sexa do tipo que sexa.

Vostedes, señorías do Partido Popular, teñen que escoller se prefiren legislar para os galegos e galegas ou se prefiren legislar para os Musk, Zuckerberg, Bezos, Altman ou Cook, que todos son milmillonarios, todos son homes, todos estiveron na investidura de Trump e todos son de ultradereita.

E xa para rematar, pregunteille —non a ChatGPT, pregunteille a DeepSeek, neste caso, para ir cambiando un pouco— cal debería ser a posición que debería defender o Bloque Nacionalista Galego na intelixencia artificial. Isto foi hai nada, ¡eh!, e dixo —literalmente leo—: «O BNG defendería que a intelixencia artificial debe ser unha ferramenta para o progreso de Galicia, non unha ameaza para os nosos dereitos ou a nosa identidade». Non ía desencamiñada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor Castro.

Antes de seguir saudamos as alumnas e os alumnos, e o profesorado de terceiro e cuarto de ESO do Divino Maestro de Lugo.

E agora a quenda para os grupos non emendantes.

(*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

O Grupo Mixto non intervén.

Polo Grupo Parlamentario do Partido Popular ten a palabra o señor García Comesaña.

**O señor GARCÍA COMESAÑA:** Moitas grazas, presidenta.

Moi bos días, señorías.

O que estamos a debater hoxe, efectivamente, é o proxecto de lei para desenvolver e impulsar —unha palabra que parece que non se escoitou moi ben— a IA en Galicia. Unha norma que, como ben dixo o conselleiro, ten dúas prioridades. Eu voulle dar a volta, por se así se entende mellor.

A primeira é asegurar os beneficios que poden obter con esta nova tecnoloxía os cidadáns e o noso tecido produtivo. Uns beneficios que se viron amplamente contrastados despois da





pandemia, cando o ritmo de incremento exponencial da tecnoloxía nos está levando todos os días á situación que estamos a ver e que non hai máis que ver os medios. Hoxe estase a celebrar en París o Congreso Mundial de Intelixencia Artificial, en Galicia hai unha intelixencia artificial, e as noticias, as económicas e as de todo tipo, teñen que ver con esta tecnoloxía.

Pero, como ben dicía o conselleiro —repito— queremos facelo garantíndolles aos galegos e ás galegas os seus dereitos, señor Castro. Esta é unha premisa fundamental desta lei. Dúas premisas: usar os beneficios da IA para os cidadáns e para o tecido produtivo, pero facelo dun xeito seguro, garantindo os dereitos. ¿Non sei que parte disto non se entende? Ao mellor, se llo pregunta a ChatGPT ou a calquera propia ferramenta explícallo mellor que ler a lei, porque, se lera a lei, ao mellor xa o tiña claro. O que pasa é que creo que perdeu moito tempo recorrendo ás plataformas. *(Aplausos.)*

Este —como digo— é o obxectivo da lei, nada máis e nada menos que este. Neste contexto no que vivimos, onde non temos que insistir —insisto— no significativo avance que supón a IA, vaise ofrecer á cidadanía un marco xurídico estable, que lles dea confianza e certeza, que estou seguro que é o que nos piden os galegos e as galegas. Ao mellor non o ChatGPT, pero os galegos e as galegas pídennos certeza. Miran o que está pasando en todo o mundo con estas tecnoloxía e dinnos, obrígnanos a que lles deamos certeza e seguridade. E diso vai esta lei, señor Castro e señor Abalde.

Un proxecto que impulsa e fai seguro dentro das nosas competencias —un pequeno detalle sen importancia: as competencias da Comunidade Autónoma— o uso desta tecnoloxía para ofrecer mellores servizos á cidadanía. A cidadanía o que quere é facer unha solicitude e que en pouco tempo teña o resultado. Iso é o que busca a cidadanía. E insisto: quéreo facer de xeito seguro.

Eu quero tamén referirme a ese estudo do ano 2023, porque parece que isto foi unha cousa de, por unha banda, levamos moito tempo, tardamos moito, pero, por outra banda, parece que o fixemos a correr. Pois, efectivamente, falaba o conselleiro dese estudo sobre o marco ético e normativo e o potencial de impacto da intelixencia artificial que se fixo en Galicia no ano 2023, por persoas nada sospeitosas, como Santiago Lago e Alberto Vaquero, da Universidade de Vigo, como María Isabel Novo, José Andrés Faiña e Amparo Alonso, da UDC —señor Abalde— ou Luis Míguez, Alberto Bugarín ou Luis Otero, da USC. Profesionais de prestixio que cada un no seu ámbito corroborou uns detalles sen importancia:

Primeiro. Que hai marxe para que as comunidades autónomas reforcen os obxectivos da lei da Unión Europea. Teño que dicirle que a norma europea regula os sistemas de alto risco e a lei galega regúlaos todos, unha pequena diferenza tamén. Ben —como digo—, estes expertos din que Galicia pode e debe reforzar ese obxectivo.

Tamén din que Galicia pode regular a utilización no sector público autonómico, porque aquí falamos de dereitos de autor, esta é unha lei para o sector público autonómico. É que eu creo que non a leron, creo que sinceramente non leron a lei.



E tamén é posible a introdución de especificacións xerais exixibles a toda aplicación, incluídas as deses magnates que vostede dixo, todas. A todas as aplicacións que se utilicen en Galicia pódenselles exixir esas especificacións, sexan aplicacións para outros servizos, para que se adquiran pola Administración autonómica galega ao sector privado. Está perfectamente regulado o que se lles pode exixir a esas compañías.

E, despois, confirman estes expertos que Galicia ten a capacidade de desenvolver esa política propia de fomento e desenvolvemento desas tecnoloxías, como, por outra banda, todo o mundo sabe que leva Galicia facendo moitos anos.

Neste contexto teño que dicir que resulta decepcionante escoitar a portavoces de partidos que se lles presupón serios dicir que esta lei se presentou con moita présa e pouco traballo detrás. Teño que recordarlle a este grupo parlamentario, neste caso ao Partido Socialista, que este proxecto se lle presentou en xullo do ano pasado. En xullo do ano pasado presentóuselles este proxecto aos grupos parlamentarios, explicóuselles non con luz e taquígrafos, pero con total transparencia, exactamente o contido desta lei. Entón, ¿como se pode falar de á présa e correndo?

E, por outra banda, evidentemente, este estudo é do ano 2023, do que supoño que teñen coñecemento.

Resulta curioso escoitar declaracións como que a lei é curta e non é ambiciosa. Pois ben, parece que as institucións europeas non opinan o mesmo. Nun recente estudo sobre adaptación da intelixencia artificial coas administracións locais e rexionais, elaborado polo nada sospeitoso Comité Europeo das Rexións e publicado o 28 de xaneiro deste mesmo ano, hai uns días, destácase este proxecto de lei que hoxe debatemos como «unha iniciativa que destaca polo seu carácter innovador e potencial goberno desta tecnoloxía». A norma que hoxe discutimos aquí é citada once veces nese informe; un informe que non é galego, nin español, é da Unión Europea, e cítano once veces. Dende logo, señor Abalde, logo pásolle unha copia deste informe porque así non poderá dicir estas cousas. *(Aplausos.)*

Señores do Partido Socialista, creo que máis alá do acto de propaganda seu, ese si que foi de propaganda, non entenderon nada do extraordinario e innovador desta norma, do traballo previo, que, efectivamente, falaba vostede das persoas da Amtega que nos acompañan, de todo o persoal da Amtega, que leva moitísimo tempo —e vostede sábeo moi ben— traballando no desenvolvemento desta lei.

E a verdade é que como fixo o conselleiro eu quero insistir na motivación que levou a esta lei. El falaba do informe da OCDE do 2019, non vou repetilo. Falaba da petición deste Parlamento de abril de 2023, de desenvolver de xeito eficaz e seguro esta ferramenta.

Falaba da AESIA. Claro, é que parece que a AESIA é unha cousa que pasaba por alí. A AESIA —como todo o mundo sabe— tivo o apoio indubidable do Goberno de Galicia, tamén das universidades, pero indubidable. Non, señor Abalde, non engurre o cello porque tivo o apoio indubidable de toda a Xunta de Galicia. E a AESIA está aí, entre outras cousas, porque a Xunta de Galicia apoiou que estivese aí.



Di vostede que non artella ningún tipo de mecanismo de colaboración ou participación na actividade da AESIA. ¿Vostede leu o artigo 37, dedicado especificamente á colaboración coa AESIA?

Vostede estaba aquí hai unhas semanas cando debatemos neste Parlamento cal tiña que ser a relación da AESIA coas comunidades autónomas, e sabe perfectamente a postura do Goberno galego sobre esa relación.

Eu espero que o director da AESIA teña mellor actitude ca vostedes. E teño que dicir por certo que a relación coa AESIA é excelente, dende logo moito mellor —polo que se ve— que co Grupo Socialista.

E logo unha cuestión non menos importante: hai un compromiso electoral. No programa electoral do Partido Popular figuraba o desenvolvemento desta norma. Eu supoño que moitos partidos non están acostumados a facer o que prometen nas eleccións, pero este partido si que fai, e este é un compromiso electoral. (*Aplausos.*)

Eu quixera reforzar algúns aspectos que xa comentou o conselleiro, pero que me parecen moi importantes:

Esta lei asegura a supervisión humana daqueles procedementos que así o necesiten. É dicir, cando a Consellería de Sanidade ou a Consellería de Educación determinen que ten que haber supervisión humana nun procedemento no que está a intelixencia artificial, esta lei garánteo. Isto supoño que tampouco o leu, señor Castro, pero está na lei. Hai unha garantía de supervisión humana naqueles ámbitos que se establezan.

Tamén unha cuestión non menos importante: ten que haber un rexistro de todas as ferramentas de IA que utiliza a Administración galega.

Tamén ten que haber unha marca. Ás veces nalgunha aplicación cando un borra unha imaxe, despois aparécelle unha etiquetiña que di: «Intelixencia artificial». Pois iso van ter todos os galegos cando interaccionen coa Administración pública galega e unha ferramenta de intelixencia artificial actúe, van sabelo, van poder sabelo. A min paréceme que é unha cuestión non menor. Por suposto, todos os dereitos das persoas a seren informadas de que esa intervención se está facendo.

Por suposto, ese informe de prevención de riscos. A min paréceme fundamental que calquera consellería que queira desenvolver un concurso de intelixencia artificial teña que facer ese informe de avaliación de riscos.

Por suposto, esa oficina de intelixencia artificial, esa comisión estratéxica, que leva ademais tempo traballando aínda que non sexa de maneira formal. Cando hai dous anos o Sergas empezou a utilizar IA nas urxencias estivo falando con esta comisión que —insisto— agora se consolida.

Polo tanto, eu creo que todo o que recolle especialmente —quero insistir— na formación e na capacidade do persoal da Administración pública autonómica son aspectos fundamentais desta lei. E eu creo que hai que seguir destacándoo.



Temos que recordar ademais, como facía o conselleiro, que a Xunta conta cunha traxectoria destacable no desenvolvemento das tecnoloxías intelixentes. Estamos como ben dicía o señor Abalde a desenvolver esa Estratexia de intelixencia artificial ata o 2030. É que non sei que se pode criticar. Estamos na metade. E precisamente xusto na metade o Goberno galego trae unha lei para regular algúns dereitos que estamos comentando agora. Pero é que dentro desa estratexia apostou pola ubicación en Galicia da sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial. E toda a relación coa Unión Europea neste contexto está neste marco. Polo tanto, creo que non hai ningunha dúbida dese apoio da Xunta de Galicia á intelixencia artificial.

E ademais somos unha das comunidades autónomas que posúe, e así o corroborou o Ministerio ao escoller Galicia para a AESIA, un ecosistema fortalecido arredor da ideación, do desenvolvemento e a demanda de intelixencia artificial; capaz —como digo— de atraer esa sede.

Vou falar agora brevemente dalgunhas cuestións das emendas á totalidade. Xa falaremos —espero— das emendas parciais, das que vostedes presentaron bastantes; cousa que supoño que significa que si que queren colaborar na mellora da lei, que é o que nos anima a todos.

Por unha banda, esa relación deste proxecto de lei co Regulamento europeo. Ben, está clarísimo que o Regulamento europeo establece un marco xurídico xeral aplicable a todos os operadores públicos, pero, evidentemente, tamén o dereito europeo parte do principio de autonomía organizativa e procedemental. É dicir, outorga a cada un dos Estados membros liberdade para organizarse e aplicar a execución e o réxime xurídico que consideren oportunos. É por iso que a Comunidade Autónoma non é que poida, é que está obrigada constitucionalmente polo artigo 103 a disciplinar a súa propia organización e procedementos dirixidos a ordenar o emprego de sistemas de intelixencia artificial para a consecución dos fins que lle son propios á Comunidade Autónoma de Galicia. É obrigatorio regulalo.

Sobre os dereitos da cidadanía e a súa garantía. O proxecto de lei contempla oito concretos dereitos no campo da información, garantir a igualdade e tutela, que son as principais, aínda que non son as únicas concrecións dos principios que inspiran a lei. Trátase dun *numerus apertus* de dereitos. Pero non só iso, senón que tamén contempla novos mecanismos para que os cidadáns exerzan eses novos dereitos, como son a posibilidade de actuación colectiva ou a previsión de garantas específicos no cumprimento dos dereitos, que son os comisionados de intelixencia artificial.

Nós alegrámonos moito de que nos faga unha proposta, señor Abalde, de que os comisionados sexan os delegados de protección. É que o van ser; son as persoas que máis coñecen probablemente ese contorno e vanse converter. Pero unha cousa é a Lei de protección de datos e outra cousa é a Lei de impulso e desenvolvemento da intelixencia artificial; son dúas cousas. A xente pode facer dúas funcións, non fai falta que teña que escoller só unha. E nós cremos que os delegados de protección de datos son as persoas máis acaídas para, coa formación correspondente, convertese en comisionados.

Sobre a capacidade de organización e de planificación non vou pararme demasiado.



E sobre as medidas de impulso, como en todos os sectores no ámbito de fomento, e neste caso da IA, corresponde á lei unha expresión de vontade de interese xeral desas liñas de actuación e instrumentos que se van empregar. Pero non se debe ir máis aló. Na lei non poden figurar especificamente os detalles dese impulso. Iso creo que corresponde á Administración a través dos mecanismos propios, regulamentos ou actos, de xeito que se garante esa axilidade e a estabilidade necesaria e cambiante da realidade social.

Remato a miña valoración da emenda da totalidade do Partido Socialista dicíndolle que hai unha comunidade autónoma aquí ao lado, pegada a nós, Asturias, gobernada polo Partido Socialista, que acaba de presentar unha lei exactamente igual a esta, exactamente igual, señor Abalde; supoño que tamén lle dirán vostedes que é curta e pouco ambiciosa. Nós cremos que non, que é unha boa lei como é a nosa.

E respecto da emenda do Bloque Nacionalista Galego, vou tratar de ser moi sinxelo. Os dereitos lingüísticos da cidadanía xa se atopan garantidos no marco xurídico actual. Supoño que iso o sabe todo o mundo, ¿ou non? Vostedes pensan que o galego non está garantido en Galicia; esa é a súa opción maior. Nós cremos que están garantidos. Pero por se fora pouco, nada, nun artigo pouco importante, o artigo 2, «Finalidade» da lei —artigo 2, señor Castro, non o 67, que tamén é importante; por certo, o 67 regula os *sandboxes* e os mecanismos que dicía o señor Abalde que non atopaba, no 65 resulta que están regulados—, pero no 2, nada máis nin menos no 2, apartado g), a lei establece como unha das finalidades concretas da lei o seguinte: «Garantir o uso normal da lingua galega nos procesos de desenvolvemento de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral. Insisto: «garantir». E, por outro lado: «potenciar o desenvolvemento de sistemas de intelixencia artificial en modelos de intelixencia artificial de uso xeral en galego».

¿Que máis hai que poñer na lei, señor Castro? ¿Que máis hai que poñer para a defensa do galego, señor Abalde? ¿Non é suficiente?, ¿non é suficiente que no artigo 2, «Finalidade» da lei, se diga claramente isto? Eu creo que si. (*Aplausos.*) Sen entrar no que obriga o Estatuto de autonomía, no que obriga a Lei 4/2019, de administración dixital de Galicia; sen entrar no que di a Lei 3/1983, de normalización lingüística de Galicia, ou sen entrar no que di a Lei do 2015 do procedemento administrativo común de administracións públicas. Teño claro que os dereitos están totalmente garantidos.

Polo tanto, eu o que teño que facer aquí é dicir que no caso do galego, atendendo á nosa visión integradora do ordenamento xurídico vixente, non se comparten esas críticas recibidas, e resulta improcedente a regulación explícita dun dereito xa recoñecido e garantido pola normativa vixente, alleo completamente ao que regula este decreto. Pero tranquilos, señor Castro, señor Abalde, está contemplado no proxecto.

E eu teño que dicir que, por suposto, esta lei é unha lei que ten melloras, ten capacidade de ser mellorada; abrimos o período de debate en breve, mañá mesmo se é posible, e seguiremos mellorando os artigos. Pero creo que a cuestión de que esta lei é pouco ambiciosa e curta ten que permitirme, señor Abalde, que non estou en absoluto de acordo; xa lle digo: se non, a ver que opina vostede da asturiana. E señor Castro, estea tranquilo, que o galego está totalmente garantido nesta lei.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

En primeiro lugar, ten a palabra o señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Señor García Comesaña, eu esperaba que a resposta á miña intervención hoxe aquí fose con base no que dixen hoxe aquí, non en roldas de prensa anteriores. Polo tanto, busque algunha das palabras que vostede di que eu dixen e verá como no discurso non están.

Efectivamente, nós consideramos que esta lei é pouco ambiciosa. Si, si, é pouco ambiciosa, porque había cuestións que se poderían poñer na lei dunha forma moitísimo máis explícita; non é soamente que se cite, senón que despois haxa medidas específicas para levalo a cabo.

E a min dáme igual que a lei asturiana sexa dunha forma ou doutra, a min o que me interesa é que Galicia teña a mellor lei. E, polo tanto, eu o que non entendo é a présa para regular esta normativa; ao mellor, o feito de que Asturias presente a lei é un acicate para que Galicia sexa a primeira; é que iso é ao mellor o que se pretendía: ser a primeira. E, polo tanto, eu creo que habería a posibilidade de facer unha lei máis ambiciosa nese aspecto, é o único que lle reclamamos.

Por suposto, non dubidamos e, por suposto, non me pode dicir que a Estratexia de intelixencia artificial, que ten dez anos de vixencia, no quinto ano non se pode facer unha valoración de como vai evolucionando esa estratexia, e incluso facer unha modificación. Vostede e mais eu comprometémonos cando discutimos o tema da AESIA a que se fixese unha modificación desa Estratexia galega de intelixencia artificial, ¿onde está? Non está. Pero ao mellor era bo ter eses datos antes de poñer esta lei enriba da mesa.

No caso do galego, si, faise unha declaración de intencións no artigo 2, ¿e despois hai algunha medida específica para poñer ferramentas, para os desenvolvedores, para as empresas, para a sociedade en xeral, para que utilicen o galego nas ferramentas? Non, non a hai. E ese era o momento de poñelo, porque noutros casos si que se poñen. Igual que no caso que vostede comenta dos *sandboxes*; claro que están recollidos, pero están recollidos para a nosa cuestión dunha forma non moi detallada.

E fala da AESIA, o artigo 37, claro que o lin, ¿que di? Colaboración e intercambio de coñecementos. Faltaría máis, porque o representante de supervisión do Estado español na Unión Europea é a AESIA. ¿E por que non establecen mecanismos dentro desta propia lei para que haxa funcións que sexan desenvolvidas pola AESIA? Non, non, o que di textualmente: «para intercambiar coñecementos e experiencias», non para colaborar na aplicación dese tipo de cuestións.

Polo tanto, hai determinadas cuestións e determinadas ferramentas que se poden facer, hai cousas que se poden resolver doutro xeito. Por exemplo, o Regulamento europeo establece



que os Estados, por suposto, as comunidades autónomas, poden establecer unha carta de dereitos dixitais. O Estado español acaba de publicar agora unha delas e acaba de crear un Observatorio dos Dereitos Dixitais, de intelixencia artificial. Observatorio, por certo, onde hai unha universidade, que non é a da Coruña, que é a de Santiago, que participa nese observatorio. Polo tanto, hai coñecemento directo. ¿Por que non se establecen eses mecanismos dentro da propia Estratexia de intelixencia artificial e dentro desta lei, precisamente para crear esa carta de dereitos e sistemas para facer ese seguimento do cumprimento deses dereitos? Esa é unha idea, esa é unha cuestión que se pode facer.

E cando dicimos, que tanto lle afectou, de pouco traballo, por suposto, non nos estamos referindo aos traballadores da Amtega; é unha cuestión de traballo político, que o ten que facer a Xunta de Galicia correspondente.

Polo tanto, nós aquí estamos intentando precisamente non negar a necesidade e a posibilidade de que haxa unha lei, pero si que cremos que pode haber unha lei distinta a esta, unha lei que mellore aínda máis esas condicións, unha lei que cubra os ocos, que non están; vostede mesmo o acaba de dicir. É dicir, o Regulamento europeo regula os incumprimentos graves, creo que moi graves dos dereitos, ¿e os outros? Vostedes simplemente sinalan nesa lei que eses son os dereitos que están. E como hai as contrapartidas, ¿quen é o órgano responsable de facer que ese seguimento se cumpra? Porque establecen o comisionado de intelixencia artificial para resolver as reclamacións que poden presentar os usuarios das ferramentas de intelixencia artificial da Administración, e os que non son da Administración, ¿como fan?

E despois hai outro tema que a min me parece moi importante. Vostedes plantexan aquí unha serie de cuestións de datos, que ten que ver co que comentaba o representante do BNG, co tema dos dereitos de autor. ¿Vostedes son conscientes de que para que o representante do BNG fixera estes estudos en ChatGPT e noutros sistemas aí, á parte de datos, houbo que poñer creacións literarias?, ¿que as bases de datos onde están aprendendo os sistemas de intelixencia artificial moitas delas están protexidas por dereitos de autor? ¿Contempla a Comunidade Autónoma recoller e exixir a todas aquelas ferramentas e aqueles sistemas de aprendizaxe de intelixencia artificial que se respecten eses dereitos de autor e se aboan eses dereitos de autor?

Se queren facer dereito comparado, temos Noruega. En Noruega están facendo un desenvolvemento similar de ChatGPT utilizando precisamente o noruegués, que é un idioma exclusivo de alí, e o Estado noruegués exixe un pago como compensación aos dereitos de autor. ¿Vostedes estanos pedindo? ¿Vostedes están utilizando aquí, en Galicia, as bases de datos de produtos culturais, audiovisuais, sonoros...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** ...escritos para a aprendizaxe? ¿Están reclamando eses dereitos de autor? Porque eses autores tamén son galegos, e moitos deles viven precisamente desa produción literaria, desa produción artística. Polo tanto, hai dereitos que non están recollidos e hai dereitos que, aínda que estean recollidos, non hai sistemas que permitan garantir que eses dereitos se están cumprindo.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Esperen un segundiño que estamos na época do catarro e as gorxas sofren un pouco. Aproveito para dicir que a xente se vacine sempre que poida, xa que estamos.

A primeira, evidentemente, se nós emendamos isto e moito — como dixó vostede, señor Comesaña — é porque cremos nesta lei e porque a queremos mellorar. Chamámoslle pouco ambiciosa, porque consideramos que regular só a acción da Administración pública queda curto, sobre todo cando vimos os efectos negativos que a utilización da intelixencia artificial pode ter, e estámolo vendo a diario en calquera rede social e en calquera sector empresarial etcétera.

¿Regular a Administración pública? Por suposto. Pero se quere, aplaudímoslle, de verdade, e estamos moi de acordo, evidentemente. ¿Por que? Porque un uso correcto da intelixencia artificial na Administración pública pode facer a propia administración máis áxil e que a vida da xente sexa máis cómoda e mellor; para iso estamos aquí todos e todas, eu creo. Pero chegar ata aí cando estamos vivindo un momento histórico de *impasse*, que pode cambiar o mundo moitísimo, cando podemos chegar a regular moito máis é o que lle acusamos. Porque eu creo que a acción das empresas sobre a vida dos galegos e das galegas existe, é dicir, que as empresas fagan unha cousa ou outra sobre a vida dos galegos e das galegas pois iso existe e ten influencia, e por iso cremos que ten que estar regulado. Uns crerán que máis, outros crerán que menos, pero o que non pode ser é o *laissez faire* este absoluto, que regulemos soamente a Administración pública, e as empresas absolutamente nada.

Falou vostede de que están cumprindo o programa, e paréceme marabilloso. Logo mirei agora rápido e na páxina 137 poñían: «Impulsaremos o uso da lingua galega no ámbito da xustiza e da Administración pública». Xustiza, en menos dun por cento; Administración pública, ningunha mención ao galego, aínda por riba quitándolles a obrigaición aos interinos de teren que saber galego. (*Aplausos.*) Aí non cumpriron.

E no que representa e no que respecta á promoción e ao uso en defensa do galego, di vostede, señor Comesaña, que xa está o marco xeral, o marco legal. Moi ben. A Lei de normalización lingüística de 1983 non a cumpren. O Plan xeral de normalización lingüística de 2004 non cumpriron nin o dez por cento; jaínda se o fixesen!

Pero é que aquí hai cousas específicas que se poden regular, cousas específicas como que, por exemplo, as empresas que queiran vir traballar a Galiza con intelixencia artificial, pois se, por exemplo, promoven o uso e a presenza na intelixencia artificial dunha lingua de todos





e de todas poden ser beneficiadas, e aquelas que a promovan máis poden ser máis beneficiadas. ¿Ou aquí tamén se vai poder darlle diñeiro público a unha empresa que non o faga? Porque o dereito a que estea en galego é dereito de todos e todas, de todos os galegos e as galegas ou de calquera persoa que queira vir aquí e empregar o galego. Iso é o que se pode regular, e, se non se quere, é unha declaración de intencións. Pero non veñan con escusas de mal pagador, de que está o marco xeral, e con iso xa nos atemos. Primeiro, cumbran o marco xeral e, logo, podemos ir a máis.

Aínda, ademais, cadrou moi ben a noticia de onte á tardiña —non sei cando a viron vostedes— de que o señor Musk aínda lle ofrecía 94.700 millóns de euros a OpenAI para Altman —(Algunha señoría corrixe ao señor Castro García.) 94.600, así me gusta, dólares ou euros; está moi ben que estean informados porque é moi importante—, e aquí o que vemos é unha maior concentración da riqueza e sobre todo do poder, da influencia que poden ter uns poucos homes —recalco o de «homes»— sobre os gobernos e as administracións públicas. *A priori* dixó que non, verémolo.

Pero quero dicir que sobre isto está cambiando o mundo día a día. Ao mellor, o que regulemos hoxe dentro de seis meses vai ter que ser modificado porque isto evoluciona, isto está candente, isto cambia cada día, e por isto temos que ser ambiciosos. ¿Pódense equivocarse? Evidentemente, pero temos que ser ambiciosos porque o que non é unha opción é deixar que pase, sobre todo cando temos uns monstros enfronte moi pero que moi grandes.

Remato con iso. Nós emendamos á totalidade e fixemos moitas emendas parciais, porque cremos nisto, cremos na intelixencia artificial, cremos que a intelixencia artificial pode mellorar a vida da xente, o que non queremos é que a empeore. Creo que é sinxelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos cos textos lexislativos, co apartado 2.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal)**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para facer a presentación, ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Si, grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Hoxe, casualmente, é 11 de febreiro, que é o Día das Mulleres e as Nenas na Ciencia. É unha data ben acaída; creo que non podería ser unha data mellor para reiterar o compromiso do Bloque Nacionalista Galego coa ciencia, coa investigación e tamén e, sobre todo, cunha cien-



cia en igualdade, con dereitos para o conxunto do persoal científico e investigador, a empezar polas mulleres.

Ese compromiso foi o que nos levou no ano 2021 ao BNG a impulsar a Lei Ángeles Alvariño —lembrarán—, de igualdade na ciencia e na investigación, co obxectivo de que ningunha muller, de que ningunha nena, no futuro, teña —ou tivese— que elixir entre ser nai ou científica; unha lei pioneira que situou o noso país á vangarda na loita contra a discriminación por razón de xénero tamén no ámbito científico e investigador, e da que nos sentimos tremendamente orgullosas, porque é unha realidade hoxe publicada no *Diario Oficial de Galiza*, despois das achegas e das aportacións de todos os grupos da Cámara.

Hoxe, co mesmo espírito que daquela e cun ánimo reforzado, se cabe, volvemos traer a este pleno unha proposición de lei que defendemos nesta mesma Cámara —lembrarán— na anterior lexislatura, concretamente o 25 de abril de 2023; unha lei de país para crear a Fundación Galega para a Ciencia, coa que o Bloque Nacionalista Galego queremos facer avanzar Galiza nun ámbito que para nós e para o conxunto do país é e debe ser estratéxico, como é a ciencia e a investigación, a I+D+i. Non tivemos éxito daquela. Algunhas das persoas que están hoxe no hemiciclo facían parte desta mesma Cámara naquela lexislatura. O Partido Popular rexeitou, coa maioría absoluta, mesmo tomala en consideración e iniciar o seu trámite. Desairou e menosprezou aquela iniciativa que é, na súa literalidade, a que traemos hoxe de nove a debate, cualificándoa, como hai menos de dous anos, de «innecesaria», de «chiringuito» e de «copia e retroceso». ¡É de escándalo! Eu recoméndolle a todo o mundo que vaia ver o debate, porque... Pero o tempo pasa por todos, tamén aquí, e polas súas señorías do Partido Popular, e o que daquela o PP rexeitaba con fervor, agora anúnciao como medida estrela.

Rectificar é de sabios, e hoxe o que lles damos é a oportunidade de rectificar e acertar, porque acertan cando rectifican admitindo a trámite esta proposta que leva o logotipo do Bloque Nacionalista Galego, pero que é o resultado dun traballo colectivo de varios anos no que participaron os centros e grupos de investigación universitaria de Galiza e o persoal investigador que traballa e desenvolve a súa carreira profesional no noso país.

Esta Lei de creación da Fundación Galega para a Ciencia —que no BNG demos en chamar Innogal— quere dotar o noso país dunha ferramenta nova e útil para o ecosistema investigador galego; dunha ferramenta que permita avanzar a I+D+i feita en Galiza en dous planos: o primeiro, nunha carreira investigadora completa, estable e digna que permita reter, atraer e retornar o inmenso talento investigador que temos, un organismo que promova a produción científica galega en todos os ámbitos, tanto básica como aplicada, desde os primeiros chanzos até a excelencia; e o segundo, en avanzar nunha planificación integral e estratéxica da I+D+i que garanta apoio constante e transversal á ciencia feita en Galiza, máis aló de lexislaturas e de gobernos, dotando de continuidade e, sobre todo, de estabilidade orzamentaria as políticas en materia de ciencia e investigación.

Dito doutra maneira: con esta proposición de lei desde o BNG queremos construír un gran pacto galego pola ciencia, como leva tantos anos reclamando o ecosistema investigador do noso país. E cremos, ademais, que é agora o momento de facelo; xa o era no ano 2023, pero



aínda estamos a tempo. Agora é o momento, en primeiro lugar, polo contexto no que nos atopamos. Acaba de debaterse agora mesmo o Proxecto de lei da Xunta de Galiza en materia de intelixencia artificial. Son enormes os cambios que se están producindo no día de hoxe arredor noso, tanto no ámbito tecnolóxico e dixital como no enerxético, no climático, no biomédico e no industrial. Nese contexto, Galiza ten que dotarse de ferramentas que fortalezan a nosa posición como país, para abordar desde nós, partindo das nosas capacidades e potencialidades, que son inmensas, partindo da nosa propia realidade, todas esas mudanzas. Porque iso vai fortalecer a nosa posición de país e tamén a soberanía de Galiza fronte a un país cada vez máis dependente do coñecemento que se produce noutras latitudes.

E, en segundo lugar, porque o ecosistema investigador galego está en proceso de desenvolvemento; é hoxe máis maduro do que era e está mellor preparado para dar ese salto adiante que necesita, para impulsar ese enorme potencial, se somos quen de achegar, de artellar novas ferramentas ao seu favor.

En Galiza contamos con tres excelentes universidades públicas que fan un enorme esforzo cada día por seguir producindo coñecemento, transferindo coñecemento, e formando xeracións e xeracións de galegas e galegos. Temos unha ducia de centros de investigación traballando arreo e ao máis alto nivel, competindo ao máis alto nivel. Contamos con importantes centros tecnolóxicos en sectores económicos e produtivos estratéxicos e, sobre todo, temos un persoal científico e investigador que representa o principal valor da I+D feita en Galiza; persoas de enorme talento que, con grande esforzo e moitas dificultades, fan medrar o noso país, sitúan Galiza no panorama internacional e contribúen a desenvolver social, económica e culturalmente a sociedade galega.

Partindo diso, dese enorme orgullo que estamos convencidas desde o BNG que compartimos o conxunto de forzas desta Cámara, dese enorme orgullo que sentimos polo ecosistema investigador deste país, estamos convencidas de que esta Lei de creación da Innogal é un impulso, o impulso realmente que precisa a I+D galega para seguir avanzando e situarnos a carón dos mellores.

E hai marxe, hai marxe de mellora. Malia o incremento investidor dos últimos anos, Galiza sitúase aínda por baixo da media do Estado en I+D+i en relación co PIB, segundo os últimos datos do IGE —que son provisionais, pero que estamos seguras de que se consolidarán—. Galiza está no 1,25 por cento do investimento en I+D+i a respecto do produto interior bruto; fronte ao 1,49 por cento do Estado e fronte ao 2,3 por cento da Unión Europea. Hai marxe para seguir cun investimento constante e cun esforzo orzamentario á altura das necesidades do ecosistema investigador galego de situar Galiza nese horizonte Europa que xa se fixaba o marco comunitario como obxectivo prioritario para 2027-2030, que é o que cremos que debe facer o noso país.

Galiza tampouco conta no día de hoxe cunha carreira investigadora completa. Trouxemos ao inicio desta lexislatura desde o BNG unha iniciativa nesta materia. Hai ocos, hai baleiros que xeran inestabilidade, sobre todo incertezas no ámbito da I+D+i. Precisamos, polo tanto, acabar, completar esa carreira investigadora, abranguer todas as etapas, desde a formativa á de consolidación, porque o contrario, seguir como estamos, lastra as posibilidades e opor-



tunidades de reter o talento que formamos en Galicia e, sobre todo, lastra tamén as oportunidades de captar talento fóra.

Desde o BNG temos o convencemento de que podemos dar un gran salto adiante se somos quen desde a política —e é o que hoxe ofrecemos a esta Cámara— de estar á altura do momento e das necesidades do país, non só do ecosistema investigador. Cando falamos da ciencia, do coñecemento e da investigación, falamos dun sector produtivo e estratéxico que os atravesa a todos, que debe ser o gran motor de modernización; esa panca de desenvolvemento do tecido produtivo e económico de Galiza.

Por esa razón traemos hoxe aquí esta proposición de lei para crear esa Fundación Galega para a Ciencia —que nós, insisto, chamamos Innogal— como ferramenta clave para sacar todo ese potencial adiante; un organismo público concibido para que as persoas investigadoras e todos os axentes que conforman o ecosistema galego de I+D+i poidan contribuír á xeración de coñecemento, impulsando tanto a ciencia básica como a aplicada, tecendo sinerxías e procurando unha xestión máis eficaz e eficiente tanto dos recursos económicos como dos humanos e materiais.

Desde o BNG queremos poñer as persoas no centro das políticas —e niso estamos afanadas nos últimos anos— en materia de ciencia e investigación, promovendo as condicións laborais necesarias para reter ese persoal investigador tan importante que se forma cada ano en Galiza, pero tamén captando talento de excelencia e permitindo vías de retorno para aquelas persoas que se viron obrigadas a desenvolver a súa carreira investigadora fóra de Galiza, pero que queren traer toda esa experiencia, todo ese coñecemento adquirido ao longo dos anos, para poñelo ao servizo deste país.

En definitiva, a creación da Fundación Galega para a Ciencia procura introducir nas políticas públicas de I+D+i unha visión integral, converténdoa nun elemento dinamizador do ecosistema investigador galego e, sobre todo, impulsando a cooperación entre os centros e grupos de investigación públicos as tres universidades públicas galegas, os centros tecnolóxicos de Galiza e o tecido produtivo do noso país.

É unha ferramenta útil para desprezar un programa forte e ambicioso de retención de captación e retorno de talento, mais tamén para deseñar e planificar unha política de I+D+i integral, promovendo a igualdade de xénero e o coñecemento como o que é: un ben común ao servizo da sociedade galega.

Todo, por suposto, coa debida transparencia e os necesarios mecanismos de control público, como aparece recollido no seu articulado. Para o BNG, cando dicimos que a I+D+i debe ser estratéxica, que sen ciencia non hai futuro e que sen investigación non hai ciencia, no primeiro no que pensamos é nas persoas que investigan. Podes ter —diciámolo en 2023 e reiterámolo con máis convencemento aínda hoxe— os mellores centros de investigación, as mellores máquinas, toda a tecnoloxía e as novas ferramentas dixitais que, sen persoas que fagan investigación, non tes nada. E hai que coidalas, hai que darlles condicións de traballo dignas, hai que garantirlles estabilidade laboral e contornas laborais que sexan estimulantes e motivadoras. E para conseguilo, o primeiro é ter a tranquilidade dun contrato de traballo e un salario estables.



Hoxe, coa man tendida a todo o arco parlamentario, pero sobre todo ao conxunto da sociedade galega, como tendemos en 2023, traemos de novo esta lei con ese ánimo, o de converter a ciencia, a investigación e o coñecemento no gran motor que impulse e que mova Galiza.

Por iso hoxe, como daquela, pero, se mo permiten, despois de tanto anuncio pomposo, agardamos contar co voto favorable —agora si— de toda a Cámara.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

(*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

O voceiro do Grupo Parlamentario Mixto renuncia á súa intervención.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas parece que vai intervir o señor Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Bos días de novo.

Estamos hoxe aquí discutindo unha proposición do BNG de creación dunha fundación, que é consecuencia, precisamente, dos cambios producidos pola propia Xunta de Galicia, onde, digamos, neste momento, hai unha multiplicidade de unidades administrativas que están responsabilizándose da ciencia e da investigación e, polo tanto, iso xera —ademais do anuncio da proposta desa nova fundación de impulso á I+D+i— todos estes problemas.

Nós pensamos que a solución non pasa por poñer parches a esta Lei galega de fomento da investigación e da innovación do 2013, senón que despois de case doce anos creo que é o momento de facer unha nova lei; iso creo que é fundamental, sobre todo porque creo que todos temos que estar convencidos de que o futuro de Galicia pasa polo coñecemento, pasa pola investigación, pasa polo desenvolvemento, e iso só é posible se temos un sistema —un ecosistema que din algúns— de investigación e desenvolvemento ben articulado, ben organizado e, sobre todo, estable, estable no tempo.

Polo tanto, creo que acaba de facer un anuncio a Xunta de Galicia do novo Plan galego de I+D+i, que ten única e exclusivamente tres anos de vixencia. Iso para a investigación é absolutamente increíble. ¿Por que? Porque supón que proxectos, programas de investigación, proxectos e programas vitais de desenvolvemento da carreira investigadora estean ao albur de que se poñan de acordo ou de que se manteñan determinadas liñas e determinados sistemas.

Polo tanto, nós o que propoñemos é que se faga unha reforma completa, pero antes desa reforma propoñemos, ao igual que comentaba a representante do BNG, que inicialmente entre todas as forzas parlamentarias que están neste Parlamento e, por suposto, cos distintos axentes que están no sistema, se firme un pacto galego pola ciencia e pola innovación, un



pacto que estea fóra do debate político, que estea protexido desde o punto de vista incluso do financiamento e da progresión do financiamento, para que non estea afectado polos vaivéns económicos que poidan dar lugar á situación económica cambiante que sempre temos. Os países máis desenvolvidos, como, por exemplo, Alemaña, estableceron un pacto no momento da crise anterior nos anos 2010 e 2012, un pacto entre todas as forzas políticas, de forma que a ciencia estaba fóra do debate político.

A propia Cataluña, en situacións moito máis complicadas, tamén firmou ese pacto pola ciencia, no que todas as forzas políticas se comprometían a manter un esforzo continuado de investigación e unhas liñas continuadas. De aí, precisamente, xorde o tema do Icrea catalán. E no propio País Vasco, independentemente de quen governe alí, teñen moi claros as liñas e os principios de investigación.

Nós temos que aspirar a que aquí, en Galicia, tamén funcione así, e para iso é necesario ese pacto galego. Ese pacto galego ten que ter un horizonte de financiamento marcado e unha progresión de incremento dese financiamento. Utilizaremos o indicador que queiramos de avance, porque a realidade é que Galicia está perdendo, aínda que, como dicía a Xunta de Galicia recentemente, somos a comunidade que máis incrementamos o gasto en I+D. Como partimos dunha situación moi baixa consecuencia dos quince anos de Goberno do Partido Popular, pois resulta que en créditos ou en gastos en I+D per cápita non soamente non converxemos coas comunidades autónomas máis potentes, senón todo o contrario. Cando antes había unhas diferenzas de 200 ou 300 euros respecto ao PIB, por exemplo, per cápita do País Vasco, neste momento a diferenza é abismal, é de entre 300 e 900 euros.

Polo tanto, mentres o gasto per cápita en España se incrementaba, Galicia, respecto á media, perdía posibilidades, fundamentalmente porque nós temos un gasto. A porcentaxe que nos corresponde a Galicia no PIB estatal é de 5,2 por cento, pero en I+D gastamos única e exclusivamente o 4,3 por cento do PIB a nivel estatal. Hai un punto de diferenza; iso, en cinco puntos, vén a ser aproximadamente un vinte por cento.

Polo tanto, Galicia está perdendo posición respecto a gastos en I+D. ¿E cal é a solución? Repito, a solución é financiamento estable, un horizonte de financiamento a longo prazo, un establecemento de liñas estratéxicas de investigación en sectores referentes en Galicia, e sobre todo vinculados coas liñas do Ris3, que son liñas fundamentalmente para o desenvolvemento da investigación e do coñecemento empresarial, e tamén programas de financiamento estrutural, tanto de centros como de grupos de investigación. Pero tamén hai que ter en conta que as universidades neste momento representan o setenta por cento da produción científica en Galicia e, polo tanto, son un elemento fundamental, e resulta que no Plan de financiamento das universidades a investigación non está considerada como unha actividade estrutural dentro das universidades e, polo tanto, non se financia esa investigación. Polo tanto, é necesario tamén que eses organismos —e, como non, tamén os OPI— teñan esa cuestión.

Pero despois, como dicía a representante do BNG, non temos que esquecer que a investigación, o desenvolvemento e o coñecemento os fan estruturas e institucións, pero fundamentalmente fanos persoas. Temos que ter moi claro que ten que existir unha carreira



investigadora baseada non só —como fai, por exemplo, o Programa Oportunus— na elite, digamos, daqueles investigadores que son capaces de acadar un financiamento do RC europeo, que é un financiamento —de entre 1,5 e 2,5 millóns de euros— suficiente e dabondo, e que en Galicia temos 16, que tampouco é que sexa unha marabilla respecto á cantidade de investigadores.

Pero temos que ter unha senda de progresión na carreira investigadora que empece no período predoutoral e de formación dos investigadores, que siga no período posdoutoral, incluíndo tamén a posibilidade de que eses investigadores poidan facer estancias no estranxeiro, e despois sistemas de captación e atracción de talento, de retención do talento que temos aquí e de captación do talento estranxeiro que temos.

Temos magníficos investigadores aquí, en Galicia; de feito demostrase porque nos premios de investigación que hai dous meses anunciou o Goberno central —por certo, son tres investigadoras, tres mulleres, que vén moi acaído porque hoxe é o Día da Muller na Ciencia— tres investigadoras xoves galegas obtiveron o Premio Nacional de Investigación. Polo tanto, aquí temos material, temos canteira, e o que temos que garantir é que esa canteira poida quedar aquí. Polo tanto, non chega só con que atraíamos investigadores senior, que veñen xa cun currículo importante, temos que ser capaces de reter o que temos aquí.

Pero non soamente temos que pensar en que a estabilización destes investigadores ten que ser en organismos públicos, temos tamén que traballar para que, a través dos doutoramentos industriais, a través do incentivo de que as empresas incorporen nos seus grupos e laboratorios de I+D doutores, eses doutores que se están formando nas universidades e nos centros de investigación se incorporen ao tecido produtivo, se incorporen ás empresas e se incorporen a traballar.

Polo tanto, nós cremos que esta é a solución. É unha solución integral, é unha solución que articula todo o sistema, que ten en conta todos os elementos do sistema e que fai que se traballe nun ecosistema que xere esas sinerxías, que xere esa comunidade de traballo e que, polo tanto, impulse o traballo dos investigadores e das investigadoras.

Esa será a única forma de que Galicia teña capacidade para formar o seu propio tecido produtivo en coñecemento e investigación e teña esas institucións necesarias para que dean apoio e poidan transferir eses coñecementos formados ao sector empresarial. Polo tanto, para iso necesitamos claramente un novo marco desde o punto de vista regulatorio e tamén un novo marco desde o punto de vista das estruturas.

Non vale con que empecemos a poñer fundacións cando resulta que aquí temos organismos de coordinación dos centros tecnolóxicos, temos a Gain e temos distintas estruturas que se están solapando unhas con outras, en vez de facer unha organización e dicir cal é a fórmula de organización correspondente. E, ademais, con múltiples repeticións; é dicir, as universidades, os centros tecnolóxicos están en múltiples organismos diferentes e nalgúñas ocasións, ademais, non hai nin sequera coordinación entre as políticas que se desenvolven en organismos que dependen das distintas consellerías, porque ás veces nos atopamos con que distintas consellerías teñen liñas estratéxicas diferentes para funcionar.



Polo tanto, esta é a nosa proposta, que é unha proposta integral, unha proposta completa, pero, por suposto, ata que esa proposta poida ser, indubidablemente, imos apoiar a proposición do BNG, porque aínda que consideremos que non é a solución completa, é un pasiño máis cara ao camiño. E despois, se podemos constituír o Innogal, xa lle daremos o perfil adecuado para que cumpra os requisitos. Pero, mentres tanto, repito que imos apoiar esa proposta e esperemos que toda a Cámara sexa capaz de apoiala, porque creo que é importante que todos esteamos de acordo en que a ciencia é fundamental e en que a ciencia ten que estar fóra do debate político.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor García Comesaña.

**O señor GARCÍA COMESAÑA:** Grazas, presidenta.

Moi bo día de novo, señorías.

Unha das vantaxes de falar por segunda vez é que podo —aínda que non teño réplica antes— aproveitar unha pequena cuña da intervención anterior. Miren, como supoño que saben, a Constitución española reserva a propiedade intelectual para o Estado; é competencia exclusiva do Estado. E precisamente a AESIA é a que ten que velar por eses temas. Eu creo que ese escrito que nos chegou a todos dos autores en galego llo temos que remitir á AESIA, como xa fixemos nós.

E, por outra banda, a Unión Europea está falando da propiedade intelectual nos produtos de uso xeral, que é onde realmente está o problema, e, se non, que llo digan a Urtasun, que tivo que retirar o decreto que estaba facendo da propiedade intelectual pola dificultade que entraña, e non hai máis que revisar as últimas sentenzas dos tribunais americanos sobre a materia. É un tema moi complicado.

Feita a cuña, volvo á proposta do Bloque Nacionalista Galego. Ben, como dicía a señora Rodil, o 8 de outubro de 2024, sobre as dez da mañá aproximadamente, o presidente da Xunta comparecía neste Parlamento para explicar as principais liñas do orzamento do 2025, e anunciaba a posta en marcha da Fundación para a Investigación. Un par de horas despois, ás trece e corenta e cinco, para ser exacto, o Bloque foi raudo e veloz rexistrar esta proposición de lei que hoxe din que veñen defender aquí.

¿Por que digo que din que veñen defendela? Porque esta iniciativa é, como ela ben dicía, exactamente a mesma, non cambiaron nin a exposición de motivos, e puxeron os datos do 2021, que ademais eran do ano 2020; nin tiveron a delicadeza de actualizar eses datos, señora Rodil. *(Aplausos.)*

Pero é que no pleno pasado, hai quince días, o BNG votou a favor dunha iniciativa do PSOE, que tamén votou o Partido Popular, na que leo —abro comiñas—: «Insta a Xunta de Galicia





a remitir e a explicar na Cámara, á maior brevidade posible» —con présa— «a proposta de creación da Fundación Pública para o Impulso da Ciencia en Galicia, incluída toda a información sobre a súa estrutura, competencias, funcións e financiamento». Esta iniciativa, esta PNL, foi aproba por unanimidade polo PSOE e polo Bloque, e hoxe veñen aquí, quince días despois, falarnos dunha cousa á que xa se votou en contra, que repiten. É unha iniciativa resesa, señora Rodil, ¡resesa! Colleron a do ano 2023... É que nin tiveron a decencia de actualizar un dato sequera. Non sei se tiñan moita présa ou querían rapidamente, o mesmo día, rexistrala, porque ese día, como digo, foi o día que o presidente Rueda anunciou esta fundación.

Miña nai diría: ou se está coa nai ou coa filla; coas dúas á vez non se pode estar. Non se pode estar proponendo unha iniciativa dunha fundación tipo A, pero, ao mesmo tempo, exixir á Xunta que corra na iniciativa tipo B, sen dicir que A e B sexan unha mellor que a outra. (*Aplausos.*)

O que vén confirmar aquí o BNG é que non quere defender a súa iniciativa, que o que queren é apuntarse non sei moi ben que tanto; quizais é esa nova técnica de filibusterismo parlamentario que tanto utilizan vostedes: imos ver se freamos, pero, ao mesmo tempo, que pareceza que recuperamos a nosa iniciativa. Bueno, un auténtico desastre. Ao mellor, ten que ver con que o pasado luns, día 3, a Xunta de Galicia aprobou no Consello da Xunta o Plan de I+D+i para o período 2025-2027. O do 2027, señor Abalde, é para coincidir coa Ris3, que remata no 2027; é unha cuestión de acompañamento.

Este plan naceu do diálogo co ecosistema —en innovación fálase de ecosistemas, e eu podo falar sen ningún problema de ecosistema— a través das reunións de traballo, coas aportacións, enquisas e máis de cincocentas aportacións do ecosistema galego para deseñar entre todos ese Plan galego de I+D+i para o período 2025-2027.

Neste documento presentado o día 3 está contemplada, efectivamente, a creación da Fundación para a atracción do talento de alto nivel investigador. Insisto, o de alto nivel investigador está incluído nesa estratexia. Polo tanto, carece de sentido esta iniciativa que presenta o BNG, e que polo que vexo apoia o PSOE, xa que existe unha propia —neste caso da Xunta de Galicia— máis avanzada e falada cos investigadores. Eu non dubido de que vostedes anos atrás falasen cos investigadores e que incluso fosen a Cataluña e ao País Vasco —moi ben, viaxar está moi ben, hai cousas que se curan viaxando—. (*Murmurios.*) E está claro que eses expertos, os que faloron con vostedes e os que faloron coa Xunta de Galicia, incluso os galegos, están a apoiar esta iniciativa.

E ademais, señor Abalde, a I+D+i é algo transversal, está en todas partes, ata podería estar neste Parlamento —ao mellor, podería estar—, pero hai que coordinala, e para iso hai unha cousa que se chama a Comisión Interdepartamental de I+D+i da Xunta. (*Murmurios.*) Pois, claro, da Xunta, da Xunta; estamos falando da administración autonómica. A todo isto hai que sumar o bo momento da I+D+i galega, que, por certo, recollía a iniciativa do BNG do 2023, e hoxe a señora Rodil volveu insistir en que a I+D+i galega vai ben por si mesma, que a Xunta de Galicia non ten nada que ver nese bo momento da I+D+i galega.



Eu o que creo é nos datos do INE, que vostede ben citou, e iso si que o actualizou aquí. Xa non estamos no 1,1 por cento do PIB, estamos nun 25 por cento —un pequeno salto cuantitativo sen ningunha importancia, que teño que recoñecer que vostede hoxe citou aquí, que podía non facelo—, e creo que ao BNG tamén nisto se lle está pasando o arroz; está vendo que as cousas van ben, que a Xunta toma iniciativas e, bueno, esta é a reacción —supoño que lóxica— do BNG.

Despois de ler a súa iniciativa —porque tamén dediquei tempo a ver se era algo distinta—, parecíame raro, a verdade, que o Bloque presentase unha iniciativa exactamente copiada, e tiven que confirmar que, efectivamente, é copiada. Bueno, hai un parágrafo no medio que non sei por que o meteron..., (*Murmurios.*) —si, si, logo llo paso— pero basicamente é o mesmo. Bueno, pois, analizando esa iniciativa, teño que dicir que o modelo do BNG non achega novidades reais ao que xa existe; son cousas coas que xa Galicia conta: esa ampla oferta de programas e medidas para ter o talento investigador e todas as etapas da carreira científica, desde becas predoutoramento e posdoutoramento ata os grupos de investigación, a Rede Cigus —que, por certo, hoxe se están a entregar os premios do coñecemento— e o Programa Oportunius —do que xa falamos máis dunha vez—, entre outros. Todas as medidas están aí e están a dar o seu resultado.

A fundación que propón a Xunta presentouse con dous aspectos fundamentais que non contempla a proposta do BNG. Por unha banda, é unha institución deseñada para captar profesionais altamente cualificados a nivel internacional, efectivamente; non só os Oportunius, señor Abalde. Oportunius hai 26 xa, e aínda que foran os 16 que dicía vostede. Creo que son dabondo, pero hai 26, e a idea é chegar a máis de 36. En todo caso —insisto—, complementando o Programa Oportunius, a idea é captar investigadores altamente cualificados a nivel internacional e que —moi importante— esa atracción responda ás necesidades do ecosistema galego en I+D+i en áreas estratéxicas. Isto non é: «que aquí veña quen queira». Non, non, hai que establecer unha estratexia, que é o que recolle o Plan galego 2025-2027, e que os investidores que se captan encaixen nesa estratexia.

A proposta, neste caso a do grupo nacionalista, presenta unhas accións que, tal e como se expoñen, xa existen nestes momentos en Galicia. Non achega nada novo ao que temos xa. A Xunta de Galicia conta cunha ampla batería de programas e medidas destinadas a fomentar, xerar, recuperar e atraer talento investigador, así como un modelo único de carreira investigadora —agora si— que abrangue todas as etapas, dende predoutoramento e posdoutoramento —diciámolo—, aos grupos de investigación etcétera, e tamén aos institutos de investigación sanitaria, que, como ben saben, xa están incorporados ao sistema público.

A proposta non garante en absoluto un salto cualitativo real na capacidade de atracción do talento, dese talento de alto nivel, do que falabamos —que, por certo, ese nivel non se menciona na súa proposta— nin a competitividade do sistema galego. Eu quixera falar brevemente do que xa temos agora mesmo. Hai un plan galego recentemente aprobado que conta con 1.310 millóns de euros, case un vinte por cento máis que o ano anterior; e fala de centrarse nalgúns áreas específicas, como pode ser a biotecnoloxía, as tecnoloxías Dtech —aí está a cuántica, da que falamos anteriormente—. A cuántica é un tipo de computación, señor Abalde. Se temos que nomear todas as computacións que aparecen,



empezariamos coas redes [...], a lóxica borrosa...; en fin, falemos de computación en xeral, que é moito máis acaído. Tamén está esa factoría de IA, á que Galicia se presenta tamén; ese Centro de Supercomputación de Galicia, dotado agora mesmo cun novo edificio e novas infraestruturas, con 56 millóns de euros. E, por suposto, hai que seguir avanzando nas tecnoloxías limpas, en iniciativas como a *Venture Building*, para fomentar as *startups*, aplicando este modelo, ou neses plans locais de I+D+i para mellorar os servizos sociais, porque tamén queremos que a innovación chegue aos concellos; ou nesa oficina piloto de valoración da biotecnoloxía; ou, por suposto, na compra pública innovadora, na que Galicia é referente a nivel nacional. Éo en sanidade e tamén noutras áreas.

Eu quixera rematar facendo dúas pinceladas sobre a situación de I+D+i en Galicia que xa apuntabamos. Hoxe a ciencia é unha prioridade en Galicia; evidentemente, foino coa concreción, con esa coordinación, na Consellería de Educación e Ciencia, de todos os recursos, pero tamén o é nese crecemento que dicíamos antes.

E vou rematar cun número que para min é moi significativo: en Galicia agora mesmo hai máis de 13.800 profesionais dedicados á investigación, e 9.057 deles son investigadores. Pois teño que dicir que o 66,4 por cento destes investigadores do sector público son mulleres — aproveitando tamén o día no que estamos hoxe—.

Polo tanto, con todo isto, respectando e valorando a investigación en Galicia, a I+D+i galega, e desexando que siga crecendo e facendo ben as cousas, como se están a facer, é o por que de que non vaíamos participar nesta estratexia do Bloque Nacionalista Galego, porque, como lles dicía, pasóuselles o arroz. Esta é unha iniciativa resesa e sen actualizar, que non vai ter o noso apoio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Antes de máis, quería agradecer o apoio do Partido Socialista a esta iniciativa.

Señor Comesaña, é tan resesa e pasóusenos tanto o arroz que un ano máis tarde de que a trouxese o Bloque empezou a anunciarla o Partido Popular. (*Aplausos.*) ¡Fíxese que resesa estaba que foron copiala!, pero mal, (*Aplausos.*) por iso a trouxemos de novo na súa literalidade, para que viñese na súa literalidade todo. Non hai ningún parágrafo novo, non modificamos absolutamente nada. E nin sequera actualizamos os datos precisamente para poñer en valor o traballo que levabamos feito, máis alá dos vaivéns.

E dígolle que a copiaron, pero mal — polo menos no que sabemos de momento, por notas de prensa —, porque a Xunta de Galiza, o Goberno do Partido Popular, non creou ningunha fun-



dación, precisamente polo que vostede recalca todo o tempo, por ese talento cualificado e esa excelencia que, efectivamente, está. Nós dixemos miles de veces que o Programa Oportunus ten perfecta cabida na proposta de creación desa Fundación Galega para a Ciencia que o BNG propón; ese programa ambicioso de retención e captación de talento que nós defendemos. Pero é que para que haxa esa brillantez, esa excelencia, esa excepcionalidade en moitos proxectos investigadores, en moitas persoas investigadoras, ten que haber unha base moi forte por abaixo. Isto é como nos deportes: para que haxa persoas —non vou citar nomes—, futbolistas ou atletas que son magníficos, ten que haber unha base por abaixo brutal, e unha aposta integral e estratéxica pola ciencia básica, pola aplicada, por ese talento que comeza e por ese talento excelente que se pode captar ou se pode reter no país.

Esa é a proposta que formula hoxe o Bloque Nacionalista Galego, que nin está acabada, nin está superada, nin está resesa en ningún caso. Por iso volvemos traela aquí, porque é unha ferramenta necesaria, porque é unha ferramenta útil, ao servizo do país e, sobre todo, do ecosistema investigador, da ciencia e da investigación feita en Galiza, para darlle unha visión integral a esa política de I+D+i fronte á fragmentación entre departamentos e áreas do Goberno. Por iso lle demos a forma dunha fundación, seguindo —nós nunca o ocultamos— experiencias de éxito, especialmente a do Ikerbasque. Porque se ti tes unha figura, neste caso unha fundación, de interese público ou unha fundación como nós propoñemos, como a Innogal, o que permites —máis alá dos vaivéns electorais, máis alá das conxunturas políticas de cada momento— é seguir apostando de maneira decidida. Por iso dicimos que este é o primeiro chanzo dese necesario Pacto galego pola ciencia, para darlle esa visión integral, esa visión ampla, esa visión tan integradora tamén e tan potente, se a quixesen poñer en marcha.

E eu lamento —dígollo con toda a franqueza— que non aproveiten o traballo, non do Bloque Nacionalista Galego, senón todo o traballo que se plasmou colectivamente nesta proposición de lei do BNG, pero que ten a sinatura dos grupos e centros de investigación universitaria deste país e de todo o persoal investigador galego; foi moito o que ao longo dos últimos anos se fixo, porque as cousas non se fan da noite para a mañá. Iso é propaganda, que é o que fan vostedes. Pero nosoutros levamos moitos anos traballando con esa xente, á que vostedes lles pechaban a porta nos fociños, ata que viron que lles podía dar algún rédito electoral abrírlles a porta. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza que existe entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular. Ese é o traballo colectivo que ten —insisto— o esforzo e tamén a sinatura de todo o ecosistema investigador deste país, que leva moitos anos reclamando que esteamos á altura das súas necesidades e da súa potencialidade, poñendo ferramentas coma esta, como o Innogal, ao seu dispor, para poder dar estabilidade, para dar certezas e para trazar un horizonte moito máis esperanzador e rico para o ecosistema investigador deste país.

Había un traballo feito, que podía ser o primeiro chanzo para empezar a traballar e a construír esa fundación tal cal a necesita o tecido e o ecosistema investigador deste país. Eu lamento. Tamén lles digo: podemos volver traela outra vez, non perdan a esperanza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.



Rematado o debate dos dous textos lexislativos, procedemos á votación.

### ***Votación dos textos lexislativos***

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Prego aos servizos da Cámara que pechen as portas.

Votamos as emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial de Galicia; as do Grupo Parlamentario dos Socialistas e as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación das emendas á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas á totalidade.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Pasamos... (A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) Non o pediron. Sometino a votación conxuntamente. Vostedes puideron pedilo, pero non o pediron. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Continuamos coa seguinte votación.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36; abstencións, 1.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Continuamos coa orde do día, e damos paso ás comparecencias.

Abran as portas.

Imos coa comparecencia da señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre as actuacións postas en marcha polo seu departamento en materia de vivenda.



Indícanme que está chegando a conselleira. En dous minutos comezamos. Claro, tivo un adianto a votación, así que agardamos, se non hai... (*Murmurios.*) Grazas, pola comprensión. (*Pausa.*)

Continuamos —como dicíamos— co apartado das comparecencias.

**Comparecencia da Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre as actuacións postas en marcha polo seu departamento en materia de vivenda**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten a palabra, para a súa intervención, a conselleira.

Conselleira, xa sabe que non ten límite de tempo.

E ten a palabra para a súa intervención a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a señora María Martínez Allegue.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señora presidenta, señorías, comparezo hoxe, por petición propia, consciente de que a situación actual da vivenda é unha fonda preocupación para todo o conxunto da sociedade galega. É por iso que coido necesario pór en valor non só o traballo que o Goberno galego nesta materia leva facendo nestes case dez meses de lexislatura, senón tamén explicar dun xeito máis amplo as políticas que, en materia de vivenda, estamos a despregar e que nos permitirán acadar nesta lexislatura obxectivos ambiciosos pero realistas.

Señorías, somos conscientes de que a vivenda constitúe un eixo fundamental para o desenvolvemento de calquera proxecto vital, pero tamén é un dos piares sobre os que se constrúe a estratexia da actuación deste Goberno galego; unha folla de ruta que é froito da experiencia e da xestión previa.

Dende a Xunta de Galicia levamos anos traballando para ampliar o noso parque público de vivenda, a través da adquisición de terreos, de traballos técnicos e tamén de obras de urbanización de solo residencial destinado á construción de vivenda protexida, na Coruña, Lugo, Ferrol, Vigo ou Pontevedra.

Dende o ano 2009 construímos nova vivenda, pero tamén rehabilitamos inmobles e, por suposto, axudamos a que todos os colectivos poidan ter oportunidade para acceder a unha vivenda con liñas de apoio, de axuda tanto ao alugueiro como á compra, como á rehabilitación; axudas que nos permitiron apoiar ao longo destes quince anos 163.000 familias galegas para acceder ou rehabilitar a súa vivenda habitual. Esta cifra, 163.000 familias galegas, é o resultado das diferentes estratexias de fomento de vivenda pública e protexida que estamos a desenvolver.

Porque a vivenda non é un reto novo para nós, pero somos conscientes de que agora mesmo estamos a vivir un dos seus momentos máis complexos, que fai necesario redobrar o traballo, redobrar o esforzo das nosas políticas de vivenda como consecuencia da suba dos prezos e do incremento da demanda.



Un reto para o que estamos a pór sobre a mesa orzamentos de 240 millóns de euros, no que triplicamos as partidas destinadas á construción de vivenda e ao desenvolvemento de solo residencial, pasando de 46 millóns a 126 millóns en 2025, e á que sumamos tamén unha batería de medidas para axilizar e facilitar o novo solo residencial e tamén a construción de máis vivendas. Medidas e orzamento co obxectivo de acadar o noso reto de lexislatura: duplicar o parque público de vivenda, ata chegar ás 8.000, e tamén habilitar solo que permita a construción de 25.000 novas vivendas, 20.000 delas protexidas.

Estamos a traballar arreo para dar resposta ás necesidades da vivenda en todo o territorio, se ben moi especialmente nas grandes cidades, porque é aquí onde se sitúa máis do 90 por cento, (*Aplausos.*) con especial énfase en colectivos diana como é a mocidade, xa que somos conscientes de que precisan maior apoio para acceder ás vivendas. Por iso reservaremos para os menores de 36 anos o 40 por cento das novas vivendas que construíamos en réxime de alugueiro e o 25 por cento das novas vivendas que construíamos en réxime de compravenda. Ademais, puxemos en marcha medidas orientadas a eles, como axudas, avais ou aloxamentos compartidos como medida de impulso á emancipación.

Señorías, no día de hoxe temos máis de 200 millóns de euros xa licitados e temos en marcha algo máis de 2.000 novas vivendas de promoción pública en distintas fases. (*Aplausos.*)

Feitos, señorías, feitos; 200 millóns de euros, 2.000 vivendas en marcha son feitos e non titulares. Actuacións que estamos a desenrolar en concellos onde se sitúan as maiores bolsas de demanda e, máis concretamente, vou debuxar eses datos.

Son 2.082 novas vivendas de promoción pública que temos en marcha; 832 xa teñen a obra licitada, moitas delas adxudicadas e xa iniciada a súa execución; 982 son novas vivendas públicas con proxecto licitado e outras 268 que estamos a piques de licitar nestas vindeiras semanas. Falamos de novas vivendas públicas, pero tamén temos que sumar as que proceden da rehabilitación, que tamén, por suposto, incorporaremos ao parque público de vivenda.

Sumamos vivenda e sumamos tamén máis solo para construír novos fogares; solo que sumamos a través da cesión das parcelas por parte dos concellos. Estamos a traballar con preto de quince concellos para tramitar a cesión de solo urbano consolidado que permita a construción de novas vivendas públicas. E tamén a través dos nosos proxectos de interese autonómico, os PIA, que nos permitirán desenvolver polo de agora máis de 1,5 millóns de metros cadrados de solo residencial para as primeiras 15.000 vivendas previstas, neste caso nos concellos de Vigo, de Pontevedra, de Santiago, de Ourense, de Lugo, da Coruña e de Arteixo.

Onte mesmo remataba o prazo para a presentación das ofertas para a redacción destes PIA, destes proxectos de interese autonómico, que licitamos por importe de 2,6 millóns de euros, e presentáronse 26 ofertantes.

Estes desenvolvementos urbanos permitirán, así, dispoñer de importantísimas reservas de solo para a construción de vivenda pública e tamén para a posta á disposición de promotores e cooperativistas para facer vivenda protexida.



Todas estas actuacións encádranse na nosa Estratexia de desenvolvemento de solo residencial, folla de ruta da que xa estamos a despregar a súa primeira fase, 2025-2028, cun investimento inicial aprobado de 43 millóns de euros, que nos permitirá actuar dun xeito máis eficiente; sen olvidarnos de que estamos a traballar en paralelo na construción de novas vivendas de promoción pública, tanto a cargo do Instituto Galego da Vivenda e Solo como da nova Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, e tamén na promoción protexida de nova vivenda, construída por promotores e por cooperativistas, para os que poñemos solo en condicións moi favorables e tamén axudas para impulsar nova vivenda en alugamento; unha medida que nos permitiu no que vai de ano beneficiar e facilitar a construción de máis de catrocentas novas vivendas protexidas.

Señorías, estamos avanzando a un altísimo ritmo e, sobre todo, estamos a cumprir os fitos fixados. Porque este goberno cumpre con Galicia, situando o noso territorio nun referente a nivel nacional en materia de vivenda.

Levamos dez meses de lexislatura, dez meses nos que fomos quen de pór en marcha Vipugal, a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, que é unha ferramenta que nos permite contar cunha sociedade que se destina exclusivamente á promoción e á construción de vivenda pública, que asumirá a promoción e construción de polo menos 2.350 vivendas ata 2028; ademais, estas vivendas construídas por Vipugal serán cualificadas como de promoción pública, con protección permanente indefinida e adxudicadas a través do Rexistro de demandantes.

Pero, ademais dun orzamento e dunha sociedade de vivenda, nestes meses tamén puxemos en marcha novas medidas de carácter excepcional ata o ano 2028, así como modificacións de carácter normativo, de carácter lexislativo e de carácter fiscal, todas elas orientadas a axilizar os trámites para o impulso de nova vivenda, a incentivar a rehabilitación e a posta no mercado de vivendas e a reducir taxas e custos tributarios tanto para quen adquire en compra ou en venda unha vivenda.

No que atinxe ás medidas lexislativas, dende o 1 de xaneiro temos en marcha modificacións e medidas excepcionais, e modificacións tanto da Lei de vivenda de Galicia como da Lei do solo de Galicia.

No caso da Lei de vivenda, as modificacións están orientadas a axilizar e facilitar as tramitacións en todo o referido á vivenda protexida, simplificando os procedementos da súa cualificación ou de inscrición no Rexistro de demandantes.

Quero destacar especialmente dúas modificacións introducidas na Lei de vivenda: a cualificación indefinida e permanente do réxime de protección das vivendas de promoción pública, e tamén do réxime de protección das vivendas de protección autonómica, é dicir, de promotores privados que se constrúan nun solo desenvolvido por un promotor público a partir da entrada en vigor desta norma; e tamén a regulación dos aloxamentos compartidos para a mocidade, con espazos privativos e espazos comúns de uso compartido, para facilitar a emancipación dos mozos que se incorporen ao mercado laboral e que poderán ocupalos por un prazo máximo, con carácter xeral, de tres anos.





Mentres que como medidas excepcionais aplicables ata o fin de 2028 teremos aquelas que consideran as vivendas de promoción pública como obras de interese xeral, o que se traduce en redución de tempos administrativos, sempre dende a máxima seguridade xurídica e respecto normativo; tamén a redución de trabas para a conversión de baixos en vivenda, sempre que estes locais estean situados en residenciais colectivos de solo urbano ou núcleo rural. Habilitamos tamén nun réxime excepcional para aquelas edificacións non acabadas, que poderán solicitar o seu remate ata 2028, sempre e cando o cincuenta por cento das ditas vivendas resultantes sexan vivendas protexidas, ademais da axilización da tramitación mediante estes proxectos de interese autonómico para a creación de novo solo residencial para promoción pública.

No caso da Lei do solo, as modificacións están encamiñadas a facilitar e axilizar os trámites precisos para que os concellos poidan ser máis áxiles na xestión do seu planeamento urbano. Estas modificacións permítenlles delimitar directamente o seu núcleo rural ao aprobar modificacións non substanciais do seu planeamento.

E tamén fixemos cambios que axilicen a construción de nova vivenda por parte do sector privado, coa introdución da regulación das ecom, entidades de certificación de conformidade municipal, que permitirán homologar as certificacións de conformidade emitidas por estas entidades coas que emitirán os concellos para efectos técnicos e xurídicos.

Ademais, tamén incorporamos importantes medidas de carácter fiscal que incentivan a construción ou a rehabilitación de vivendas e tamén que incentivan a posta no mercado das vivendas baleiras. *(Aplausos.)*

Medidas fiscais e tributarias que se traducen, para efectos de bonificación tributaria, en que se equipara no concepto de vivenda aquel local comercial que se adquira para un uso residencial; bonificación do 75 por cento dos actos xurídicos documentados nos edificios que se destinen exclusivamente a alugueiro. Ademais, aplicamos unha dedución do 15 por cento na cota autonómica do IRPF para os gastos de adecuación dos locais baleiros que se destinen a alugamento, cun importe máximo de 9.000 euros; e tamén unha dedución de 500 euros no tramo autonómico do IRPF para aquelas vivendas baleiras que se destinen a alugamento.

Señorías, nestes case dez meses de lexislatura puxemos en marcha medidas normativas, lexislativas e fiscais, pero tamén tomamos outra serie de decisións para incrementar a oferta de vivenda e mellorar as condicións de acceso á mesma. *(Aplausos.)*

Así, temos actualizado xa os prezos da vivenda protexida, axustados á realidade, exactamente igual que fixeron as comunidades autónomas, garantindo a viabilidade das promocións. E tamén actualizamos os límites do IPREM, incrementando os límites máximos de ingreso das familias para que poidan acceder un maior número de familias a vivendas protexidas.

Ademais, quero aproveitar esta comparecencia para anunciar que, a partir do vindeiro mes de marzo, ampliaremos o noso Aval Mozo, para que, sen independencia e sen límite de idade, os adquirentes de vivenda protexida poidan acceder a ese préstamo hipotecario do



cen por cento. *(Aplausos.)* É dicir, avaliaremos o vinte por cento do préstamo hipotecario para calquera compra de vivenda protexida sen límite de idade, un aval que é compatible coas axudas de adquisición da vivenda protexida que agora mesmo temos en marcha e que poden alcanzar os 20.000 euros para menores de 36 anos.

En resumo, levamos trescentos días de goberno, trescentos días de xestión e de traballo intenso, rigoroso e eficiente, que nos ten permitido axilizar e desburocratizar para dotarnos no menor tempo posible de máis vivenda protexida, a través duns investimentos especialmente destinados ao impulso da vivenda, tal e como queda reflectido nos 221,3 millóns de euros con que este ano conta o Instituto Galego da Vivenda e Solo, o orzamento máis elevado da súa historia.

Un orzamento, o do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que quero destacar tamén, porque está composto nun 75 por cento con fondos propios da Xunta de Galicia, mentres que o restante, o 15 por cento, procede de fondos europeos, que estamos a executar con éxito, demostrando que estamos entre as comunidades autónomas co mellor índice de execución dos MRR e os restantes fondos estatais, que non representa nin o 10 por cento do orzamento total destinada a vivenda.

Neste sentido, aproveito esta comparecencia para volver pedir ao Goberno central que nos escoite, que escoite as comunidades autónomas, que somos as que temos competencias en materia de vivenda. E tamén seguiremos reclamándolle que abandone a confrontación, que atenda ás nosas solicitudes, porque somos os territorios os que mellor coñecemento temos das medidas que están a funcionar. *(Aplausos.)*

Por iso, reclamamos orzamento suficiente para levar a cabo adiante o que o Goberno central nos pon imposición de pór en marcha sen diálogo e sen consenso, como o Bono Alugueiro Mocidade ou agora eses novos avais que anunciaron pero que aínda nada sabemos deles.

Reclamamos tamén a cesión gratuíta da xestión das vivendas e dos solos da Sareb en Galicia, que nos negan unha e outra vez, que incluso tivemos que comprar, mentres vemos como o resto dos activos van a unha futura sociedade de vivenda pública estatal, da que aínda sabemos moi pouco. E tamén reclamamos un plan estatal de vivenda, consensuado e adaptado aos diferentes territorios, cunha dotación suficiente e con medidas eficaces como as que temos en Galicia.

Agardamos así que dunha vez o Executivo central escoite as comunidades autónomas. Nós, por suposto, mentres tanto, e tal e como viñamos facendo ata o de agora, seguiremos traballando e seguiremos cumprindo cos galegos, dándolles respostas reais ás súas necesidades, e seguirémolo facendo sempre dende a escoita activa ao sector, dende a escoita activa a todos os axentes implicados e, por suposto, dende a colaboración pública, que consideramos como imprescindible para avanzar no complexo reto que temos por diante. *(Aplausos.)*

E remato xa. Unha colaboración pública que demandamos tamén ao Ministerio de Vivenda, que demandamos tamén ao Goberno central, ao que pedimos que atenda e que entenda que as comunidades autónomas somos as que mellor coñecemos a situación e as necesidades que teñen os nosos cidadáns en materia de vivenda.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

Renuncia ao seu turno de palabra.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista; creo que vai intervir o señor Font.

Moitas grazas.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidenta.

Bo día a todas e todos.

Bo día, conselleira, e grazas pola súa comparecencia.

Ben, o previsto, nada novo, relación mareante de proxectos e cifras, pero consideramos que é bo que compareza, porque todo o que manifestou é unha declaración de intencións e converterase nun exame no que queda de lexislatura. Os antecedentes, por moito que lle pese, evidentemente, non son bos. Os gobernos do PP na Xunta de Galicia levan quince anos sen executar vivenda pública de protección e as partidas orzamentarias tiveron un nivel de execución moi alto.

No Goberno de Touriño construíronse 7.241 vivendas en Galicia en catro anos. Nos quince anos do Goberno do PP apenas se pasou de 6.000, con períodos moi negativos, como as vinte vivendas construídas entre 2015 e 2019. Exemplo: en Lugo, cero vivendas. Agora, con fondos europeos é outra historia. Pesa, conselleira, como unha lousa para os seus gobernos o dato de que se deixaron sen executar 270 millóns de euros en políticas de vivenda nos quince anos do Goberno do PP.

O acceso á vivenda —dicía vostede— é un dereito recoñecido pola Constitución e unha das maiores preocupacións hoxe das galegas e galegos, se non a maior. Os colectivos máis vulnerables e os mozos teñen grandes dificultades para acceder á vivenda. Moitos mozos destinan máis do cincuenta por cento do seu salario, e isto condiciona o seu proxecto vital e retarda a súa emancipación. As cifras mareantes, como lles dicía, de investimentos e proxectos contrastan co seu problema de credibilidade polo realizado nestes quince anos. O recente álbum de fotos de presentación de proxectos da súa consellería ao longo de Galicia ilustra perfectamente o non realizado ata o de agora. O barrio de Navia, en Vigo, parece un escenario da película de Asunta, tantos actos de presentación; ¡que pena que durante quince anos non fixesen absolutamente nada!

Señora conselleira, cando finalice esta lexislatura, o balance que faremos da política de vivenda do PP será de dezanove anos. O acumulado ata o de agora non augura un bo balance. Lanzouse o presidente Rueda a prometer 20.000 vivendas de protección oficial para 2028 e



vostede reconece este domingo na prensa que en dez meses só levan 1.700 en distintas fases de execución. Acaba de dicir que van 2.000, (*O señor López Font mostra un documento.*) de domingo a martes; non sei de onde sairían as 300 restantes.

Non fai falta que lle faga a proporción do que lle falta para cumprir o prometido polo presidente Rueda, como non apuren. É certo que manexaron tantas promesas e tantas cifras que é difícil saber o que pretenden.

A política de vivenda —parece mentira ter que lembralo— é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia e sitúaos a vostedes como Goberno no centro das decisións pero tamén de levar a cabo unha política de colaboración coas outras administracións implicadas: Estado e concellos.

Os gobernos do PP en Galicia non son un exemplo de colaboración institucional. Sirva como exemplo o seu propio discurso como conselleira, cada vez máis radical e de confrontación con todos aqueles que discrepan de vostede. A súa última intervención neste pleno sobre as autoestradas de titularidade estatal, aproveitando o dueto co señor Rodríguez, foi lamentable, cando o responsable de que paguemos peaxes é o PP, o señor Aznar. E lembrolle que Pedro Sánchez tiña que levantar a peaxe da AP-9 no ano 2023, se non fose pola ampliación e pola privatización de Aznar. Non lle cadra, conselleira, ben a vostede ese discurso.

Falando de colaboración do Estado, non estaría de máis que, ao falar de vivenda, dese os datos do que achega o Estado dos plans, das actuacións e dos resultados que esa achega do Estado contribúe á mellora da situación da vivenda en Galicia. Ante a súa omisión intencionada, é bo que este Parlamento escoite que fai o Goberno de Pedro Sánchez pola vivenda en Galicia.

Entre 2018 e 2025 o Goberno compromete 526 millóns para impulsar políticas de vivenda pública, que permiten a construción de 1.406 vivendas para alugueiro social e rehabilitación e máis de 18.000 vivendas. Sirvan como exemplo os investimentos, tan dispares, do Estado e da Xunta na cidade de Vigo en materia de rehabilitación: sobre 862 actuacións, o Ministerio aboou 4,3 millóns de euros e a Xunta 700.000 euros. Pero tamén o Plan estatal de vivenda 2022-2025, que permite a acción de axudas ao alugueiro de vivenda, programa novo alugueiro social e outros programas.

Como estamos ante unha comparecencia para saber o que quere facer o seu Goberno, é necesario distinguir as distintas actuacións que se poden realizar en materia de vivenda, porque as de longo prazo están ben, pero a construción ten un horizonte temporal afastado que non soluciona o problema inmediato e que non cobre as necesidades actuais, porque vostedes —dixo vostede mesma— sitúan o seu obxectivo en 2028.

O problema da vivenda non é algo que vexamos para o futuro, é unha realidade hoxe, que afecta miles de familias e ao que debemos dar solucións inmediatas sen máis dilacións. Está en xogo o futuro de dúas xeracións que precisan de vivenda digna, da emancipación dos mozos, que non queren vivendas de trinta metros cadrados nin residencias de estudantes.



A solución máis inmediata é abordar o mercado do alugueiro. Seguiremos defendendo aquí a creación dun banco público de alugueiro, un organismo autonómico que funcione como mediador, establecendo garantías e seguridade xurídica e de renda para as persoas propietarias, subscribindo contratos de alugueiro de longa duración polas súas vivendas para logo ofrecelos baixo as condicións que se estipulen coa Administración como mecanismo de garantía e aval que desactivaría problemas e facilitaría o control de prezos.

Nada novo a inventar, conselleira. En Euskadi esta aposta polo público leva funcionando 22 anos e actualmente ofrécense 7.400 vivendas en alugueiro a prezo taxado e asequible. O propietario ten todas as garantías de cobranza e de que a vivenda a recupere nas mesmas condicións nas que a puxo ao dispor da Administración. Moitos propietarios en Euskadi recoñecen que cobrarían máis no mercado libre, pero compénsalles a garantía que ofrece a Administración. A familia que aluga paga un prezo razoable, moi por debaixo dos prezos do mercado actual. Vostede, conselleira, recoñecía nesta mesma entrevista este domingo que o problema de vivenda en alugueiro é precisamente o medo á falta de pagamento; son textuais as súas declaracións.

En Galicia hai moitas vivendas baleiras, seguro que con arrendadores con medo á falta de pagamento, como di vostede. Por iso a implantación dun programa como este seguro que mobilizaría ao mercado unhas 5.000 vivendas, que paliarían —e moito— o problema de acceso á vivenda. Isto sería determinación polo público e de inmediato, o que non impediría seguir construíndo vivenda, que parece ser o único obxectivo deste goberno.

Preocupante tamén é a política de colaboración cos concellos. Cando se licita a redacción de proxectos de interese autonómico, anúncianse, por exemplo, no caso de Vigo, 2.300 vivendas, cando o número de demandantes é de 5.700. Tal discriminación quixo taparse cun anuncio en prensa de que estaban a buscar localización para outras 5.000 vivendas. A todo isto, anuncios de prensa, pero ningunha comunicación oficial ao Concello nin busca conxunta de alternativas. Así entenden vostedes a colaboración institucional.

En suma, conselleira, o proposto non dá solucións inmediatas e a previsión razoable é que o problema da vivenda creza, esperando un longo horizonte de construcións, que é moi posible que vostedes sexan incapaces de cumprir ao ritmo que van, e, mentres, seguro que os alugueiros seguirán a súa escalada de prezos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Alexandra Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Ola, moi bo día.

Vostede xa veu comparecer, hai non moito, para tratar este tema da Estratexia galega de solo residencial, coa que din que se van construír 20.000 novas vivendas protexidas, e da-



quela o único que coñeciamos era unha nota de prensa do Consello da Xunta, pero, despois da súa comparecencia, tampouco soubemos moito máis, porque o máis relevante foi aquel folio que sacou cun mapiña e cunhas cifras así de brocha gorda sobre cal era a previsión de vivenda e todo sen data de finalización prevista, ¿non?

E hoxe, oito meses despois de que se anunciase esa estratexia, vostede comparece aquí novamente coas mesmas carencias; é que non hai estratexia. ¿Vostede pode deixar hoxe aquí algún documento que poida dar a coñecer a esta Cámara algo? Eu convido a calquera persoa a que entre na Consellería de Vivenda, que entre no Instituto Galego da Vivenda e Solo, que entre nas páxinas do Observatorio Galego da Vivenda: non hai nin un só folio redactado sobre esa suposta Estratexia galega de solo residencial. Claro, canto menos é curioso, ¿non? Un faise unha pregunta: se a consellería di ter unha grande estratexia de vivenda protexida, ¿por que non ten nada publicado? ¿Por que non remitiu nada a esta Cámara? E hai varias razóns para iso.

A primeira é que un documento estratéxico require pór compromisos e datas concretas, e vostedes queren xogar no terreo das notas de prensa, dos anuncios, das cifras soltas, unha licitación por aquí, outra por alá, crear un runrún mediático que pareza que a Xunta fai algo, pero que de ningunha maneira teñan que, dalgunha forma, deixar por escrito cal é a dimensión real do previsto e cando prevén facelo.

¿A alguén lle parece fiable que, oito meses despois, a Xunta siga negándose a explicarlles aos galegos cal vai ser a data de finalización desas supostas 20.000 vivendas protexidas? ¿Vai ser para 2030, para 2040? É que non se sabe —isto é un auténtico escándalo— cantas desas vivendas van facer nos vindeiros tres anos, porque nin tan sequera se marcan un obxectivo para esta lexislatura, prefiren lanzar cifras para o infinito, cifras —como fai vostede hoxe— onde se remexen cifras de vivendas que están en construción con cifras de apenas proxectos que están en fases previas; mesturan todo, son cifras para encher titulares, pero onde non se comprometen a nada en ningún momento.

E a segunda razón pola que vostedes non queren facer nun documento é porque, ademais dun cronograma, tamén hai que definir uns criterios de localización desa vivenda protexida e onde se vai desenvolver solo. E aquí teñen un problema, porque vostedes tomaron a decisión de excluír unha parte amplísima do sistema urbano desas políticas de vivenda protexida dunha forma totalmente inxustificada, porque a súa aposta é apenas crear vivenda protexida nas sete grandes áreas urbanas do país, excluindo todo o sistema urbano intermedio, e isto é unha decisión política que non ten en conta os problemas de acceso de vivenda tamén nestes ámbitos.

E, se vostede non os coñece, convídoa a que vaia vostede, por exemplo, ao concello de Ribadeo, a Lalín, a Sanxenxo. Pregúntelle a un mozo, a unha moza, a un traballador, que cobra o salario mínimo interprofesional cal é o esforzo que ten que facer nestes concellos para acceder a unha vivenda. (Aplausos.) E, ademais, é unha decisión que vulnera as normas fundamentais da ordenación do territorio do país, que falan precisamente de que as políticas públicas nese sistema urbano intermedio son fundamentais para a cohesión territorial e para evitar o despoboamento nestas áreas.



E a terceira razón pola que non quere facer ningún documento serio é porque unha avaliación rigorosa da situación da vivenda e do parque construído leva a concluír que existen outras ferramentas máis eficaces para solventar o problema da vivenda que non se están contemplando por parte da Xunta, a comezar por actuar sobre o xa construído, por mobilizar cara ao mercado libre ou por incorporar parte dese parque xa construído como parque público de vivenda.

Dámoslle un exemplo, unha idea, a ver se a toma: a Xunta está habilitada por lei para adquirir de forma preferente a prezo por baixo do mercado toda a vivenda protexida que se venda, o cal evitaría que se descualifique a medio prazo, pasaría a incorporarse de forma permanente ao parque público de vivenda. ¿Por que a Xunta de Galiza non exerce ese dereito, que permitiría ter xa máis vivenda pública?

¿Con isto dicimos que non se debe facer vivenda protexida nova? Non, senón que o que ten que ser é unha medida complementaria que se debe tomar en consideración pero de forma xustificada e ben planificada.

Pero o feito de que a Xunta poña todo o foco na transformación de solo urbano non consolidado e desbote todo o resto de medidas revela que a intencionalidade é a de dinamizar os sectores inmobiliarios e da construción máis do que buscar unha solución sustentable e socialmente xusta.

En definitiva, teñen unha posición dificilmente xustificable, e, por todo iso, non redactaron nin un mísero folio sobre esa estratexia. Ben, colóuselles un, este de aquí. (*A señora Fernández Gómez mostra un documento.*) Isto —hai que facer un pouco de arqueoloxía documental, tamén teño que dicilo— dentro da memoria xustificativa para licitar o contrato para a redacción dos proxectos de interese autonómico, claro, vostedes non podían redactar unha nota de prensa, tiñan que xustificar dalgunha forma licitar ese contrato, que —non esquezamos— vai ser nada máis e nada menos que a transformación dun millón e medio de metros cadrados de solo. Entón, tiñan que escribir, escribiron unha carilla, e aí evidénciase por que a súa estratexia fai augas.

Primeiro, pola falla de rigor, de análise e de diagnóstico. No documento aseguran que esa actuación é necesaria porque nos últimos anos a produción de vivendas, tanto no ámbito nacional como na autonómico, situouse moi por baixo das necesarias como consecuencia da evolución natural da poboación. Eu non sei se vostedes saben cales son os datos da evolución dos censos de Galiza, porque entre 2011 e 2021 a poboación baixou en 74.000 persoas. É certo que os fogares se incrementaron, porque os fogares son máis pequenos, pero é que os fogares se incrementaron en 14.000 e as vivendas en 152.000; 14.000 novos fogares para 152.000 novas vivendas en dez anos.

O número de vivendas novas multiplica por dez o número de fogares novos. Incluso nas cidades onde máis subiu o prezo da vivenda, A Coruña e Vigo, hai menos familias que hai dez anos e máis vivendas que hai dez anos, e hai tamén, consecuentemente, tamén máis vivenda baleira que hai dez anos.

Os datos demostran que o problema de acceso á vivenda non se debe a unha carencia de parque construído, que non hai unha converxencia progresiva entre poboación e vivenda, senón



todo o contrario: unha diverxencia, que cada vez temos unha parte, unha porcentaxe maior do parque construído que non se emprega como vivenda. E aí é onde está o problema: que non podemos normalizar esta tendencia, que neste país haxa xa tantas vivendas baleiras como todas as que existen na provincia de Pontevedra, e incluso tamén esta situación se dá nas zonas con problemas de acceso á vivenda e zonas tensionadas. Tampouco podemos normalizar que en sete anos se teñan constituído 26.000 pisos turísticos que deixaron de ser vivendas e se transformaron nunha actividade económica ligada ao turismo.

E esta manipulación de datos que vostede reflicte neste documento da realidade por parte do Goberno é única e exclusivamente para intentar soste esa tese clásica da dereita de que os problemas do mercado se resolven simplemente construíndo máis; unha tese que, ademais, xa se demostrou falsa, porque xa promoveron nos noventa, onde o modelo era liberalizar solo e que o mercado faría o resto, e resulta que neste país dende os 90 se construíron 620.000 novas vivendas para 290.000 novas familias, e o resultado é unha crise de accesibilidade total.

O segundo que se ve tamén nese documento que vostedes tiveron que redactar son as intencións reais desta operación, cando din que a motivación de todo isto é que os promotores privados non desenvolven solo porque lles sae caro; por tanto, a estratexia debe ser a de mobilizar recursos públicos e facilitar condicións para que a estes actores privados lles saia rendible a operación; clarísimo. E, ademais, elíxeos como actores lexitimados pola Xunta para marcar o rumbo das políticas de vivenda.

Din que todo isto —a xustificación da creación de 20.000 novas vivendas protexidas— está avalado porque é o que se di en todos os foros relacionados co sector e nos medios de comunicación. ¡Ala! E isto aquí remata de verdade toda a base argumental... (*Murmurios.*) Si, si, lea o contrato da memoria xustificativa, que é o único que temos; se nos dá outro documento, ata podemos avalialo, estaría ben. (*Aplausos.*) Isto é toda a base argumental para aprobar a transformación dun millón e medio de metros cadrados de solo por unha vía excepcional; recordemos que o acaban de colar na Lei de acompañamento.

Señora conselleira, a súa preocupación polo problema que ten a xente para acceder á vivenda é nula, tendo solucións áxiles non as emprega, a vostede o único que lle interesa é ser útil aos intereses do sector inmobiliario e da construción, e por iso o seu discurso esgótase en construír máis, sen explicar como iso vai impactar no acceso á vivenda. Porque din que van facer máis oferta, máis oferta de vivenda protexida, pero vostede non falou de que acaban de facer esa vivenda protexida inaccesible, cando acaban de subirlle o prezo un 40 por cento en dous anos. ¿Como van acceder esas familias, entón, a toda esa oferta?, ¿como acceden as familias de renda máis baixa?

Vostedes acaban de subir os umbrais para acceder á vivenda protexida, non para que máis xente acceda á vivenda protexida, para que haxa alguén que poida acceder a esa vivenda protexida, porque todas as rendas baixas, que era para quen estaba destinada, xa non poden acceder a unha vivenda que vale un 40 por cento máis que hai dous anos; ese é o problema.

E miren, a política de transformar solo está, ben, bastante pouco xustificada, pero é que, ademais, o problema é que non teñen nada máis; é que para actuar sobre a vivenda baleira





foi un fracaso; hai apenas dous anos sacaron un programa de vivendas vivas que mobilizou vinte e pico vivendas; está morto ese programa, mandárono ao lixo.

Vivendas de uso turístico. Neste momento están dando de alta literalmente pisos que teñen prohibido exercer a actividade turística, intentando protexer os intereses deses particulares que queren alugar os seus pisos pasando por riba da legalidade. É que a ese punto chega a Xunta de Galicia. Boicotean a declaración de mercados tensionados mediante unha reforma legal que lles pasa a responsabilidade aos concellos e lles pon moitísimas trabas. Boicotean a tramitación das axudas ao alugueiro. E hoxe vén anunciando a medida estrela, un pouco resesa, porque ese anuncio estrela do Aval da Mocidade xa a anunciou Rueda en 2023, que ía resolver o problema da emancipación cos avais da mocidade; ían destinar 5 millóns de euros. Incluso dixo o señor Rueda: e se máis xente o pide, máis ampliamos o orzamento, 5 millóns de euros. ¿Sabe canto executaron? 1,8 millóns de euros, menos de cen persoas solicitaron ese aval. (*Aplausos.*) ¿E saben por que fracasou? Porque a xente moza, aínda que lle dean os avais, non pode pagar os prezos da vivenda actuais. E mentres vostedes deixaron millóns de euros sen executar para eses avais, negaban por miles as solicitudes de axudas ao alugueiro para esa mocidade. (*Aplausos.*) Esa é a súa política errada en materia de emancipación.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** En vez de volver aquí con anuncios resesos, debería vir aquí dar explicacións dos malos resultados.

Claro, vostedes o que queren agora é propaganda, ¿non?, porque nas últimas contas auditadas gastaron 2,6 millóns de euros en promocionar vivenda pública, pero vostede vén de licitar un plan de medios de propaganda da súa consellaría por valor de 3,7 millóns de euros. (*Aplausos.*) Esta é a realidade: que gastan máis en propaganda que en executar vivenda pública.

E mentres soan os tambores de construción ao lonxe, o certo é que agora nin tan sequera teñen vivenda protexida para entregar, por iso seguen con esa política infame de entrega de chaves (*A señora Fernández Gómez mostra un documento.*) de vivendas que son segundas adjudicacións. Esta, onte, onte; delegado territorial e alcaldesa, (*Aplausos.*) foron entregar... (*Murmurios.*) —si, ben, o delegado territorial, menos mal que xa non vas— unha vivenda á que lle deron unha man de pintura, lle cambiaron a iluminación...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...e vai alí toda a comitiva entregar as chaves. Ben, esa é a política da propaganda.

O certo é que, de momento, a súa acción de goberno pois redúcese a isto, a unha promesa de negocio futuro para o sector da construción e cero medidas para quen fai un sobre esforzo económico.



Por iso lle fago dúas preguntas. A primeira é se se vai tomar en serio iso da Estratexia de vivenda protexida, se vai traer algún documento, e se vostede entende que a política de adquisición e de rehabilitación...

**A señora PRESIDENTA:** Ten que ir rematando, señora Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...e tamén en vivenda protexida, pode ser máis eficaz.

—xa acabo—

A segunda pregunta é: fóra do mantra da oferta, ¿que vai facer vostede para reducir a brecha entre salarios e vivenda? ¿Que vai facer para facer a vivenda máis accesible? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Deza.

**A señora DEZA MARTÍNEZ:** Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, conselleira.

Grazas por explicar novamente aquí as principais liñas de actuación da súa consellería en materia de vivenda.

Como vostede ben recordaba, na actualidade o acceso á vivenda é indiscutiblemente un dos principais problemas da nosa sociedade. Segundo o barómetro do CIS do mes de xaneiro, unha vez máis a vivenda é o problema que máis preocupa aos españois.

O mercado de vivenda en España mostra un severo desaxuste entre a oferta e a demanda, especialmente en lugares como as grandes cidades, onde os prezos, tanto de compra como de venda, como de alugueiro, non corresponden coa capacidade dos cidadáns. Iso ocasiona que a idade de emancipación dos mozos se postergue cada vez máis no noso país; de feito, hoxe xa supera os 30 anos, fronte aos 26,4 anos de media na Unión Europea.

Pero, como xa se ten advertido, non dende a Xunta de Galicia senón desde diferentes institucións e por numerosos expertos, o principal motivo da carestía é a existencia dun problema real de escaseza de oferta. Realizando un simple cálculo con datos do Instituto Nacional de Estatística e o Banco de España, no noso país completáronse de media nos últimos anos un total de 90.000 vivendas en cada exercicio, mentres que os novos fogares crecen a un ritmo de 165.000 cada ano, de modo que se construíron 0,5 vivendas por cada novo fogar.



Así mesmo, os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística constatan a euforia compradora que está a experimentar o mercado residencial. A adquisición de casas disparouse un 51,3 por cento no outubro pasado, con récord de operacións en case 17,5 anos. Así, 2024 pechouse con case 637.000 compravendas, un 9,2 por cento máis que o ano anterior. Cun horizonte de tipos baixos, os expertos ven complicado que a demanda se relaxe, o que orixinará, sen dúbida, maior tensión sobre os prezos.

Esa forte demanda provocou, ademais, que o parque de vivendas dispoñibles para comprar estea en mínimos nun total de once capitais de provincia en España, entre as cales se sitúa a provincia da Coruña.

Porén, nos últimos anos o parque de vivenda caeu en España un trinta por cento; é dicir, desapareceron unha de cada tres vivendas dispoñibles, o que inevitablemente tamén repercutiu notablemente nas vivendas dispoñibles para alugar. Segundo os datos de Eurostat, a dispoñibilidade dun parque de vivenda en alugueiro e a prezos asequibles, vía da emancipación preferida dos mozos europeos, é sen dúbida a principal carencia do noso país.

E nese escenario a Xunta de Galicia pon a vivenda no epicentro das súas políticas, triplicando os orzamentos nesta materia; políticas, como explicou, que pivotan sobre catro piares fundamentalmente: incrementar o parque público de vivenda, facilitar solo para construír novas vivendas, a creación de novos incentivos para mellorar as condicións de acceso á vivenda e a adopción de medidas normativas, lexislativas e fiscais que incentiven e promovan o incremento do parque de vivenda; medidas que xa se traducen en feitos, non nunha simple declaración de intencións, como dicía o voceiro socialista.

Como ben indicaba vostede, conselleira, na súa intervención, no que vai de lexislatura o Executivo galego xa executou, por algo máis de douscentos millóns, máis de dúas mil novas vivendas públicas, que están en diferentes fases de tramitación: unhas en execución, outras licitadas e outras con proxecto licitado.

Estase avanzando tamén no segundo eixo estratéxico da lexislatura, que é o desenvolvemento de solo residencial, que permitirá a construción de vivendas protexidas. Como recordaba vostede, onte mesmo remataba o prazo para a presentación de ofertas para a redacción dos proxectos de interese autonómico, que permitirá axilizar a tramitación do desenvolvemento de 1,5 millóns de metros cadrados en sete cidades. *(Aplausos.)*

E avánzase en paralelo noutras medidas, como a rehabilitación, outro dos grandes piares de actuación, ao que se destinarán máis de 52 millóns de euros, e que permitirá seguir apostando pola recuperación do xa construído e do patrimonio, especialmente nos centros históricos das cidades, pero tamén doutros concellos máis pequenos.

Así mesmo, o Executivo dálles continuidade ás axudas para o acceso á vivenda, ás que se destinan neste ano 31,3 millóns de euros, para facilitar o acceso tanto ao alugueiro como á compra, así como para a promoción de vivenda protexida.



Programa de axudas ao alugueiro, ao que este ano se destinan 13,2 millóns de euros, 10 millóns para axuda ao alugamento de carácter xeral e 3,2 millóns de euros para o Bono Alugueiro Social. Programa de axudas para promotores para a construción de vivendas destinadas ao alugueiro, ao que se destinan 8,3 millóns de euros en 2025. E o programa de axudas á adquisición de vivendas, ao que se destinan 3,8 millóns de euros, e no que se inclúen as axudas para menores de 36 anos, para a compra en concellos de menos de dez mil habitantes, en centros históricos e de vivendas protexidas.

E debo incidir no conxunto de medidas, que recalcou vostede tamén, destinadas especialmente á emancipación da mocidade, coa posta en marcha dos aloxamentos compartidos, reservando para mozos menores de 36 anos o 40 por cento das vivendas en alugueiro e o 25 por cento das vivendas en venda, mantendo o Aval Mozo, o aval do cen por cento que anunciou vostede hoxe aquí, e tamén, por suposto, coa xestión do Bono Alugueiro Mocidade.

Por todo o dito, co obxectivo de impulsar e axilizar a tramitación dos procedementos previstos nas normativas autonómicas, sen perder garantías e seguridade xurídica, leváronse a cabo modificacións na Lei de vivenda e na Lei do solo de Galicia, que procuran, primeiro, axilizar trámites para incentivar a posta no mercado de vivendas e posibilitar a promoción de nova vivenda pública, e, segundo, facilitar e promover a rehabilitación e modernización do parque público residencial, tanto por parte dos concellos como do sector privado.

Establecéronse, ademais, medidas fiscais orientadas a, primeiro, apoiar a vivenda protexida de promoción pública, con exencións nos actos xurídicos documentados e no imposto de transmisións patrimoniais, e o financiamento de vivenda protexida de promoción pública; e, segundo, a estimular que as persoas propietarias poñan os seus bens no mercado de alugueiro.

E, namentres, ¿que fai o Goberno do Estado? Houbo quen pensou —e segue mesmo pensando— que, coa promulgación da Lei polo dereito á vivenda, se avanzaba na resolución do problema de habitabilidade. Entre os inxenuos que pensaban de tal maneira atópase quen promoveu e aprobou a norma. Pero o certo é que produciu o efecto contrario ao pretendido, é dicir, diminución da oferta e encarecemento dos prezos.

Porque, en vez de intentar solucionar o problema segundo as regras do mercado, é dicir, aumentando a oferta de vivenda, fíxose xusto o contrario: implementáronse limitacións e obrigas aos que teñen unha vivenda, o que provocou que a xente deixase de poñer os seus inmobles no mercado.

E o señor Sánchez segue a vender fume. Xa pasou case un mes desde que anunciou aos catro ventos un novo plan para tentar solucionar o problema da vivenda en España, o enésimo, unha estratexia que pivota sobre doce medidas, ante as que na súa maioría se volveron desatar as críticas e as dúbidas entre todos os actores do sector. E, unha vez máis, os seus anuncios xeran o efecto contrario, porque se mingua a quen pode poñer vivenda no mercado de forma rápida e impide que haxa máis oferta.

O señor Sánchez asumiu que a situación da vivenda é moi crítica e que resulta necesario utilizar todos os medios e todas as ferramentas do Estado para reducir e preservar o uso resi-



dencial. (*Aplausos.*) Pero, a pesar das súas verbas, non lle outorga a importancia debida ao principal problema dos españois, e as medidas anunciadas seguen polo mesmo camiño que nos trouxo ata o momento de emerxencia no que estamos.

Entre outras medidas, pretende aumentar os impostos aos compradores extracomunitarios, aumentar as imposicións para os propietarios ou poñer plans en marcha que non poñerán vivenda de maneira efectiva ao servizo da cidadanía ata dentro de catro ou cinco anos mínimo.

Parece non entender o presidente do Goberno que o importante é que exista un marco xurídico que aporte estabilidade xurídica, e iso é o que lamentablemente non aporta a Lei de vivenda, nin tampouco os seus constantes anuncios intervencionistas, que ocasionan esas grandes dificultades para acceder á vivenda que reseñaba o voceiro socialista.

Se precisamos unha maior oferta de vivendas no mercado, o que temos que facer é ofrecerlles aos propietarios incentivos e garantías, como está a facer a Xunta de Galicia, e non impoñerlles obrigacións e limitacións, como fai o Estado.

¿E cal é a medida estrela do Estado? Pois a transferencia de vivendas e solos da Sareb e do Estado a unha nova empresa pública de vivenda. Nese contexto a nova empresa non crea vivenda ningunha, pois son as que ten a Sareb en carteira, e de momento non convenceu o mercado. De feito, nin un só investidor acudiu recentemente ao concurso do proxecto Viena, que consistía na licitación de cincuenta solos para levantar 3.770 vivendas en réxime de alugueiro asequible, baixo o modelo de colaboración público-privada.

E dende aquí preguntámonos: ¿por que non adopta o señor Sánchez medidas máis efectivas e transfere eses inmobles da Sareb ás comunidades autónomas, como xa se leva tempo reclamando? Pola contra, prefere seguir traballando como unha grande inmobiliaria estatal, e desas 184.000 vivendas prometidas alá polo 2023, nada de nada. Esa é a achega do Estado á vivenda, señor Font.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Réplica da señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Grazas, presidenta.

Señorías.

Señor Font, por clarificar, non son 20.000 as vivendas que imos construír en 2028; oxalá, oxalá; é habilitar solo que permita a construción de 25.000 vivendas, 20.000 delas protexidas.

Señora Fernández, o horizonte, o cronograma temporal destes PIA está especificamente establecido nesa estratexia previa —e, se quere ter acceso, solicíteala, porque lla damos por su-



posto—, onde foron analizados os ámbitos. Os ámbitos son onde existe maior número de demandantes de vivenda, o noventa por cento dos inscritos en demandantes de vivenda están neses ámbitos, e, se quere o documento, solicíteo, que por suposto llo damos.

Señor Font, por outra banda, si que mencionei cales son os fondos estatais que temos. Dixen que para o ano 2025 non acadan o dez por cento; oxalá fose máis. E son fondos destinados exclusivamente a cofinanciar eses programas do plan estatal, cos que non estamos de acordo ningunha das comunidades autónomas, porque non solventa o problema estrutural que temos en materia de vivenda.

E unha aclaración máis, señora Fernández: o Aval Mozo non é a novidade, a novidade é o aval do vinte por cento para a compra de vivenda protexida, de VPA. *(Aplausos.)* Sumamos o Aval Mozo a este novo aval.

Porque, aínda que non estean de acordo, lonxe de anuncios baleiros e de titulares vougos, as políticas de vivenda deste goberno son políticas de feitos consumados, que se sustentan nunha planificación estratéxica; unha planificación que é froito do rigor e da toma de decisións, sustentadas en ferramentas como o Observatorio de Vivenda de Galicia, observatorio no que están representados todos os axentes que conforman o sector, incluídas as administracións locais a través da Fegamp; un observatorio no que se fai un seguimento periódico e permanente dunha serie de indicadores, como son os prezos de venda e renda da vivenda, as fianzas depositadas, a porcentaxe dos novos fogares ou a emancipación da mocidade, entre outros; un observatorio que nos permite tomar decisións informadas e pór en marcha plans de actuación, como o Pacto social 2021-2025, que remataremos este ano e do que xa demos cumprimento ao 95 por cento das medidas incluídas nel.

Medidas que nos permitiron, por exemplo, investir máis de 265 millóns de euros en axudas para rehabilitación; que nos permitiron investir máis de 286 millóns de euros para acceso á vivenda, tanto en propiedade como en alugueiro; que nos permitiron mellorar a accesibilidade e a eficiencia enerxética de 25.000 fogares; que nos permitiron adxudicar máis de cincocentas vivendas públicas, a meirande parte delas en réxime de alugueiro; que nos permitiron cualificar máis de catrocenas vivendas protexidas; que nos permitiron outorgar en materia de vivenda axudas a máis do 95 por cento dos concellos que temos en Galicia; que nos permitiron declarar 76 áreas de rehabilitación en 44 concellos, e tamén destinar preto de 90 millóns de euros en axudas a concellos a través das ARI, dos programas de barrios, dos programas de mestres ou do Fondo de Cooperación Local. *(Aplausos.)*

Nestes momentos estamos xa a traballar no que será o vindeiro Pacto social de vivenda 2026-2030, co que daremos seguimento a todas estas medidas postas en marcha, co obxectivo sempre de seguir a mellorar; medidas entre as que se contan as diferentes liñas de axudas, subvencións e tamén axudas á rehabilitación que puxemos en marcha, e que este ano se traduce nun importe de máis de 83 millóns de euros.

En materia de axudas, destinamos este ano máis de 30 millóns de euros a través de liñas tanto de apoio ao alugueiro como á adquisición. De feito, hai apenas dúas semanas vimos de publicar unha nova convocatoria de axudas para a adquisición de vivenda, para compra de



vivenda, ás que destinamos 3,8 millóns de euros, en tres modalidades: axudas para menores de 36 anos, para que adquiran vivendas en concellos de menos de dez mil habitantes, porque queremos facilitar o asentamento poboacional nestes concellos, que acada os 10.800 euros; axudas para a compra de vivenda en centros históricos, porque tamén queremos asentar poboación nos centros históricos, que acadan os 12.800 euros por vivenda se é menor de 36 anos, podendo alcanzar os 15.000 euros de axuda se estamos nunha área declarada Rexurbe; e tamén axudas para a compra de vivenda de protección autonómica, de vivenda protexida, que poden alcanzar os 20.000 euros de axuda se es menor de 36 anos.

Mantemos, ademais, ese Aval Mozo, unha medida que beneficia directamente os menores de 36 que queren adquirir unha vivenda, avalando o vinte por cento que non avala a entidade financeira, e tamén a partir do vindeiro mes de marzo ampliaremos ese aval, do que se poderá beneficiar calquera persoa, con independencia do límite de idade, sempre e cando compre unha vivenda protexida, unha vivenda de protección autonómica. Este incentivo, este aval, ademais, será totalmente compatible coa axuda de compra de vivenda que acabamos de mencionar, do que está aperturado o seu prazo agora mesmo, para menores de 36 anos, que acada os 20.000 euros.

Pero, ademais, neste mes de febreiro convocaremos o Bono Alugueiro Mocidade, porque por fin o Estado ingresounos o importe correspondente ao mesmo. Teño que dicir que son fondos a todas luces insuficientes. Para esta segunda convocatoria, 2024-2025, transferíronnos 11,4 millóns de euros, a metade que na convocatoria anterior; fondos claramente insuficientes, como xa trasladamos ao Ministerio todas as comunidades autónomas.

Ademais, trasladáronnos fondos sen modificar as bases, tal e como pedimos tamén todas as comunidades autónomas, porque —como antes dicía— lamentablemente o Ministerio de Vivenda segue sen escoitarnos e segue sen atender ás necesidades reais das comunidades autónomas. E, aínda por riba, replican —e en moitos casos mal— medidas que xa temos en marcha en Galicia e que están a funcionar.

Medidas como a da rehabilitación, que é outro dos grandes eixes de actuación que temos nas nosas políticas de vivenda, ao que destinamos este ano máis de 52 millóns de euros e que nos está a permitir dar nova vida a centros históricos; mellorar, modernizar e facer máis accesible tamén o noso parque público de vivenda; recuperar espazos que estaban destinados a vivenda en cidades e concellos máis pequenos. Un capítulo no que quero destacar o noso programa Rexurbe, ao que destinamos case 7 millóns de euros, que nos está a permitir recuperar vivendas en cascos históricos como Betanzos, Ferrol, A Coruña, Mondoñedo, Viveiro, Vilalba, Ourense, Tui, Ribadavia ou Ribadeo. Actuacións tamén de conservación e mellora do parque de vivenda pública, ao que destinamos 2,5 millóns de euros; actuacións complementarias que nos están permitindo tamén rehabilitar cascos históricos como o Consorcio Casco Vello de Vigo; e vivendas tamén de moitos concellos a través do Fondo de Cooperación Local, ao que este ano destinamos 10 millóns de euros. Medidas e actuacións que completamos con novas iniciativas, como os aloxamentos compartidos e temporais para a mocidade, que antes avancei, como esas medidas excepcionais que estamos a pór en marcha conxuntamente coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, co obxectivo de ofrecer un alugueiro accesible a mozos e mozas menores de 36 anos por un período máximo de alugueiro de tres anos. *(Aplausos.)*



A través destes aloxamentos compartidos estamos a ofrecer á mocidade un paso intermedio no seu proceso de emancipación e construción do seu novo fogar. No primeiro deles vimos de licitar o proxecto de redacción, neste pasado mes de xaneiro, situado aquí en Santiago de Compostela, cunha previsión de alcanzar as sesenta vivendas. Será o primeiro pero non o único que poremos en marcha ao longo deste ano. Tamén lle seguirán, polo de agora, Lugo e Vigo. Porque, señorías, son as grandes cidades as que aglutinan preto do noventa por cento dos demandantes de vivenda, e por iso son nestas grandes cidades e nas súas contornas onde estamos a despreparar os maiores efectos e os maiores esforzos para dotalas de máis vivenda protexida, de máis vivenda pública e de máis solo onde se poida construír vivenda pública, vivenda protexida e tamén vivenda libre.

Un esforzo que podo traducir en cifras: 755 novas vivendas de promoción pública temos en marcha en Vigo, onde estamos a desenvolver 1.600 vivendas no polígono de Navia e onde imos desenvolver solo residencial que permita a construción doutras 2.300 vivendas a través dos PIA. 363 temos en marcha en Ferrol, no Bertón, onde xa temos solo urbanizado que permitirá a construción doutras 1.300 vivendas; 460 en Lugo, a maior parte delas en Garabolos, ás que se sumarán as 1.200 que se desenvolverán no PIA do Sagrado Corazón; ou as preto das 120 novas vivendas que construiremos nas parcelas que acabamos de permutar co Concello de Lugo. 182 que estamos a desenvolver en Pontevedra, en Valdecorvos, onde prevemos ademais desenvolver solo residencial que permitirá a construción doutras 2.000 vivendas. Ou as 104 de Xuxán, na Coruña, onde temos previsto desenvolver ao redor de medio milleiro de novas vivendas e solo que permita a construción doutras 4.000; de feito, hai escasamente un mes comezabamos a construír un bloque de 50 novas vivendas públicas. E así podería seguir, coas 64 vivendas de Cambedo da Raia, en Ourense, onde ademais desenvolveremos solo para máis de 1.600 vivendas; ou as 60 que estamos a executar en Santiago de Compostela, ás que se sumarán os 60 aloxamentos compartidos e ás que se sumará o solo que tereamos para máis de 3.400 vivendas; ou as 20 vivendas de Mos; ou as outras vivendas de promoción pública que desenvolveremos nos solos que están sendo cedidos polos concellos. (*Aplausos.*) Solos urbanos cedidos polos concellos que son unha boa mostra da colaboración e cooperación institucional, que consideramos, por suposto, imprescindible para dar resposta á situación actual que temos en materia de vivenda en todo o país.

En definitiva, señoría, redobramos esforzo, pero non comezamos as nosas políticas de vivenda antes de onte. Nos últimos catro anos a Xunta leva concedidas axudas á vivenda por importe global de preto de 73 millóns de euros, que permitiron a máis de 1.700 familias acceder a un novo fogar. Ese é o camiño que empezamos a percorrer, pero tamén é o camiño que nos está a permitir sumar novos fogares; polo de agora, efectivamente, temos en marcha máis de 2.000 novos fogares. Somos moi conscientes de que é un reto arduo e complexo que temos por diante. Pero permítanme rematar dicindo, señorías, que lles aseguro que non nos deteremos ata estar orgullosos do resultado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Rolda especial de aclaracións.





En primeiro lugar, teríaa o voceiro do Grupo Mixto, que entendo que non usa o seu turno.

Ten novamente a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario Socialista, don Carlos Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidenta, de novo.

«Alfonso Rueda promete 20.000 vivendas de protección oficial para 2028». (*O señor López Font mostra un documento.*) Isto é o que dixo nun acto electoral. Seguro que ninguén pensaba que era para solo, como di vostede. (*Aplausos.*)

Mire, conselleira, para vir ás súas comparencias hai que vir cunha calculadora e non perderse, porque entre o número de vivendas, o número de millóns, todo o que nos contan estas cifras, certamente mareantes, a verdade é que un se perde.

E reafírmome: declaracións de intencións é o único que na segunda comparencia que ten vostede aquí puidemos escoitar.

Dicía na primeira intervención que era bo que vostede comparecese, e agora celebrámolo máis, porque deste debate quedou moi claro como afrontamos o PP e o PSOE as medidas para solucionar o problema da vivenda. De entrada, é necesario que vostedes —e insisto—, no canto de confrontar co Goberno central, colaboren e busquen solucións, dada a importante fonte de achega económica que supón, señora Deza, que, se quere, repítolle. Porque onte o Consello da Xunta volvíaa adxudicar na relación de proxectos a construción de 57 vivendas de promoción pública en Navia: 75 por cento, Xunta de Galicia; 25 por cento, fondos estatais, de fondos europeos aos que o PP puxo moitas trabas. (*Aplausos.*)

Pero quedou claro na súa comparencia que vostedes, o PP, todo o fían á construción de vivenda nova. Parece que perseguen obter un récord Guinness. E seguímoslles dicindo que esa construción está ben, pero para cando conclúa o problema será maior polos anos transcorridos. Porque apostar só pola construción ten outro problema, señora conselleira: non todo o mundo poderá comprar unha vivenda nova por moi de protección pública que sexa; e, en cambio, si necesitan da outra opción posible que é o alugueiro.

E os socialistas queremos ofrecer solucións xa, porque é un clamor que os prezos dos alugueiros baixen, e iso só se pode facer desde o público; insistimos: desde a aposta polo público, con implicación do Goberno galego, aquela que vostedes negan. O Goberno de Euskadi funciona, como xa lle dixen, con garantías para propietarios e inquilinos, e vostedes néganse, nese afán de só construír.

Hoxe cómpre recordar: en Galicia temos 18.000 demandantes de vivenda de protección; se non se adoptan medidas como as que nós propoñemos, terminaremos a lexislatura seguro que con máis demandantes e cun problema social maior que o de hoxe. Igual construíron vostedes non sei cantas vivendas e moitas non se puideron vender.

Precísase tamén un aumento de fondos e de políticas de rehabilitación, que permitiría facilitar a dispoñibilidade de máis vivendas para un parque habitacional sempre necesitado. A



política da Xunta de permanente redución de fondos para este fin e a preferencia eterna pola construción, cando existe unha bolsa inmensa de vivendas baleiras, xera unha bolsa enorme de bens inmobles inutilizados que segue crescendo. Como exemplo, o Concello de Lugo aposta firmemente pola rehabilitación de barrios, para a saída das casas baleiras ao mercado; vostedes, o PP, apostan polo libre mercado, pola desregulación, e ninguén sabe que pretende o PP en materia de vivenda. Tan pronto fala Feijóo dunha hucha do Fogar Xove como do IBI, e vostedes aquí en Galicia tomando medidas na Lei de acompañamento que favorecen a falta de controis e de desregulación.

O camiño do salvaxe libre mercado xa o experimentou o PP con Aznar e Rato; o fracaso foi evidente, funcionou para uns poucos aos que vostedes soen favorecer e afundiú miles de familias.

Tamén se debe abordar a fiscalidade, porque hai que recordar que este goberno da Xunta renunciou a 270 millóns para favorecer os que máis teñen e regalou a súa consellería 300 millóns ás construtoras por rescate das autovías, que non supuxo ningún aforro directo ás galegas e aos galegos.

Conselleira, faremos seguimento, cunha calculadora, das súas cifras mareantes e ilusorias. Non se trata só de construír —que xa veremos o que conseguen—. O problema da vivenda ten moitas arestas, deben buscar solución para todas elas e especialmente á política de alugueiros.

Conclusión: vostedes polo récord de construír, nós por buscar solucións de inmediato.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Pola quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Ben, vexo que seguen un pouco encorsetados nesa idea de que todo é un problema de oferta. A señora portavoz do Partido Popular intentou insistir nesa idea, iso si, con datos da evolución dos censos do Estado, e en ningún momento rozou nin unha soa cifra da realidade galega, porque di outra cousa moi distinta. O que pasa é que é funcional para ese mantra que vostedes queren soste de que hai que construír máis e de que o mercado xa fará o resto.

Nós dicimos que esa é unha teoría falsa e que, en realidade, o que estamos afrontando é un ciclo especulativo que ten unhas características singulares, que o que fai é tensionar especialmente o mercado do alugueiro. O anterior ciclo especulativo, antes de 2008, tiña tres características fundamentais, que era construír, vender e endebedarse. E iso cambiou. Despois de 2008 xa deixou de funcionar, porque os bancos reduciron o crédito, porque coa maior precariedade hai menos xente que pode adquirir vivenda e porque construímos tanto, en realidade por riba das nosas necesidades, que era insostible continuar con esa diverxencia entre demografía e vivenda. E o que se produciu logo da crise é unha adaptación do sector



inmobiliario para reorganizarse nunha nova estratexia sobre tres factores: adquirir vivenda xa construída, explotar esas vivendas baixo o réxime de alugueiro, tanto turístico como para residencial, e unha maior presenza de grandes capitais e de acumulación de inmobles por parte das rendas máis altas. Hoxe en Galiza seis de cada dez compras fanse sen hipoteca, ao contado. O aumento dos prezos dos alugueiros que vivimos está precisamente relacionado con isto, con esa reorganización para intentar sacar as máximas plusvalías no alugueiro.

Ademais, estas características tamén xeran unha situación singular a nivel social. Estamos vivindo por primeira vez unha crise de paradigma do traballador propietario: quen traballa non pode adquirir unha vivenda; non hai unha relación directa. Hai un problema de accesibilidade ao alugueiro das rendas máis baixas e hai unha crise tamén de emancipación.

Isto é o que estamos vivindo. ¿E que fixo o Partido Popular ante isto? Acompañar o propio sector na creación desta dinámica especulativa. Abriron a porta ás Socimi, crearon unha arquitectura fiscal pensada para dar máis rendibilidade a arrendadores. Todas as medidas que veñen de aprobar na lei de acompañamento van nesa mesma liña: bonificacións fiscais para grandes capitais que adquiren inmobles completos para arrendar, subvencións para reformar por alugar unha vivenda, promoción dos pisos turísticos, unha alternativa de alugueiro hiperrendible. E, para reducir riscos e perdas, incluso hai seguros de impagos pagados pola Xunta. E de fondo o que están facendo é tamén dar unha batalla cultural —aquí fíxoo a señora Deza— que procura, que quere, que haxa modificacións legais para que no momento en que unha persoa inquilina teña un problema económico que a leve ao impago, non se teña en conta en ningún caso se esta persoa está nunha situación de vulnerabilidade. Isto é o que promulga o Partido... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, isto é o que promulga o Partido Popular.

Isto exige despregar un sistema de criminalización e de deshumanización brutal; que, por certo, a conselleira non ten pudor en reproducir. Vostede deixou un titular hai apenas uns días nunha entrevista que dicía: «O problema da vivenda non son os pisos turísticos, senón o medo a impagos e aos inquilinocupas». Señora conselleira, ¿quen son os inquilinocupas? ¿Quen son? ¿Quen son? *(Aplausos.)* ¿Pode darme unha definición legal? Si, unha definición legal. ¿Ou é que os conselleiros deste Goberno se dedican a insultar e a menosprezar a xente para a que gobernan? ¿Unha familia na que deixan de entrar ingresos merece menos respecto que calquera outra por parte da Consellería? *(Aplausos.)* ¿Cre que pode insultar e criminalizar a xente desta forma? ¿Que é o que non lles gusta da lexislación actual? ¿Que haxa unha mediación entre persoas vulnerables e grandes tedores? Pero sobre todo eu preguntolle: ¿é que non se parou a pensar que igual a responsable de que se dean situacións de impagos é vostede? *(Aplausos.)* Que a que tivo a xente agardando pola axuda ao alugueiro case un ano, cando tiña que resolvela en tres meses, foi vostede. Xente que a tiña concedida, que non lla deron, esperando meses sen saber se lla concederán ou non. Foi vostede. *(Aplausos.)* E denezábanse por miles porque non as bareman e porque non poñen fondos suficientes. Son vostedes quen deixan a xente desprotexida.

Ou será que teñen vostedes un bono alugueiro social ao cal a xente non se pode acoller, porque os obrigan precisamente a que haxa unha execución hipotecaria, a que despois atopen un alugueiro novo no mercado libre antes de darlles calquera axuda; e non como lle levamos dicindo dende o BNG moito tempo: que o que teñen que facer é actuar preventivamente,



precisamente para evitar esas situacións de impago. Ou serán vostedes quen liquidaron a alternativa da vivenda pública e por iso non hai outra opción ao mercado libre. Son vostedes os responsables desa situación.

E o máis gracioso é que vostede diga que o problema da vivenda baleira é o medo e na seguinte frase diga á xente «non alugue mellor vostede, porque hai inquilinatas». ¿Non serán vostedes tamén a fábrica do medo? (*Aplausos.*) ¿Non será que gastaron máis recursos en anunciar un teléfono para denunciar ocupacións que o número de persoas que chamaron para denunciar por ocupacións? ¿Cantas foron este ano? ¿Danme os dedos da man para conatalas? Díganos cantas. ¿Cantas foron?

Vivimos unha situación de crise que vostedes abonaron coas súas políticas e sobre as que vostedes sementan odio. A vivenda hoxe constitúe un dos principais elementos de xeración de desigualdade. Quen menos ten sofre máis a crise de alugueiro e hai unha transferencia de recursos inxentes das rendas baixas ás que máis teñen. E a Xunta ega esas alternativas precisamente a quen máis o precisa. E por iso denunciámos que as axudas á adquisición exclúen as persoas que menos teñen. Por iso dicimos que erran na súa política de emancipación centrándoa na adquisición de vivenda. Vostedes anuncian hoxe avais para a adquisición de vivenda protexida. Claro, ¿e onde está a vivenda protexida? ¿E non falan vostedes de que lle subiron un corenta por cento a esa vivenda protexida? Claro, é que o problema é que vostedes veñen de meterlle un sobrecusto dun corenta por cento en dous anos. ¿Así facilitan vostedes a emancipación da xente moza a través da vivenda protexida?

E acabo xa. Vostede nesa entrevista deixaba un subtítular que dicía que ían chegar ás 25.000 vivendas protexidas en 2028. Xa se dixo aquí: vostedes están intentando crear confusión sistemática nas datas. Non me asegurou cando ían estar esas vinte e pico mil vivendas; o que se dixo é que non vai ser en 2028. ¿Vai vostede pedir unha corrección de erros dese subtítular? ¿Ou a vostedes gústalles xogar nesa ambigüidade? ¿Vai pedir vostede unha corrección de erros? Porque o que se di aí é que a Xunta vai ter esas 25.000 vivendas en 2028. Pero cando imos ao documento onde a licitación do contrato di...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...que vostedes non teñen previsión ningunha de acabar ese proceso de redacción do proxecto de interese autonómico en tres anos. Iso é o que di o documento: que as súas previsións reais son que non se vai acabar ese proxecto en tres anos. É dicir: que nada de urbanizar, nada de construír vivenda protexida no que queda de lexislatura. Entón, eu preguntolle...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...—acabo xa, acabo cunha pregunta— ....Quédanlle a vostede tres anos de lexislatura.

Á parte de repetirme durante estes tres anos que hai que aumentar a vivenda protexida, ¿vai facer vostede algo para gobernar para as persoas que teñen problemas de acceso á vivenda hoxe? (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten novamente a palabra a señora Deza.

**A señora DEZA MARTÍNEZ:** Grazas, presidenta.

Señor Font, quero recordarlle que o PSOE apoiouse en Vox para rexeitar a proposta de activar os PERTE rexionais dos fondos europeos, porque quería el só xestionar eses fondos. Era cando Pedro Sánchez dicía que Abascal tiña «sentido de Estado». *Tela marinera. (Aplausos.)*

Miren, as moedas sempre teñen dúas caras e os voceiros da oposición empéñanse sempre en ver soamente unha das caras. Porque na outra cara da moeda están Xosé e Esther, que regresaron en 2023 a Tarragona, tras vivir durante unha década en Canarias. Un matrimonio que vive nunha furgoneta dentro dun rocho, porque non teñen outra alternativa. Unha situación que xa se prolonga máis dun ano. Xosé e Esther non poden regresar á súa casa por estar ocupada por inquilinos que deixaron de pagarlles o alugueiro da súa vivenda.

Ou o matrimonio composto por Francisco e Natividade. Xubilados que cos seus aforros de toda a vida compraron un pequeno piso en Villaverde para poder alugalo e ter unha xubilación máis desafogada. Sen embargo, nada máis lonxe da realidade: o seu inquilino deixoulles de pagar a renda hai máis de dous anos e a débeda supera os 12.000 euros. Ademais, o matrimonio ten que seguir pagando recibos da vivenda como a luz, o gas, a auga..., polo que teñen que utilizar a súa pensión para sufragar todos os gastos do seu inquilino. Iso é un inquilino, señora Fernández. *(Aplausos.)*

Ou o caso de Caty, que alugou a súa vivenda en 2019 e, un ano despois, a súa inquilina deixou de pagar. *(Murmurios.)* Ao non recibir o alugueiro foi complicando a súa situación familiar e chegou un movemento que tiveron que escoller entre pagar a casa ou pagar o da súa inquilino. Unha vez deixaron de pagar as subministracións do piso, a súa inquilino denunciounos ante a Garda Civil. No día de hoxe, tras unha sentenza xudicial firme ao seu favor, Caty, en tratamento psicolóxico por causa da situación, segue sen recuperar a súa vivenda.

E podería seguir e seguir, porque son miles os propietarios que están a facer de escudo social ante a pasividade e a falta de medidas do señor Sánchez. *(Protestas.) (Aplausos.)* A súa medida é, para supostamente paliar o impacto da ocupación, un novo sistema de avais que anunciou o pasado 13 de xaneiro, circunscritos a vivendas de alugueiro accesible e para mozos. Pero non ofrece confianza ningunha, porque nestes momentos xa existe un sistema de compensación para propietarios que, con todo, só cobraron entre un cinco por cento e un sete por cento das vítimas. A razón é que as compensacións só se pagan unha vez que se produciu o desafiuzamento, polo que ata ese momento o caseiro ten que asumir a ruína económica á que o condena a súa ou o seu inquilino.

E despois pregúntase o señor Sánchez, e tamén o señor Font, por que dos catro millóns de vivendas que hai España, menos do cinco por cento están en alugueiro. E a esta realidade



súmase a outra cara do problema: as familias en situación de vulnerabilidade que non poden afrontar o pago da súa hipoteca ou alugueiro. Ambas as situacións demandan respostas efectivas que equilibren a protección dos dereitos de propiedade co acceso á vivenda. E iso precisamente é o que o señor Sánchez non está a facer.

En Galicia a Xunta si que lle dá resposta. Por iso firmou un convenio de colaboración entre o IGVS e o Consello da Avogacía Galega, para crear as canles de información necesarias para procurar que as persoas en situación de desamparo non perdan a súa vivenda habitual ou, no seu caso, poidan acollerse aos programas existentes en materia de acceso á vivenda; así como para posibilitar que as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas que sexan ocupadas ilegalmente saiban como actuar nestas situacións. E, finalmente, para a implantación do procedemento de conciliación ou intermediación previsto na Lei de axuizamento civil.

Ademais, como tamén repetiron hoxe aquí, no centro da diana do Goberno do señor Sánchez están as vivendas destinadas a un uso distinto ao residencial e as comunidades que non promoven a declaración de zonas tensionadas.

En relación ás VUT o señor Sánchez dixo en Davos que faltan vivendas e sobran Airbnb. Pero ninguén pode crer que o único problema da oferta en España sexan as vivendas turísticas, porque hai un desfase entre a creación de fogares e a construción de vivendas. Segundo o INE en España operan 400.000 pisos turísticos, o que supón o 1,5 por cento do parque total de vivendas en España. E delas só o 0,5 por cento están dedicadas exclusivamente ao uso turístico.

E, respecto ás limitacións de rendas, o certo é que non hai un só lugar no mundo onde poñer tope de prezos de alugueiro servise para mellorar o funcionamento do mercado. No noso país vexamos Cataluña, onde o mercado do alugueiro é o máis caro de España e, sobre todo, o máis antisocial.

Poden repetir ata a extenuación que o principal problema da vivenda radica nos malvados propietarios, no destino de vivenda a outros usos, na política errada doutros... Pero, miren, o señor Sánchez xa leva case sete anos no Goberno; xa non é cousa doutros. Moitas promesas, pero ningunha realidade.

Miren, ao longo dos tempos os filósofos buscaban a verdade e a procura da verdade proviña de determinar a realidade con base na información, seguindo máis ou menos este esquema: información, realidade, verdade, poder. Pois ben, este paradigma cambiou. Na actualidade, a desinformación corre ás súas anchas, porque desde o Goberno do señor Sánchez son conscientes de que unha mentira contada mil veces convértese en realidade; unha mentira deliberada convértese en verdade. Así, resumidamente, a nosa sociedade ten o seguinte esquema de verdade: poder, verdade, realidade, información.

Sen dúbida, os algoritmos das redes sociais, a perda de credibilidade dos medios de comunicación e todo o que queiran dicir fan que vivamos nun mundo de desinformación. Temos na nosa man, a través de calquera dispositivo electrónico, toda a información, pero xamais estivemos tan lonxe da verdade e da realidade.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para o peche, a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a señora Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Grazas, presidenta.

Señorías.

Señor Font, cando queira préstolle unha calculadora. Non se preocupe, que o Goberno cumpre. (*Murmurios.*)

Seguramente teñan escoitado moitas veces que o éxito non é froito da casualidade, senón do traballo constante do día a día, moitas veces en silencio. As políticas deste Goberno non son nin novas nin flor dun día para outro. Como antes tiveron ocasión de explicar, son froito dunha estratexia e dunha planificación establecida en colaboración co conxunto de todos os axentes implicados.

A vivenda é certo que ocupa hoxe titulares todos os días, pero este Goberno, señora Fernández, non actúa a golpe de titular. O noso compromiso é claro: garantirlles a todos os galegos o acceso a unha vivenda digna de calidade e a un prezo accesible. (*Aplausos.*) Un compromiso que se traduce en feitos, apoiados en orzamentos e en medidas eficaces que responden ás demandas habitacionais de todos os colectivos que o precisen, especialmente dos máis novos, aos que destinamos un bo feixe de medidas que lles permitan dar ese paso preciso para a súa emancipación e crear novos fogares.

Somos conscientes da evolución do mercado da vivenda e dos retos que supón, retos aos que xa estamos a dar resposta. E mentres o Executivo central segue sen escoitar, este Goberno traballa, porque non podemos agardar por quen vive a costas da realidade.

Tal e como tiveron oportunidade de debullar nesta comparecencia, estamos vendo os primeiros froitos deste traballo. Cumprimos co noso obxectivo dos primeiros cen días de pór en marcha 375 novas vivendas de promoción pública. A piques de cumprir os primeiros dez meses desta lexislatura, temos en marcha máis de dúas mil novas vivendas de promoción pública grazas ao esforzo da nova estratexia de vivenda e a creación de Vipugal, esa sociedade de vivenda pública de Galicia que nos permitirá ser máis eficaces. Pero, ademais, reforzamos a nosa estratexia de vivenda cun novo plan para dotarnos de máis solo residencial co obxectivo de poñer á disposición solo que permita a construción de 25.000 novas vivendas. Obxectivos de lexislatura para os que xa temos en marcha medidas extraordinarias que nos están a permitir axilizar trámites, sempre dende a máxima seguridade xurídica.

Señorías, o noso deber é dar respostas, e por iso estamos a facelo con planificación e con rigor, abordando o reto da vivenda dende todas as perspectivas; por suposto, dende a coo-



peración co sector privado e coas administracións públicas. Este é un reto que nos atinxe a todos e por iso consideramos imprescindible manter a colaboración institucional tanto das administracións locais como do Goberno central.

A situación actual da vivenda é froito dunha crise de prezos e de incremento de demanda á que temos que responder con medidas que fagan viable o incremento da oferta. Ata o de agora, o que temos moi claro é que tanto a lei estatal como as medidas impulsadas no plan estatal non funcionan, como tampouco funciona a prohibición nin a presión á que nos estamos vendo sometidos dende o Executivo central para adoptar medidas que se demostraron e se demostran claramente ineficaces e incluso contraproducentes. Non funcionan nin a prohibición nin o intervencionismo.

Señorías, aquí non estamos a falar de bos e malos; de propietarios e inquilinos. É tempo de incrementar a oferta de vivenda. É tempo de incrementar a oferta de solo, é tempo de incrementar a rehabilitación. É tempo de dar seguridade xurídica aos propietarios para que poidan alugar as súas vivendas con garantías. É tempo de apoiar aquelas ferramentas válidas que nos permiten dar resposta ás diferentes necesidades da vivenda a curto, medio e a longo prazo. *(Aplausos.)* Señorías, é tempo de facer da vivenda un elemento de consenso e de construción conxunta. É aquí onde me atoparán, é aquí onde atoparán esta conselleira e, por suposto, é aquí onde atoparán o Executivo Galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

### ***Alteración da orde do día***

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Rematou a orde do día que estaba programada para a sesión da mañá e, como adiantamos e rematamos bastante antes do previsto, trasládanme un acordo dos catro grupos políticos de adiantar o reinicio da sesión da tarde, que estaba previsto para as dezaseis e trinta; reanudáremola ás dezaseis horas.

Pero tamén informo dunha alteración da orde do día para intentar provocar os mínimos trastornos ao resto das axendas. Iniciaríamos coa moción 1.8859, de consecuencias para Galicia do Acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea e, rematado o debate desta moción, sería substanciada a pregunta ao Goberno.

Se ninguén di ningunha outra cousa rematamos, entón, e suspendemos a sesión, que será reanudada ás 16 horas.

Bo proveito.

*Suspéndese a sesión á unha e trinta e seis minutos e retómase ás catro da tarde.*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Boa tarde.





Reanudamos a sesión.

Como informei... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —silencio, por favor—... ao remate da sesión da mañá, empezamos coa moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Secundino Fernández Fernández.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández, sobre as consecuencias para Galicia do acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta moción non se presentaron emendas.

Para a súa defensa, ten a palabra don Secundino Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Boa tarde, señora presidenta.

Señores deputados e señoras deputadas.

¿Por que hai que falar deste acordo da Unión Europea e Mercosur no Parlamento galego? ¿Por que temos que debater deste tema, que parece lonxe do noso país? ¿Por que temos que gastar este tempo e o noso tempo neste debate e, sobre todo, agora pola tarde, que era mellor tomar un café? Pois, se total, tamén o dixo a conselleira no pasado pleno, tiñamos que achantar co que nos puxesen; case sobra o debate. Pero, bueno, no BNG, como non somos moito de achantar, pois traemos este tema aquí; que somos máis de defender os intereses do noso país, de Galiza. E como non somos, xa digo, de achantar e temos unha posición contraria, vimos de rexistrar iniciativas tanto nas Cortes do Estado, no Parlamento Europeo e tamén, por suposto, traémolo aquí ao Parlamento galego. E tamén exixiremos ao Goberno do Estado unha posición firme no Consello Europeo en contra deste acordo.

Tamén, nesta tarde así, un pouco con ganas de estar tranquilos cada un no seu sillón, ¿por que ao BNG lle dá por traer este fabuloso tratado, que nos venden como se fosen todo vantaxes? ¿Por que o traemos aquí? Pois a nosa oposición a este acordo da Unión Europea con Mercosur fundaméntase fundamentalmente por dous motivos. O primeiro, porque estamos ante un acordo que prexudica enormemente as explotacións agrogandeiras e as producións agrarias galegas. E, segundo, porque este acordo trae consigo un grave problema para os consumidores pola falla de garantías sanitarias das producións do Mercosur.

Explícome un pouco. ¿cales son os obxectivos do tratado? Os obxectivos do tratado son liberalizar o comercio entre a Unión Europea e os países de Mercosur e a eliminación progresiva dos aranceis, que chegarán a cero en poucos anos. Así, os produtos do Mercosur entrarán en Europa a prezos moi baixos, algo que poñerá en perigo os nosos produtores. As mulleres e homes que a duras penas conseguen manter abertas as explotacións das nosas parroquias non poderán competir con estes monstros da produción agropecuaria. Só un pequeno exemplo: O Brasil produce 11 millóns de toneladas de carne de vacún; significa o dobre da produción da Unión Europea e 120 veces máis que a produción de Galicia. E todo isto vai poder ser exportado nos próximos anos á Unión Europea sen ningún tipo de arancel. Na carne de aves,



estamos nunha situación similar. E, no caso da apicultura, produce máis Arxentina que toda a Unión Europea; trinta veces máis que os apicultores galegos.

Polo tanto, estamos ante un acordo que permite a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer os mercados. Un fluxo de mercadorías que beneficia especialmente as grandes multinacionais agroindustriais, que controlan gran parte deste comercio global. En resumo, é un tratado que terá grandes repercusións nas nosas explotacións agrarias e tamén nos labregos e labregas, sobre todo, como xa dixen, das zonas de montaña, que é onde están situadas a maioría das explotacións de vacún de carne e de produción apícola.

En segundo lugar —como dixen anteriormente— este tratado trae consigo tamén un problema para os consumidores, pola falla de transparencia e certificación das condicións de produción nos países do Mercosur. No Brasil e en Arxentina están autorizados produtos prohibidos na Unión Europea. Hai que destacar que os cultivos e a cría de gando son realizados en condicións moi diferentes e permítense prácticas como é o uso de pesticidas, antibióticos, hormonas, pensos... que están restrinxidos ao máximo na Unión Europea. Un dos puntos máis graves é o uso de agroquímicos no Mercosur que están prohibidos, como poden ser os pesticidas organofosforados ou os herbicidas baseados no glifosato. Esta situación vai dar como resultado que entrarán no mercado europeo e, por suposto, no galego, producións, xa sexa en fresco ou como produtos transformados, que non cumprirán os estándares europeos.

En definitiva, para o BNG resulta incomprendible que se impulsen macroacordos comerciais que provocan o empobrecemento e a desaparición de pequenas e medianas explotacións e a entrada de produtos alimenticios sen garantías.

Señorías, ¿que significa o anuncio do mes de decembro no que se anunciou este acordo da Unión Europea e o Mercosur? O que significa é que estamos na fase da finalización das negociacións, iso foi o que pasou. Entón, a partir de aí, empeza o proceso burocrático, a tradución ás distintas linguas da Unión Europea etcétera, etcétera. Agora, neste momento, estamos na fase de toma en razón da Comisión Europea no debate dos Estados nos diferentes parlamentos, antes da aprobación definitiva.

Isto o que quere dicir é que a aprobación deste tratado de libre comercio aínda non empezou; aínda non comezou por parte da Unión Europea. É dicir, ten que empezar e ten que se dar en distintos niveis. A serie de niveis son: o Consello Europeo, o Parlamento Europeo e os Estados membros da forma en que o consideren. E por iso, por suposto, traemos este tema aquí, ao Parlamento galego, porque realmente é o momento de traelo e é o momento de decidir neste Parlamento se estamos de acordo ou non con este tratado, que sería catastrófico para o noso sector agrario.

Señores deputados e deputadas, na semana pasada estivemos en Bruxelas nunha conferencia organizada no Parlamento Europeo. Nesa conferencia había representantes de organizacións agrarias, de consumidores, de defensa do medio ambiente, sindicais, grupos políticos... e todos manifestaron a súa negativa a este nefasto acordo para a poboación europea; non só para Galicia, senón para toda a poboación europea e tamén para os produtores agrarios e



tamén para os consumidores. Tamén se constatou que hai Estados importantes na Unión Europea —como Francia, Bélxica, Polonia, Austria, Países baixos, Italia— que ou están en contra ou teñen moitas reticencias á hora de aprobar o acordo da Unión Europea e o Mercosur.

Señorías, no pasado pleno a conselleira, que estivo aquí neste estrado, mostrou a preocupación pola situación á que se ve abocado o sector agrario galego e recoñeceu, incluso, despois de dicir que non falara co Goberno do Estado, que no Consello Consultivo o ministro do Goberno de España díxolles que non tiñamos por que estar preocupados; pero, a pesar disto, a señora conselleira dixo textualmente —vou ler as súas palabras textuais, que son curtas—: «Exixiremos ao Goberno de España que solicite a implantación destas cláusulas espello para que ningún alimento que entre do Mercado Sur compita en desigualdade de condicións cos produtos galegos e que cumpran as condicións que cumpren os nosos na actualización de pesticidas ou antibióticos ou calquera produto fitosanitario». O que non dixo a conselleira é que este acordo xa está negociado e redactado. Tampouco dixo que xa non se pode modificar e, por suposto, tampouco mencionou que temos que posicionarnos neste momento en contra deste acordo para evitar a súa entrada en vigor. A conselleira o que si que lle deu é parte da razón ou a razón ao BNG nos temores que significa o acordo do Mercosur. Entón, se estas verbas da conselleira son certas e non posturo do debate que houbo no pleno pasado e se hai esta posición de defensa dos nosos produtos agrarios, entón deberían vostedes manifestalo no sentido do voto desta moción cando chegue a hora de votar.

Señorías, estamos aquí no Parlamento galego, esta é a sede da representación do noso pobo. Estamos no lugar no que nos debemos pronunciar na defensa de Galiza, na defensa dos nosos produtos agrarios; e tamén, por suposto, dos consumidores. En definitiva, onde Galiza debe levantar a voz, alta e clara, en contra deste abuso. É a hora...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...—remato, presidenta— ...de posicionarse na defensa de Galiza. Polo tanto, pedimos dúas cousas clariñas a esta Cámara: a primeira, que o Parlamento galego rexeite o acordo Mercosur-Unión Europea polos graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego; e a segunda, que o Parlamento galego inste a Xunta de Galiza para oporse ao acordo e transmitir esta posición ao Congreso dos Deputados, ao Goberno do Estado, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

*(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

Quenda do grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



Vai intervir a señora Méndez, paréceme.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todos e a todas. Iniciaba a intervención o portavoz nacionalista, tanto a do día de hoxe como a intervención do pleno pasado, dando unha serie de datos en función do número de cabezas de gando e de extensión de pastos. Uns datos en abstracto e de xeito illado que, ademais, se centraban no Brasil no pasado pleno —e o día de hoxe deu algún dato máis—, para facer unha comparativa coas reses e superficie galega. Así tamén o fixo co sector agrícola e coa produción de mel. Con isto sinalábase o malo que podería ser este acordo con respecto a este tema. Incluso había momentos en que podería entenderse que se daba por feito de forma tácita que todo o que ían producir aló ía vir para aquí ou se ía a consumir aquí e competir coa galega, como se deixasen de consumir nos países latinoamericanos e viñese todo para Galicia; e non houbera, ademais, ningún tipo de control ao respecto. É case máis apelando aos sentimentos que aos razoamentos.

O pasado 6 de decembro de 2024 finalizaron as negociacións para ese acordo entre a Unión Europea e Mercosur. A realidade é que, se se ratifica o acordo —porque aínda está sen ratificar polos Estados membros—, créase un espazo económico común de máis de setecentos millóns de persoas. Isto abre tamén un mercado de oportunidades de expansión para todos os membros do acordo, non só para o comercio latinoamericano.

O beneficio a priori pode ser tamén por aranceis reducidos, procedementos aduaneiros máis sinxelos e acceso preferencial a algunhas materias primas que, en moitos casos, son demandadas pola Unión Europea para distintas industrias estratéxicas. E, a priori, o acordo podería tamén ser positivo para os 27 países da Unión Europea; para España e para Galicia tamén, incluso polos propios vínculos históricos, culturais e empresariais que temos con estes catro países da América Latina. De feito, o propio presidente da Xunta no mes de novembro viaxaba ao Brasil para potenciar as relacións comerciais do país suramericano e cualificábo como unha das maiores potencias económicas do mundo.

A finalidade do acordo é que sexa favorable para o sector agrario, que abra oportunidades comerciais, que reduza esas barreiras de entrada para os nosos produtos exportados e aumente a protección das IXP e tamén os controis e compromisos en materia medioambiental e laboral para os países do Mercosur. O noso sector xa exporta a Mercosur, e coa entrada en vigor do acordo poderase facer —en principio, xa digo— con menos custos e, polo tanto, sendo máis competitivos.

Outra das vantaxes que pode vir con este acordo é o maior abastecemento de graos básicos esenciais, como pode ser a soia. E, dito isto, tamén é certo que hai algunhas ameazas, e de aí a importancia de coñecer ben o acordo e de valorar e mellorar o seu texto, porque, como digo, hai ese acordo consensuado, pero agora teñen que ratificar os Estados membros, sobre todo para aqueles produtos máis sensibles á competencia dos produtos de Mercosur, como son a carne de vacún, o sector avícola ou a produción de mel.



Polo tanto, a Unión Europea non negociou unha liberación completa, senón a redución de aranceis dentro dun certo volume e unha cota. Unha vez superada a dita cota, aplicaranse os dereitos de importación actuais; co cal, ese mercado tampouco o é na súa totalidade. Téñense definido uns volumes de cota pequenos, que representan pouco máis do un por cento do volume do consumo europeo dos distintos produtos, o que garante unha influencia limitada nos prezos.

O acordo non outorga tampouco un libre acceso de impostos á carne de vacún do Mercosur, só inclúe a entrada de 99.000 toneladas ao ano, cun arancel dun 7,5 por cento. O 55 por cento do cupo consistirá en carne fresca ou refrixerada e o 45 por cento en carne conxelada de menor valor. No caso do sector avícola, só permitirá importar, libres de aranceis, 180.000 toneladas, o que supón un 1,4 por cento do consumo da Unión Europea. E na produción de mel o cupo será de 45.000 toneladas libres de aranceis, que, ademais, se irá aplicando de forma gradual durante seis anos, e iso supón menos do 10 por cento do consumo da Unión Europea. Isto por citar algúns datos destes sectores, que, como digo, poden afectar máis o noso país.

Outra cuestión que ocupa e preocupa é o cumprimento das normas sanitarias da Unión Europea, polo que todos os produtos que non cumpran coas estritas normas europeas —que as temos, hai que seguir mantendo e ser estritos nestas normas, para protexer a saúde humana, a animal e tamén a vexetal, así como tamén a inocuidade alimentaria— pois, evidentemente, non poderán entrar. De feito, o propio ministro Planas dixo: «Todo produto proveniente de Mercosur ten que cumprir os estándares de seguridade alimentaria da Unión Europea, e, se non, non entra». Así o dixo, e así de tajante foi, porque a saúde non é negociable.

Polo tanto, o acordo da Unión Europea a Mercosur non vai dar entrada no mercado europeo aos produtos que non cumpran coas normas sanitarias, e o acordo non muda neste principio. Isto tampouco é algo novo, xa no ano 2018 se restrinxiron importacións de vacún de carne procedentes de Mercosur por problemas detectados, o que amosa que os controis se viñan realizando na fronteira e que, ademais, funcionaban.

Outro exemplo témolo no uso de hormonas para a cría de animais. Ningún produtor que as use pode importar os seus produtos dentro da Unión Europea. Os estritos controis sanitarios nas fronteiras da Unión Europea garanten o cumprimento desta obriga; e a limitación de residuos de uso de pesticidas tamén será outra cuestión a ter en conta para tela controlados.

Esta norma aplícase de xeito equivalente a todas as importacións procedentes de terceiros países, e isto, como digo, non é negociable. A norma europea é de obrigado cumprimento e o acordo non cambia nada esta máxima. De feito, para garantir que así sexa en calquera circunstancia vanse reforzar os controis e estreitar a cooperación das autoridades locais para os países do Mercosur.

En todo caso, haberá que estudar ben o acordo, haberá que ver que acordo se vai asinar, que eivas pode ter para os nosos gandeiros e gandeiras ou para algún sector concreto, e haberá que poñer medidas para paliar algunha eiva que poida existir. Por certo, a comunidade au-



tónoma tamén ten a capacidade de establecer estas liñas, de establecer cláusulas, ou de preparar algún plan especial, como xa o está a facer no sector avícola.

As guerras comerciais son malas, sobre todo no sector da agroalimentación. Estamos ante unha etapa de incerteza, chegada da man de Trump, chegada da Casa Branca, que xa na súa etapa anterior fixo caer as exportacións nalgún sector ata un sesenta por cento. De feito, hoxe mesmo tamén nos espertabamos con esa nova deses aranceis ao mundo do aluminio. Polo tanto, a incerteza é unha realidade, e estamos a falar de cifras importantes.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** —remato, presidenta—.

Pechar as portas de entrada non parece a mellor opción, habendo reticencias e dicindo que hai que estudar polo miúdo esta situación, pero hai que ver as partes positivas e intentar que isto beneficie o noso sector primario e os nosos gandeiros e gandeiras, sempre cubrindo e sempre protexendo este sector primario.

E para rechazar o acordo, pois, evidentemente, aínda hai tempo. Neste momento, para o que estamos creo que é para complementar, mellorar e para poñer propostas e iniciativas enriba da mesa que contribúan a asinar o mellor acordo para os gandeiros e gandeiras de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Viso.

**O señor VISO DIÉGUEZ:** Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Señor Fernández, eu creo que hoxe é un bo momento para debater sobre o Tratado Mercosur-Unión Europea, en vez de tomar ese café que vostede dicía; despois tomaremos o café.

Como todos sabemos, o mercado común do sur, o Mercosur, é un proceso de integración rexional —aquí xa se falou del— composto inicialmente por Arxentina, polo Brasil, Portugal e polo Uruguai. O acordo Mercosur-Unión Europea foi asinado tras 25 anos de negociacións. Señorías, é un proceso aberto e dinámico, algo que hoxe aquí non se comentou, pero que é importante recordar. Dende a súa creación tivo un obxectivo principal, que era propiciar un espazo común que xerara oportunidades comerciais. Por suposto, falamos de eliminar aranceis co máis do noventa por cento, pero tamén falamos de crear un mercado que pode superar os setecentos millóns de persoas.



Este pacto, por suposto, ten como obxectivo liberalizar o mercado e favorecer o comercio multisectorial. Agora ben, tamén recollendo as palabras da conselleira temos que dicir que é certo que existen preocupacións lexítimas, por suposto —vólvollo repetir—, no sector agrogandeiro sobre a competencia de produtos procedentes de países con estándares produtivos diferentes aos europeos. ¡Por suposto!

Pero dende a Xunta de Galicia, dende a Consellería do Medio Rural, non imos permitir que os nosos gandeiros, que os nosos agricultores, compitan en condicións desiguais. Dentro das nosas competencias impoñeremos medidas de control estritas — xa o comentaba a señora Lara na súa intervención—, e o papel da Xunta de Galicia. Pero tamén, por suposto, señor Fernández, falabamos de que estamos nun acordo sen rectificar. Teremos que falar co Goberno para que reclame o que son esas chamadas cláusulas espello. Iso teremos que facelo, e así o seguiremos facendo. Por suposto, non podemos pedir que os estándares de calidade dos produtos non sexan os mesmos nos que veñen de fóra que nos exixidos aos nosos produtos.

Pero tamén temos que falar dunha normativa sanitaria que é clara. Hoxe na súa intervención, señor Fernández, ás veces deixaba..., dubidaba un pouco de se non temos unha normativa clara en canto ao que falamos da normativa sanitaria. O acordo non vai dar entrada a produtos que non cumpran esa normativa, por suposto. Falabámolo tamén e repetíao a señora Lara. Hai estritos controis que garanten esta obriga. Aí temos que telo claro, e a Unión Europea vixiará, por suposto, o cumprimento, tanto na protección humana, na animal como na vexetal.

Pero, ademais, dende a Xunta de Galicia —e así o dixo a conselleira na súa intervención—, dende a Consellería do Medio Rural, vai haber un compromiso para seguir facendo eses controis máis exhaustivos, sobre todo na parte de sanidade animal e vexetal.

Como vostede tamén comentaba, temos que facer probas específicas para detectar os patóxenos e temos que facer tamén esas probas para detectar eses residuos de fármacos e os fitosanitarios que están prohibidos na Unión Europea. Pero para iso tamén está a Consellería do Medio Rural e a Xunta de Galicia, para detectar e para reforzar ese compromiso.

Tamén reforzaremos a trazabilidade. É moi importante saber o percorrido dende a orixe dese produto ata o mercado, e por suposto ten que ser totalmente transparente. Tamén seremos exixentes no etiquetado, por suposto. Os consumidores teñen que saber o que están mercando en cada momento, teñen que saber con claridade a procedencia dos alimentos e, sobre todo, tamén os seus compoñentes. Niso, por suposto, hai un compromiso, así o dixo a conselleira na súa intervención e así o ratifico eu hoxe aquí.

Pero, ademais, hoxe, señorías, temos que falar daquilo que é o punto forte, de algo do que vostedes non acostuman a falar, non sei por que. ¿Cal é o noso punto forte? O prestixio dos nosos produtos; diso é do que temos que falar. Por suposto, despois de moitos anos de traballo dos nosos gandeiros, dos nosos agricultores, das nosas administracións, conseguimos que hoxe en día, cando os produtos saen fóra de Galicia e vai a palabra «Galicia», tamén vaia a palabra a calidade. Ese é o punto forte, e ese é o punto que temos que destacar.



Todos os que tivemos a sorte de saír con produtos fóra de Galicia —e fóra de España tamén— puidemos comprobar que cada vez que falabamos de Galicia a xente entendía calidade, e iso é o que temos que facer e iso é o que temos que destacar. (*Aplausos.*)

Ademais, señoría, vostede tamén se olvidaba de falar dunha cláusula salvagarda que aparece nese mesmo acordo. É importante que, se o contamos, que o contemos todo; unha cláusula de salvagarda en virtude da cal se poderá suspender temporalmente a concesión de forma unilateral, en caso de que estas importacións provoquen —ou simplemente ameacen— un dano grave aos devanditos sectores da Unión Europea. É importante tamén recordar que nese mesmo acordo aparece esta cláusula de salvagarda, que, dalgunha maneira, pode garantir esa competencia.

Dende a Xunta de Galicia, e dende a Consellería do Medio Rural, estamos comprometidos co sector, así o faremos ver sempre cada unha das veces que subamos aquí e falemos do que é para nós o sector agrogandeiro en Galicia e do que é para esta consellería. Falamos do fomento de razas autóctonas, máis de 220.000 euros este ano; falamos de control de rendemento leiteiro, máis de 750.000 euros; falamos deses pagos adicionais de máis de 3 millóns de euros da PAC, señorías, que chegaron aos agricultores e aos gandeiros. E, por suposto, ¿por que? Porque, dalgunha maneira, recoñeceron o seu labor de produtos e alimentos sans e de calidade. Volvemos recalcar un pouco o papel de calidade, e de Galicia, que van nesa mesma frase.

Somos a terceira comunidade de España con máis selos de garantía, tanto de denominación de orixe como os ISP, e mesmo do selo de artesanía alimentaria. Ou sexa, vemos que estamos nos primeiros postos cando falamos de produtos de calidade.

Por suposto, cando falamos de apoio aos produtores, falamos dun apoio real. Se falamos dun sector, como pode ser o sector do viño, vemos como este último ano fixemos un esforzo económico moi forte para apoiar o sector vitivinícola.

Somos potencia hortofrutícola, mesmo no sector da planta, e volvemos estar recoñecidos como un sector cun produto de calidade. Volvemos falar de queixos non só recoñecidos en toda España, senón que, cando saen, vemos que cada vez reciben máis premios en competicións internacionais. E, por suposto, falamos do mel etcétera.

Señorías, temos que recordar que nós estamos falando de produtos de calidade, e por iso sabemos que, se saímos fóra, se saímos coa marca Galicia, saímos coa marca calidade.

Pero tamén imos exixir, por suposto, o cumprimento sempre desa normativa, pero tamén temos que exixir un pouco de coherencia; de coherencia con aqueles grupos parlamentarios como o seu, o Bloque Nacionalista Galego, que aquí veñen contarnos uns acordos, pero logo en Madrid están apoiando un goberno que ratifica eses acordos. Como vostedes ben saben, este acordo foi impulsado e asinado polo ministro Luis Planas, un ministro do Partido Socialista e dun goberno do Partido Socialista, que vostedes apoian en Madrid.

Entón, a verdade é que tamén nós temos que facer algunha pregunta. Vostede comezaba hoxe a súa intervención falando de que tiñan que preguntar unha serie de cousas. Nós tamén





ás veces temos que preguntarnos unha serie de cousas, como se na súa política non hai unha certa incoherencia entre o que din aquí e o que din en Madrid. Ás veces non coincide, pero, bueno.

Tamén un pouco na liña do que falaba a señora Lara, temos que falar desa gran vantaxe competitiva. Falabamos dos países como Arxentina, Paraguai ou Uruguai, que teñen esa relación, ese vínculo con Galicia, e iso, por suposto, vai ser un factor favorable nese mercado.

Tamén temos que falar —falabámolo, e falouno así a conselleira— de que non só falamos deste mercado co Mercosur, deste momento de posible comercio co Mercosur, senón que os nosos produtos sempre estiveron acostumados a saír fóra e a competir pola calidade. Polo tanto, eu creo que neste momento temos que seguir pensando e seguir, dalgunha maneira, reforzando ese parámetro de calidade, que é o que garante os nosos produtos.

Polo tanto —e vou rematando xa, señora presidenta—, por suposto que na Xunta de Galicia e nesta consellería nos imos manter vixiantes, non cabe ningunha dúbida. Comentábo eu e ratifícano as palabras que dicía a conselleira na súa intervención. É certo que temos que estar vixiantes co que pasa no sector agrogandeiro, pero, por suposto, nós, un pouco con base no que vimos dicíndolles —tamén con base no que expuxemos e con base no que expuxo a propia conselleira na súa interpelación—, cremos que, por suposto, non sería acertado opoñernos agora mesmo, dalgunha maneira, e sobre todo opoñernos diametralmente, cando nos atopamos —e hoxe viámolo aquí e así o dicían vostedes tamén— nunha fase tan temperá do seu desenvolvemento. Quero dicir que con isto creo que agora mesmo nós temos que ter claro cal é a postura, a postura da Xunta de Galicia, esa postura de observación...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Viso.

**O señor VISO DIÉGUEZ:** ...—si, vou rematando, señora presidenta—.

Dicía que temos que ter claro que a Xunta de Galicia e a Consellería van estar nesa postura de observación, de vixilancia, exixindo o cumprimento de todas as normas da Comunidade Europea, e que nós estaremos reforzando coas normas que poidan ser tamén en cada momento importantes. Pero, por suposto, por todo o que vin dicindo e por todo o que expuxen, votaremos non á súa moción.

Nada máis e moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten novamente a palabra o autor da moción, o señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Señora presidenta, señorías.

Señor Viso, pois parece que está de acordo co ministro, polo que acaba de dicir. Nós estamos en contra e vostede está de acordo co ministro do Partido Socialista do Goberno do Estado. Moi ben, pois agora non nos acuse a nosoutros, que vostedes están votando a favor.



E paren de contar contos, porque agora din que se pode modificar, pero acaba de dicir vos- tede que despois de vinte e cinco anos se acordou o acordo, que se chegou á resolución de- finitiva do acordo. ¿E agora di que se pode modificar? ¡Home, por favor! O que se aprobou no mes de decembro foi acabar as negociacións; a partir dese momento, non se pode modi- ficar o acordo. O que empeza é o proceso para aprobalo, pero non se pode modificar porque, se non, terían que volver empezar as negociacións, señor Viso. ¡É que a cousa é así! ¡Non conten contos, non se pode cambiar! Acabaron as negociacións.

Vostedes falan dun gran mercado europeo e do Mercosur de non sei cantos millóns de per- soas, de 700 millóns de persoas. ¡¿E que lles imos vender? Porque eles xa teñen! ¡Vannos vender eles a nós! O mercado ese é para eles, que son os produtores. Nós non producimos suficiente para nós e resulta que lles queremos vender. (Aplausos.) ¡Home, por favor! (Aplausos.)

Falan do prestixio e da calidade dos produtos agrarios galegos. Estamos totalmente de acordo. As labregas e os labregos galegos producen alimentos de moitísima calidade, cuns estándares moi altos e que cumpren todas as normativas da Unión Europea. Pero, ¿ímoslles vender produtos de alta calidade, como din vostedes? Se llelos imos vender, ¿a quen? E os que teñen alto poder de compra, que son os que comprarían eses produtos, supoño que serán persoas que teñen un elevado poder adquisitivo. ¿E esas persoas resulta que non poden pagar uns aranceis e hai que poñerlles aranceis cero? ¡Home, por favor, non veñan con contos chi- nos con esas historias! Iso non é así. É dicir, aos consumidores desta parte do mundo que compran os produtos de alta calidade de orixe europea non lles importan uns aranceis, por- que teñen suficiente poder adquisitivo. O problema é que nós imos ter que tragar eses pro- ductos, imos ter que comprar e tragar —sexa en fresco ou sexa con produtos transformados— eses produtos agrogandeiros que producen aí —e é un feito— a cambio doutras cuestións que non sabemos, que iso o saberán moi ben vostedes ou os que negocian —Ursula von der Leyen etcétera— os beneficios que traen a cambio desa venda do sector agrogandeiro galego.

No caso do polo, van vir esas importacións masivas de alimentos procesados. ¿A onde irán as producións de cooperativas como a de Coren? Vostede é de Ourense, ¿a onde van ir? ¿Onde se van vender? ¿Que pasará con todas esas granxas de produción de aves existentes en Ga- liza? ¿Como van subsistir se moitas veces a diferenza de rendibilidade dunha explotación son céntimos por quilo? No caso do vacún, as producións que cheguen van directamente á hostalaría e á restauración, coa conseguinte caída de prezos. No mel xa sabemos a lexislación europea e sabemos que pode haber mesturas de mel sen identificar a procedencia. Polo tanto, o que traerá consigo é unha baixada de prezos que fará inviables estas explotacións. E eu sei moi ben que na montaña oriental de Ourense...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...na comarca de Viana, en Verín, moitas mozas e mozos se incorporaron profesionalmente á actividade agraria no sector apícola, incluso con axudas da Xunta. Agora, ¿de que van vivir? Dos consumidores xa mellor non falar: pesticidas, an- tibióticos, hormonas cancerixenas que levan eses alimentos que están feitos con producións que van vir do Mercosur... Non vale dicir que existirán os controis, porque xa os mesmos



controis van facelos eles alí —van facer desde alí os controis—, e nós imos ter que tragar eses produtos que van chegar aquí sen ningún tipo de cortapisa; van entrar e van tombarnos as producións.

E todo isto a cambio de fartar as contas de resultados de multinacionais do sector agroquímico para encher as multinacionais, para que vaian espremer os recursos minerais desas zonas desa parte do mundo para que empresas de automóbiles, por exemplo, como as alemás, poidan deslocalizar a súa produción e abaratar custos nesa zona, sobre todo de persoal.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que rematar, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Así que, señorías, non sexan cómplices deste atentado aos consumidores e ás producións agropecuarias. Mostren o seu rexeitamento, digan non alto e claro e digan si ás persoas, ás nosas producións, aos nosos labregos e labregas e aos nosos consumidores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día.

Como informei a mañá, substanciamos unha alteración da orde do día coa pregunta de dona Rosana Pérez Fernández e dona María Monserrat Prado Cores.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as necesidades de persoal médico nos centros de saúde do concello de Ribeira**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para facer a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señora presidenta.

Boa tarde.

Señor Caamaño, vostede aínda é o conselleiro de Sanidade, isto é o Parlamento galego e hoxe temos con nós máis de cen persoas de Aguiño e o alcalde do concello de Ribeira. Así que lle pedimos dúas cousas: primeiro, que sexa claro; e, segundo, que teña a educación e o respecto con eles e con todas nós que non tivo a semana pasada en Vigo (*Aplausos.*) cunhas declaracións bochornosas sobre as persoas maiores do noso país. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, os veciños e veciñas de Ribeira levan anos sufrindo unha situación sanitaria caótica. A falta de persoal médico que veñen arrastrando é insostíbel nun centro de saúde con máis de 20.000 pacientes e dez médicos, cando debería haber quince Na parroquia



de Aguiño, os veciños e veciñas veñen mobilizándose todas as semanas dende hai cinco meses porque non contan con persoal médico permanente en ningunha das dúas prazas que ten o centro. O único que soubo facer vostede dende outubro foi vestir un santo para desvestir outro, movendo un médico de Ribeira para Aguiño, malia a situación extrema do ambulatorio de Ribeira; un facultativo para cubrir dous cupos de case 1.800 persoas, que provoca unha espera no día de hoxe de trece días en Aguiño e de quince días en Ribeira.

Mais vostede non só non atende os problemas da sanidade en Aguiño e en Ribeira, tampouco tivo tempo, non tivo a ben, recibir o seu alcalde, despois de múltiples solicitudes en todo este ano do seu mandato. E agora si, acaba de recibir os veciños e veciñas de Aguiño despois de cinco meses de protestas. Unha reunión na que non se comprometeu a nada e que só é un intento máis á desesperada de desmobilizar os veciños diante da manifestación prevista para o día 15. Mais isto, señor conselleiro, tampouco o van conseguir, a saúde é un dereito e están dispostos a loitar por el.

Por iso queremos que nos diga cando e como vai rematar coa situación demencial que viven os profesionais e os pacientes no centro de saúde de Ribeira e no de Aguiño dende hai meses.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor Gómez Caamaño.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Grazas, presidenta.

Boa tarde aos veciños de Aguiño.

Señora deputada, non vou entrar na polémica das miñas declaracións da semana pasada porque creo que non aporta nada ao debate de hoxe. *(Murmurios.)* Xa recoñecín o erro *(Murmurios.)* e xa solicitei desculpas ás persoas que se puideron sentir molestas. E agora a seguir camiñando, traballando, coa cabeza moi alta, pola sanidade pública galega, como levo facendo toda a miña vida laboral. *(Aplausos.)* ¡Toda a miña vida laboral! *(Aplausos.)*

Imos co seguinte. *(Aplausos.)* Efectivamente, a semana pasada reuníme con veciños de Aguiño, atendendo tan pronto como me foi posible a súa solicitude. Tiven a oportunidade de explicarlles polo miúdo a situación coa que nos atopamos en Ribeira; e coido que, unha vez falado con total seriedade e franqueza o problema actual, o entenderon —eu penso que si—; como tamén entenderon que a vontade da Consellería de Sanidade é, por unha banda, seguir a garantir a asistencia sanitaria nos catro centros de saúde de Ribeira; e, por outra banda, traballar sen descanso ata conseguir cubrir todas as prazas vacantes.

Señorías, o déficit de profesionais sanitarios é un problema que sofre todo o sistema nacional de saúde; sei que vostedes o saben, pero paréceme que é un debate que non lles interesa porque é responsabilidade directa do Goberno central. Porque, aínda que queiramos, non



hai facultativos para poder contratar e cubrir as prazas de Ribeira. Hai un déficit acusado de profesionais que vimos arrastrando desde hai anos, fronte ao que o Goberno central non actuou. Lémbrolles que por iso Galicia e o País Vasco impulsamos un manifesto —apoiado por un total de trece comunidades autónomas— urxíndolle ao Goberno de España medidas para que nos dote de máis médicos. Lémbrolles tamén que este Parlamento aprobou diversas iniciativas para demandarlle ao Goberno de España medidas como o aumento da idade de xubilación ata os 72 anos de xeito voluntario, ou a axilización da homologación de títulos de especialistas en Ciencias da Saúde; medidas como esta, aprobadas neste Parlamento, que serían moi útiles para o centro de Ribeira.

E miren, vostedes mostran aquí a súa indignación, pero o que non din é que son cómplices da falta de médicos. (*Protestas.*) Si, vostedes votaron en contra desa proposta para elevar a idade máxima para o exercicio da profesión médica ata o 72 anos, (*Protestas.*) ao igual que votaron ata en dúas ocasións en contra das leis de medidas extraordinarias para poder ocupar as prazas de difícil cobertura mediante concurso de méritos.

Mentres vostedes din non, a Xunta fai o que ten que facer para garantirlle a asistencia sanitaria á poboación. Grazas a iso e á reorganización de recursos humanos, Ribeira ten garantida a asistencia sanitaria nos seus catro centros de saúde. E non pararemos ata cubrir todas as vacantes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a quenda de réplica ten novamente a palabra a señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, a súa solución: médicos máis maiores, non máis médicos; médicos máis maiores. (*Aplausos.*)

Despois dun ano de lexislatura e da promesa do señor Rueda de reforzar a sanidade pública, aquí, nesta mesma tribuna, a situación non só non mellorou, senón que é moito peor; e as consecuencias para a saúde da cidadanía de Ribeira, de Aguiño e do resto do país tamén son moito peores. Díxolles aos veciños de Aguiño que non vai pechar o seu ambulatorio, pero non nos fiamos, señor conselleiro, porque na pandemia pecharon na nosa comarca o consultorio de Cabo de Cruz e o consultorio de Taragoña, e cinco anos despois da pandemia seguen pechados, señor conselleiro.

Intentárono despois co centro de saúde de Palmeira e teñen o PAC da Pobra mermado e remitindo as urxencias a Ribeira, precisamente a un centro —o de Ribeira— que está totalmente colapsado. E agora o único ao que se comprometen é a unha entelequia: «Aguiño terá médicos, se hai voluntarios». Claro, díxenllo ao principio, señor conselleiro: vostede aínda é conselleiro de Sanidade, non é o xefe de Protección Civil. Polo tanto, falar de voluntariedade é, como sempre, non comprometerse a nada.



En novembro, no mes de novembro, chegaron tres médicos a Ribeira, e dous deles apenas estiveron tres días, que é o que vostedes non contan á prensa. E agora fía a cobertura das prazas de Aguiño á voluntariedade —e imos falar de que non hai médicos—; fíao á voluntariedade, malia que máis de cen persoas se forman cada ano en Galiza como médicos de familia.

Falan de voluntariedade cando o único, precisamente, que está a sacar adiante a sanidade pública neste país é a extraordinaria voluntariedade e a dedicación do persoal, (*Aplausos.*) que é quen trata de garantir unha atención sanitaria digna á poboación, mentres a Consellería ou está en contra ou directamente non está. E, se non hai voluntarios, señor conselleiro, ¿cal vai ser a súa próxima ocorrencia?

Fale en serio dunha vez e díganos, dígalles aos veciños de Aguiño e de Ribeira...,

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...cando van ter o persoal médico que necesitan e o que lles corresponde.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Grazas, presidenta.

Señora deputada, vou relatarlle a situación actual que se vive en Ribeira; unha situación que lles explicamos na reunión que mantiven a semana pasada aos veciños de Aguiño. Unha xuntanza, por certo, que os propios representantes dos veciños cualificaron publicamente de positiva. Así o recollen os xornais.

Mire, o concello de Ribeira conta cun total de 18 médicos de familia repartidos en catro centros: 14 no centro de saúde de Ribeira, 1 na Casa do Mar de Corrubedo, 1 na Casa do Mar de Palmeira e 2 na Casa do Mar de Aguiño. Ademais dos médicos de familia, hai 4 pediatras con cupos arredor das oitocentas tarxetas; número moi inferior aos límites fixados polo Ministerio para esta especialidade. O compromiso da Xunta queda demostrado con todas as medidas que tomamos para garantir a mellor atención sanitaria aos veciños de Ribeira.

En 2020 creamos unha nova praza en horario de mañá, reconvertemos dúas prazas de médico de familia a facultativo especialista en atención primaria, para facelas máis atractivas; reforzamos a atención do PAC, aumentando médicos e enfermeiras nas quendas de tarde. O certo é que agora mesmo hai catro vacantes de facultativos en Ribeira, dúas delas por xubilación e dúas por incapacidade temporal.

Estas prazas son difíciles de cubrir porque —insisto— non temos nas listas de contratación profesionais sanitarios que poidamos contratar polo déficit de profesionais en todo o Estado



español. En todo caso, o que si lle podó asegurar é que a asistencia sanitaria está plenamente garantida con intersubstitucións e con persoal dos distintos centros, aos cales lles agradecemos moito o grande esforzo.

E, reitero, temos a firme vontade de manter e de cubrir, tan pronto como sexa posible, esas dúas prazas do centro de saúde de Aguiño, tal e como prometemos aos veciños. Comprométemonos cos veciños de Aguiño a estudar todas as fórmulas posibles para atender a demanda sanitaria ante a escaseza de médicos. E o certo é que, a pesar do contexto complicado para dispor de facultativos, no concello de Ribeira hai catro centros de saúde e todos prestan no día de hoxe asistencia sanitaria.

Fronte aos que tratan de enlodar e sacar rédito político á custa de todo, ata da sanidade, nós tratamos de sumar, de escoitar e de achegar as mellores solucións para todos.

¿Que fai o BNG? Buscar por toda Galicia prazas vacantes para exhibilas como un triunfo neste Parlamento, (*Murmurios.*) onde ao mesmo tempo votan en contra de todas as solucións que se formulan. (*Aplausos.*) ¿E que fai a Xunta? Buscar sen descanso un facultativo para cada praza baleira; (*Murmurios.*) sempre, por certo, sen a súa axuda. E así seguiremos. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, coas mocións.

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Paloma Castro Rey.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*No punto 3, onde di: «3. Presentar no prazo de tres meses o programa de acción da Estratexia Galega da Infraestrutura Verde e para a Conectividade e a Restauración Ecolóxica, así como o Plan ...»,*

*Debe dicir: «3. Presentar no prazo de tres meses o programa de acción da Estratexia Galega da Infraestrutura Verde e a Restauración Ecolóxica, que inclúa os plans de infraestrutura verde municipais, así como un Plan...»)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para defender a moción, e por tempo de oito minutos, ten a palabra o señor Bará.



**O señor BARÁ TORRES:** Moi boa tarde.

Eu quixera aproveitar esta intervención para desmontar tres mantras, tres mentiras, que utiliza de maneira constante o Partido Popular e tamén o Goberno da Xunta, que é do Partido Popular.

A primeira mentira, o primeiro mantra, é que os espazos naturais e a biodiversidade son un problema, son un atranco, son unha especie de condena, como cando hai un descubrimento do patrimonio cultural que dificulta o desenvolvemento dos territorios e tamén das terras. Esta idea forma parte dese discurso populista do Partido Popular, que é absolutamente idéntico ao discurso extremista da extrema dereita, e que expresou de maneira moi clara o anterior conselleiro do Medio Rural, o señor González, nun encontro que tivo en Sandiás no ano 2023, no que dixo: «Algo falla se, cos compromisos ambientais e a protección que nos están impondo, o único que logramos é que arda todo cando vén un incendio no verán». É dicir, que lle botou a culpa dos incendios na provincia de Ourense á Rede Natura; así, dito claramente.

Pois ben, este é un discurso incendiario, é un discurso irresponsable, porque, miren, señorías do Partido Popular, os incendios non son consecuencia da protección ambiental e tampouco son consecuencia da xenética galega; os incendios son consecuencia do abandono do rural, da falta de ordenación do territorio e da falta de medidas de prevención do Goberno galego do Partido Popular. *(Aplausos.)* Esas son as causas dos incendios, señor Trenor, que é o portavoz de Medio Ambiente do Partido Popular —non lle sorprenda o que estou dicindo—. E, ademais, hai numerosos documentos oficiais que demostran que os beneficios da protección natural, da protección ambiental, se multiplican ata por sete.

Voulle traer aquí un documento do Goberno central que di: «O valor dos beneficios da Rede Natura 2000 é sete veces superior ao custo», ¡sete veces superior ao custo! *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* Este informe fíxoo o Goberno central no ano 2016, presidido por ese gran líder ecoloxista chamado Mariano Rajoy, ¿non?, que destaca polos seus comentarios en prol do medio ambiente. Pois é o Goberno popular do señor Rajoy o que dixo isto. Polo tanto, non sei para que veñen vostedes aquí intentar levarlle a contraria.

O segundo mantra, a segunda mentira do Partido Popular, é que temos un grave problema co cambio climático e que a solución milagrosa para o cambio climático é a transición enerxética; é dicir, a proliferación do que chaman enerxías renovables e a descarbonización, que realmente o que enmascara é un proceso de implantación masiva de enerxías renovables, sobre todo da eólica, que son un gran negocio, un gran pelotazo económico, e que responde a uns intereses moi determinados, que non son os do territorio.

Pero vostedes cando falan de transición enerxética esquecen poñerlle un adxectivo, que é «xusta»: «transición enerxética xusta». Iso quere dicir ordenada, respectuosa co territorio e beneficiosa para a maioría social. Transición enerxética xusta, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E, ademais, esquecen e ocultan que o cambio climático é unha manifestación dun problema moito máis importante, que é o da emerxencia ambiental, o da crise ambiental. E unha das





grandes solucións para a crise ambiental, a principal, non é a transición enerxética, é o coitado, a preservación da biodiversidade, xusto o que vostedes desatenden, o que vostedes desprezan. E por iso é tan importante, porque, ademais, é un escudo protector para a humanidade, para a xente, e un grande elemento fundamental para a saúde, como se demostrou tamén durante a pandemia.

Por iso é tan importante cumprir os mandatos internacionais, incluíndo os da Estratexia europea para a biodiversidade 2030, que nos di que temos que protexer o trinta por cento do territorio, e estamos no doce por cento, e que temos que facer unha estratexia para restaurar tamén o trinta por cento das superficies degradadas, e non están facendo absolutamente nada, porque vostedes andan a outras cousas. Vostedes andan de comerciais de Altri, de mordomos da eucaliptización, do *lobby* mineiro, das enerxéticas e da banca.

E chegamos ao terceiro mantra, á terceira mentira, que é que vostedes repiten ata a saciedade unha mentira, que é que Galiza ten protexido o 42 por cento do territorio con figuras de protección ambiental, con espazos naturais protexidos. E aquí fan unha burda manipulación porque meten na categoría de espazos naturais protexidos algo que non son espazos naturais protexidos, que son as reservas da biosfera. En Galiza hai 365.000 hectáreas de espazos naturais protexidos. Reservas da biosfera son máis dun millón de hectáreas. Case toda a provincia de Lugo é reserva da biosfera. Iso non serve para protexer o territorio dos proxectos depredadores eólicos, mineiros, eucaliptizadores e demais. Non é unha figura de protección ambiental, é doutro tipo. ¿Como hai que dicírllelo? Estamos á cola do Estado e de Europa en espazos naturais protexidos. Estamos no 12 por cento, cando a media do Estado é do 27 por cento, cando Asturias ou Cantabria están no 28 ou no 29 por cento e cando Portugal está no 21 por cento. Vostedes compáranse cos malos, pero no Estado español non hai ningún máis malo ca nós. Entón, van buscar malos por toda Europa, a ver se hai, como en Dinamarca, que ten menos espazo protexido ca nós. Pero estamos entre os 4 peores da Unión Europea, contando os 27, en superficies naturais protexidas.

E hai, ademais, 147.000 hectáreas. Hai informes técnicos do ano 2012, de cando gobernaban vostedes, que dicían que había que protexelas, que eran espazos valiosos —teño aquí o mapa—. Dicían que había ata dezasete espazos que había que protexer, segundo un estudo feito por un organismo universitario como o Ibader, o Instituto para a Biodiversidade Agraria e o Desenvolvemento Rural. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) É dicir, informes técnicos que dicían que había que protexelos, e vostedes deixáronos na desprotección. Porque vostedes non queren protexer o patrimonio natural. Vostedes queren protexer outros patrimonios: o patrimonio de Naturgy, de Iberdrola, de Abanca, de Ence ou de Altri, jou de Altri! Porque precisamente por iso vostedes non protexeron a proposta que facía o Ibader (*O señor Bará Torres mostra un mapa.*) de ampliar a serra do Careón, e xustamente aí van plantar..., ben, non van plantar porque non lles imos deixar, pero intentan plantificar aquí esa macrocelulosa contaminante e depredadora de Altri. Pero que lles quede claro que hai un pobo en pé, un país digno que lles vai impedir cometer esta auténtica tropelía, (*Aplausos.*) este pelotazo ambiental, económico e urbanístico, este atentado contra o país, este espolio colonial do noso país. Non llelo imos permitir, custe o que custe.

E, miren, remato porque esta moción ten como obxectivo demostrar que hai outra política ambiental posible. Nós formulamos aquí con esta moción cinco propostas concretas que



teñen que ver coa ampliación da Rede Natura, coa creación dun Fondo de Conservación da Natureza, co desenvolvemento da Estratexia da biodiversidade, co desenvolvemento e aplicación da Estratexia da infraestrutura verde ou con que demanden ao Parlamento o que lle pedimos, que é que nos teñen que trasladar ao Parlamento os contratos que fixeron nos últimos anos sobre esta materia.

Pero quero resumir todas estas propostas nunha, que ten que ver co Fondo da Conservación da Natureza, que é unha medida absolutamente transformadora e revolucionaria. Propoñemos a creación do fondo que chamamos Devesa da Rogueira. O fondo Devesa da Rogueira ten como finalidade compensar os servizos ecosistémicos que lle prestan eses bosques, eses espazos naturais ao territorio no que están, pero a toda a humanidade, a todo o planeta. Para iso é este fondo, que sería unha medida que cambiaría absolutamente a política ambiental deste país. Esas medidas son as que implantará no seu día o goberno alternativo do BNG, cando teñamos a responsabilidade...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...de gobernar, (*Murmurios.*) porque agora temos a responsabilidade de ser oposición firme e contundente ás tropelías que quere facer o Partido Popular, pero tamén a responsabilidade de presentar alternativas serias, rigorosas e viables coma estas.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Rolda dos distintos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que nós, dende o Grupo Socialista, coincidimos —e xa o manifestamos en moitas ocasións— na necesidade de protección do noso territorio e da nosa biodiversidade. Ao final, esta insistencia —xa o reiteramos en moitísimas ocasións e iniciativas e o debatemos en moitas iniciativas deste tipo— parece a típica tortura da gota fría: de a ver se a gota vai cando na conselleira e, por fin, se pon mans á obra e impulsa algunhas medidas.

Insistimos novamente na necesidade da ampliación da Rede Natura 2000, alcanzando polo menos os limiares establecidos no Convenio sobre a diversidade biolóxica e incrementándose a porcentaxe do doce por cento do territorio, que estamos á cola de España. É un dato obxectivo. Ten que dar protección a eses territorios, pero tamén a aquelas especies e hábitats prioritarios, a aqueles raros ou escasos, especialmente no conxunto da nosa bioxeografía atlántica, algúns dos cales as turbeiras, os brezales ou os bosques autóctonos. Este tipo de



hábitats minguaron —que tamén é un dato obxectivo— de forma significativa nos últimos anos. E, ademais, ten que cumprir os acordos plenarios. ¡É que parece que estamos inventando algo! Non, non, estamos limitándonos a facer cumprir os acordos plenarios na pasada lexislatura, no ano 2021, e no ano 2017, hai dúas lexislaturas. É que, ao final, a aprobación da ampliación da Rede Natura e da protección dos nosos hábitos parece que vai converterse nun formalismo que se repite cada catro anos e que dende o Goberno nunca cumpren.

Tamén creo que é necesario facer unha protección rigorosa do noso medio mariño, que adoece, na Directiva de hábitat, dun axeitado tratamento, como as especies e os hábitats dos medios mariños e das augas non litorais, integrando espazos litorais como a illa de Cortegada ou a costa de Oia. Pero, por outra banda, falaba o outro día a conselleira na súa intervención —e sacaba peito— dese amplo catálogo de especies protexidas ou ameazadas en Galicia, pero non existen plans de conservación das súas poboacións. Polo tanto, de nada serve ter ese catálogo se despois non existen plans de conservación. E tamén outro dato obxectivo en relación con isto é que eses plans continúan sen ver a luz, metidos nun caixón ou sen ampliar ou sen desenvolverse, o que produce de forma continua anualmente a perda de efectivos globacionais.

Señorías, é moi sinxelo de entender. Ao final, o que se está a pedir e o que pedimos reiteradamente tamén dende o Partido Socialista é que se mude ese marco normativo existente, pero o Goberno galego non o aplica, e agora mesmo o que queremos simplemente é que se cumpra a normativa europea, a normativa estatal, non como fan outras comunidades autónomas, e que se deixen do ecopostureo do Partido Popular, que nin cumpre as súas propias estratexias ou os seus propios plans nin a súa propia normativa.

En relación co peticionado na moción, a esa Estratexia galega sobre a biodiversidade ou a esa Estratexia galega de infraestrutura verde, pois a verdade é que todo apunta —eu non quero ser pesimista— a que o *modus operandi* vai ser o doutras ocasións: un documento técnico cuns obxectivos, unha concatenación de enunciados manifestando o compromiso de Galicia co cumprimento do Pacto verde europeo, unha presentación da conselleira cun *power point* estupendo, páxinas de xornais vendendo a estratexia, posteriormente a aprobación no Consello da Xunta, novamente páxinas de xornais vendendo esta aprobación e unha manifestación de que a Xunta é pioneira, e despois cero implementación, escaso orzamento e aínda menos execución del. E todo segue igual.

Non podemos seguir así. Levamos moitos anos, dende o PSdeG, reivindicando un cambio de rumbo nas políticas medioambientais da Xunta, do Partido Popular, un cambio cara ao camiño que está a marcar a Unión Europea e o Goberno de España; unha necesidade que ademais se agrava por momentos. Estamos nun momento no que é urxente e necesario un impulso das políticas medioambientais, e todos sabemos por que. A chegada de Trump á Casa Branca está a supoñer un desmantelamento total das políticas climáticas ambientais e enerxéticas que se fixeron, dos avances que se fixeron ata o de agora.

As primeiras ordes executivas do señor Trump foron saír do Acordo de París, frear as axudas a coches eléctricos, limitar a enerxía eólica, fomentar a produción de combustibles fósiles e revogar unha decena dos compromisos financeiros medioambientais que tiña Estados Uni-



dos. E coa complicidade e a máquina de facer desinformación e *fake news* do señor Musk, pois está facendo que isto se estenda a nivel mundial, e co apoio de ultradereita. Esta fin de semana vivimos en Madrid esa reunión de malos —que parece un capítulo especial duns debuxos animados, onde se reunían todos os malos de todos os capítulos—. A reunión dos villanos en Madrid foi liderada polo señor Abascal e o xefe prioritario do Partido Popular, que avogaban e dicían literalmente: «Acabar co fanatismo climático da Unión Europea». Isto é perigoso e é desalentador para o futuro do planeta, e as consecuencias estámolas a ver na rúa. Hai unhas semanas publicábase un informe da Fundación do BBVA que dicía que só o 66 por cento da mocidade estaba convencida de que a terra era redonda, que un 4 por cento cría que a terra era plana —a estas alturas da película— e que un 3,6 da mocidade desconfiaba da ciencia.

O segundo motivo polo cal é urxente e necesario son os efectos do cambio climático, que xa estamos a notar. Os últimos datos din que España tivo unha temperatura media de quince graos, un valor que queda no ano pasado, no 2024, nun 1,1 por cento por riba da media anual —que tiña ata o de agora—: fenómenos meteorolóxicos que estamos a ver —e cito—, como os incendios devastadores de California, esta semana pasada os de Chile ou as inundacións que existiron en Valencia ou en Italia hai dúas semanas.

Pois todo isto, estes motivos, fan que sexa impostergable e inaprazable o cumprimento do Pacto verde, no que precisamente se inclúen medidas como estas, como a conservación da biodiversidade e a creación desas infraestruturas verdes como solucións naturais, que, ademais, no noso territorio, non só van reportar beneficios ecolóxicos, senón tamén económicos e sociais.

Dende o ano 2015 traballamos en Pontevedra pola creación de varias infraestruturas verdes: unha pola antiga vía do ferrocarril de Arcade e outra vía verde do Salnés, que conectara a xa existente entre Portas e Vilagarcía. Un millón de euros conseguimos de financiamento europeo que se vai licitar en breve para a realización desta vía, cando gobernabamos en Pontevedra e outros... Cremos que o Goberno galego ten que seguir unha liña similar —nós predicamos co exemplo— e apostar polos grandes corredores verdes que melloran a conectividade e contribúen á restauración ecolóxica. Ademais, como dicía, poden ser unha fonte de turismo sostible.

Plantexamos como emenda incluír os diferentes plans de infraestruturas verdes municipais, porque cremos que sería bo en aras á coordinación e á homoxeneidade en todo o territorio. Ata o de agora só existe o de Pontevedra, que nós, os socialistas, cando gobernamos, o puxemos en marcha, iniciamos a posta en marcha, pero esperemos que dentro de pouco se sumen outros concellos.

Respecto do Fondo de Compensación da Natureza, polos motivos que falabamos antes dos efectos do cambio climático, cremos que é necesario tamén —e estamos conformes con esta medida— priorizar os retos medioambientais a outros económicos ou industriais e apostar pola conservación, xa non só da nosa biodiversidade, fronte, por exemplo, ás pragas. As condicións climáticas de Galicia fan que sexa bastante propicio non só para a expansión das especies invasivas, senón tamén para o mantemento da biodiversidade de determinados hábitats naturais, que, como dicía antes, moitos están diminuindo notablemente.



Polo tanto, dende o Grupo Socialista imos apoiar esta iniciativa e cremos que, aínda que a Xunta leva anos de atraso, aínda estamos a tempo de reverter a situación, e que hai que impulsar, polo tanto, con urxencia e decisión, medidas que impliquen unha xestión mellor e máis eficiente das políticas medioambientais no noso territorio.

Nada máis e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

*(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

O Grupo Mixto anuncia que renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Presidenta, señorías, moi boas tardes.

Onte saíu a vicepresidenta do Goberno central anunciando a expropiación e posterior demolición do hotel de El Algarrobo, e eu pensei que, ao mellor, o Goberno central, xa que estaba tan xeneroso, tamén anunciaría algunha actuación para Galicia. Pero non, seguimos esperando, e o Goberno central aínda segue sen facer absolutamente nada relacionado co medio ambiente na nosa comunidade.

Hai algo moi fácil que podían facer, que era pagarnos todo os custos que asumiu Galicia para limpar as nosas praias cando tivemos a crise dos *pellets*, pero temo que seguiremos esperando, porque este goberno central ten esquecida da súa axenda a Galicia. Vímolos co lobo, vímolos tamén coa Lei do litoral, que aínda parece que estamos agora con iso, porque a pesar de que o Tribunal Constitucional nos deu a razón, temos que pelexar para que nos transfiran os medios e os recursos, e estámolo a ver tamén coa AP-9. Sempre, sempre que o Partido Socialista de Galicia ten que posicionarse, ten que elixir entre Galicia e o Goberno central, elixen o Goberno central. *(Aplausos.)*

Señor Bará, empezaron vostedes facendo montaxes fotográficas, difundindo bulos e fotocopiando alegacións. Pero, mire, a historia repítese; fixeron vostedes o mesmo coa AP-9, fixeron o mesmo cando se instalou Alcoa na nosa comunidade e fano cada vez que hai algún proxecto, algún investimento para Galicia. *(Murmurios.)* Vostedes sempre, sempre, artellan unha campaña de manipulación e de contaminación, e agora o peor é que están xa nunha fase conspiranoica.

Falan vostedes de acordos secretos, falan vostedes de que se desclasifiquen os papeis ocultos da Xunta e Altri... *(O señor Trenor Lopez mostra unha folla dun xornal.)* — ¡mire que ben sae vostede aí! ¡Sae fabuloso! *(Risos.)* ¡É que é o seu momento! — Pero, señoría, iso é todo pura cien-



cia ficción, igual que o seu goberno alternativo. Imaxinen o goberno que queiran, pero non creo que vostedes gobernen en Galicia por moitos, moitos anos. (*Aplausos.*)

Señores do Bloque, déixense de conspiracións, deixen as campañas de acoso aos empregados públicos e respecten o que digan os técnicos de Medio Ambiente, que iso é o propio dun estado democrático. Señorías, por moitas campañas que o Bloque poña en marcha, por moitas campañas de manipulación que paguen vostedes, por moito *photoshop* e fotografías manipuladas que vostedes fagan, por moitas intervencións incendiarias que vostede faga aquí, a realidade é tozuda. Si, señorías, a realidade é tozuda, e por moito que a esquerda queira manipular a realidade sempre se impón. E aínda que na esquerda exista ese hábito a terxiversar, a manipular, a difundir bulos, a mentir, a realidade sempre se impón. A realidade é un muro onde a esquerda turra unha e outra vez, e o problema de turrar é que vostedes pechan os ollos, tapan os oídos e collen velocidade; co cal, non só é que choquen coa realidade, é que acostuman caer vostedes no ridículo.

En Galicia, señorías, estamos moi orgullosos do noso medio ambiente. Poucas sociedades foron quen de ter unha relación co seu contorno como a galega. A nosa identidade, a nosa cultura, o noso patrimonio está entrelazado de forma indisoluble co noso medio ambiente. Por iso non é estraño que o medio ambiente estea na axenda das prioridades do Partido Popular de Galicia e tamén do Goberno galego. A nosa máxima é conservar o patrimonio natural e tamén garantir a sustentabilidade, tendo en conta as necesidades económicas, sociais e culturais e a nosa especial relación co medio ambiente; en liña, ademais, co que marca Europa, coa creación da Rede Natura. E a realidade é que temos un nivel de protección da nosa biodiversidade moi alto, xa que case a metade do noso territorio, case a metade Galicia, está protexido por algúns dos instrumentos de conservación: (*Aplausos.*) 6 parques naturais e 1 parque nacional, 6 humidais protexidos, 8 monumentos naturais, 2 paisaxes protexidas, 12 ENIL e 2 EPIN, 59 zonas de especial conservación, 16 zonas de especial protección para aves, 2 xeparques mundiais e —si, señor Bará— 7 reservas da biosfera, que tamén permiten que protexamos a biodiversidade e que conservemos o noso medio ambiente; se non, ¿para que facemos a Declaración da biosfera?, ¿para que, señor Bará? ¿Para que piden vostedes que ampliemos, precisamente, esas proteccións? ¿Para que? Pois, precisamente, para protexer a biodiversidade e o noso medio ambiente. Esa é a Galicia real, a Galicia que lle molesta ao Bloque Nacionalista Galego.

E o que fixen antes foi unha enumeración ambiciosa, pero non nos conformamos. Este ano, como xa anunciou a conselleira na comparecencia da Comisión dos Orzamentos, a Xunta vai impulsar a candidatura número oito da reserva da biosfera. Seguiremos sendo un referente en patrimonio natural. Galicia seguirá destacando pola súa natureza, pola súa biodiversidade e pola riqueza das nosas paisaxes. Esa é a imaxe que se ten de nós a nivel nacional e a nivel internacional. Identifícanos polo coidado que estamos a facer do noso medio ambiente; é un dos motivos polos que cada vez máis persoas nos visitan e polo que moitos queren vir vivir aquí.

Pero isto molesta o Bloque Nacionalista Galego; bueno, por non faltar á realidade, ao Bloque Nacionalista Galego moléstalle todo, moléstalle a Xunta de Galicia, moléstalle o Partido Popular de Galicia, que saque maioría absoluta e obteña elección tras elección o apoio maioritario dos



galegos, moléstalle a nosa industria, moléstalle tamén a nosa minaría, moléstalle a nosa ganaría, moléstalle a nosa pesca, moléstalle o noso turismo... Moléstalle absolutamente todo. Moléstalle a Televisión de Galicia, moléstalle o sector forestal, moléstalle, señoría, todo o que é a Galicia real. E iso non é novo, xa o dixo hai anos —cando o Bloque Nacionalista Galego se dividiu— un ribadense, primo meu, que era un alto cargo que tiñan no Bloque Nacionalista, dos poucos que tiñan un pouco de contacto coa realidade... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Decía el que o problema do Bloque Nacionalista Galego é que odiaba a Galicia real... (*Aplausos.*) ¡É así! Miran vostedes con ollos de namorados para outros territorios. Falan maravillas de Cataluña; ¿do País Vasco?, xa non digamos nada, é para vostedes a súa Arcadia soñada, e tamén algún outro sitio. Alá todo é maravilloso, aquí todo é terrible, porque para o Bloque Nacionalista todo o de fóra é perfecto, pero a Galicia real a vostedes non lles gusta. Pero sigan vostedes así, a nós vains ben, e a Galicia tamén lle vai ben con ese enfoque do Bloque Nacionalista.

Nós seguiremos coa Galicia real, seguiremos traballando polo noso medio ambiente, mellorando a súa protección e dedicando máis recursos a iso, señor... Seguiremos planificando máis e mellor e seguiremos a investir, como estamos a facer. Onte, precisamente, no Consello da Xunta anunciáronse 18,5 millóns de euros para un plan de acción integral na Rede galega de parques naturais, co obxectivo de contribuír á súa preservación, á súa conservación e a mellorar tamén eses espazos protexidos. Tamén se anunciou que este ano ía haber máis de seis millóns de euros, a través de tres ordes de axudas, para seguir contribuíndo a preservar estes espazos naturais, e tamén hai que engadir a todo iso o investimento de [...] (*Inintelixible por problemas de son.*) millóns de euros dos fondos europeos en trece actuacións para a conservación da biodiversidade.

Xa para rematar, señorías, seguiremos traballando para protexer e conservar a Rede Natura, seguiremos avanzando na protección dunha riqueza natural que fai a Galicia única no mundo, por moito que lles pese aos do Bloque Nacionalista de Galicia, e seguiremos defendendo os intereses dos galegos, porque esa é a gran responsabilidade que temos no Partido Popular de Galicia. E defender os intereses galegos pasa por defender unha forma única e propia de facer política que se basee no diálogo cos galegos e en facer que a protección do medio ambiente vaia da man do crecemento económico.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda para o peche do autor da moción, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** En primeiro lugar, quero dicirlle á portavoz do Partido Socialista, á señora Castro, que non imos aceptar a súa emenda porque introduce un elemento que, digamos, desvía a atención do que nós consideramos prioritario neste momento, e é que a Xunta, ademais de aprobar a Estratexia de infraestrutura verde, desenvolva un plan de acción que prevea medidas de cronograma, de investimentos, de avaliación, para que esa Estratexia de infraestrutura verde non sexa papel mollado. Hai algúns concellos que empezaron a traballar en infraestruturas verdes, pero a maioría aínda non o fixeron. Polo tanto, non ten moito sentido.



Mire, señor Trenor, vino un pouco disperso hoxe. Empezounos falando do Algarrobico e despois non sei por onde acabou, polos cerros de Úbeda; un pouco disperso e tamén un tanto divagante. Dixo vostede, chegou a dicir vostede, que Galicia ten un nivel de protección da biodiversidade moi alto. Eu non sei se isto é un meme ou que é, pero vostede bótalle moita cara para dicir isto, despois dos datos que dei aquí, que son demoledores, como é demoledora a política non ambiental que vostedes fan na Xunta de Galiza, porque sabemos a quen serve.

Eu alégrome moito de que vostede sacase aquí o tema dos papeis ocultos de Altri. Non esperaba que entrase nese terreo, agradézollo. Mire, non tiña pensado falar disto, pero, xa que vostede mo puxo en bandexa, pois dígolle que, efectivamente, hai un acordo oculto entre Impulsa —é dicir, a Xunta de Galiza— e Altri, desde outubro de 2021. Pedímoslles que desclasifiquen os papeis ocultos de Altri; (*Aplausos.*) pedímoslle polo artigo 9 xa en varias ocasións, e néganse a dalos. Queremos saber quen participou nese concurso internacional que permanece oculto; queremos saber que acordos concretos tiveron vostedes con Altri; queremos saber que relacións tiveron despois con Altri; e queremos saber que relación houbo sobre este tema entre Impulsa e a Xunta de Galiza, a Consellería de Industria.

E din vostedes, claro, é que Impulsa non é un organismo da Xunta. Ten o 40 por cento do capital, ten outro dez por cento de Sogama, ten tamén a parte que ten a Xunta en Reganosa, pero non é da Xunta. E tampouco é que a presidenta de Impulsa é a mesma persoa que a conselleira de Industria, ¡mire que casualidade! ¿Isto que é?, ¿tráfico de influencias?, ¿información privilexiada...? Non sei. Se non é, ándalle moi cerca, señor Trenor.

Entón, vostedes o que fixeron desde ese momento foi cambios legais, cambios das leis, a medida dos intereses de Altri, entre elas unha cláusula que eu estou convencido de que vostedes negociaron en secreto con Altri para indemnizar a empresa en millóns de euros, se non sae adiante o proxecto, porque a empresa está dicindo que leva investido millóns de euros. ¿E que pasa se non sae adiante? Que vostedes lle van pagar máis de quince millóns de euros, porque puxeron na lei unha cláusula específica para que a Xunta se vexa obrigada a facer ese expediente de indemnización.

E nomearon cargos —cesaron cargos e puxeron outros, como fixeron en Augas de Galiza con Agustín Hernández e co señor Maestro— á medida para facer os informes que precise Altri. Cesaron —ou marchou el— o director xeral de Calidade Ambiental, porque non quería avalar todas esas trapalladas.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Esa é a política do Partido Popular, da Xunta de Galiza e do Partido Popular, a dos tres «d»: a da destrución, a da degradación e a do desprezo dos espazos naturais da Rede Natura e do patrimonio ambiental. E aquí está o BNG para traer propostas positivas, construtivas, transformadoras, que vostedes, coma sempre, votan en contra. Ese é o nivel de respecto que lle teñen vostedes ao noso patrimonio natural e ao noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)





**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coa terceira moción, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta moción non se presentaron emendas.

Para defendela ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

A sanidade galega está nunha situación crítica, e así llo describimos ao conselleiro de Sanidade na pasada sesión plenaria, que lle preguntabamos por unha serie de cuestións, e non contestou absolutamente a ningunha, porque el, como acaba de facer coa pregunta que lle fixo o BNG esta tarde, non é de contestar, é máis ben monoloxista. O conselleiro de Sanidade non é de contestar e de aportar solucións, non, el máis ben vai de monoloxista. E o Partido Popular en dezaseis anos non puxo en marcha absolutamente ningunha medida estrutural para dar resposta aos graves problemas da sanidade pública. E as consecuencias son datos como os que agora vou dicir: 389.250 persoas en lista de espera hospitalaria. Pero ¿cal é a cuestión? Que son 30.000 máis que no ano 2019; é dicir, o último ano antes da pandemia —30.000 máis—; 221.000 agardando por unha primeira consulta —3.000 máis que no ano 2019—; 52.000 agardando por unha intervención cirúrxica —3.000 máis que en 2019—; e 119.000 agardando por unha proba diagnóstica —24.000 máis que no ano 2019—.

Estas son as consecuencias das políticas sanitarias do Partido Popular, que din que todo está ben, aínda que é mellorable. Estes son os datos, e o Partido Popular di que todo está ben. E sumamos: listas de espera de dúas ou tres semanas para unha consulta en atención primaria, douscentos concellos onde non hai pediatra, miles de nenos e nenas sen asistencia por un especialista en Pediatría, servizos de Urxencias saturados, tanto hospitalarias como os PAC, e un nivel de temporalidade de facultativos de enfermería de máis do cincuenta por cento.

E, diante disto, pois non hai absolutamente ningunha medida estrutural, moi ao contrario, a política do Partido Popular está baseada en dar unha imaxe de normalidade. Como dixeran antes, todo está ben. Din: «¡Home!, todo é mellorable, pero todo está ben, outros están peor». Entón, como outros están peor, nada que dicir. Hai que minimizar, ignorar e mentir sobre a verdadeira situación de deterioración, a falta de profesionais e a falta de recursos diante da marea de desatención que está arrasando a saúde dos galegos e das galegas. E o Partido Popular, antes con Feixoo e agora con Rueda á cabeza, nunca tomaron en serio a situación da sanidade pública, porque é o obxectivo —témolo denunciado mil veces—. O obxectivo é deteriorar a sanidade pública para poder engordar o negocio da privada. Mais agora



cruzaron absolutamente todas as liñas vermellas, xa que colocaron á fronte da Consellería con maior gasto da Xunta de Galiza e con máis impacto social, como é a de sanidade, un conselleiro que ten absolutamente escandalizado a todo o mundo, porque coída que, en vez de ser conselleiro, é un monoloxista na barra dun bar, porque só alguén que se considera que é un monoloxista na barra dun bar pode chegar a dicir cuestións como as que dixo o conselleiro, e que agora vou enunciado, porque creo que ten que quedar no *Diario de Sesións* constancia (*Aplausos.*) de quen está á fronte da sanidade pública co consentimento do Partido Popular, co presidente da Xunta á cabeza.

E despois de todo isto, o conselleiro acaba de dicir que segue coa cabeza moi alta. E non é que o diga el, senón que recibiu o aplauso cerrado dos deputados e deputadas do Partido Popular; aplauso cerrado diante dunha intervención ignominiosa, ¡ignominiosa! E, claro, ¿a alguén se lle ocorrería que un conselleiro poida facer unha intervención pública que é totalmente inaceptábel? ¿Como que a xente maior non sabe de tecnoloxía? «¡É unha merda!», di o conselleiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Os nosos maiores non fai falta que vaian ao centro de saúde porque manexan a *app* do Sergas «que te cagas», palabras do conselleiro, e así podemos atendelos nas súas casas. Por iso, ¿para que vai haber seguimento de crónicos? ¿Para que vai haber atención e seguimento dos nosos maiores? Con que teñan unha *app* e unha chamadiña por teléfono, o Partido Popular vai resolvendo. ¡Un auténtico escándalo! Pregúntase o conselleiro, ¿por que temos tanta demanda? Porque temos moita oferta. Claro, como é a atención sanitaria, a xente pídea. Claro, se non houbese, pois non a pedía. Unha cousa realmente redonda por parte do máximo responsable da sanidade pública.

E logo pregúntase: ¿estamos realmente tan enfermos? Temos a esperanza de vida das máis altas do planeta; co cal, moi enfermos non debemos estar. Así que esas case catrocentas mil persoas en listas de espera e as que agardan dúas semanas e tres por ter un médico de familia, *es que se lo inventan*, van por deporte, (*Aplausos.*) porque enfermos, segundo o conselleiro, moi enfermos, seica non están.

E segue, e segue o conselleiro, o máximo responsable da sanidade pública: «Operarse de cataratas é preciso se alguén le todo os días». Mais hai xente que non le, e polo tanto a catarata importa menos, ¿non? Por iso debe ser que o Partido Popular ten a case 50.000 persoas en lista de espera por algún problema de saúde, ten a 36.000 persoas agardando por unha primeira consulta —xa non digamos as sucesivas— e ten a máis de 12.000 agardando por unha intervención cirúrxica. ¡Claro!, total as cataratas só son para quen le moito; o resto pois non a precisan.

Pois eu dígolles que as cataratas se operan porque os nosos maiores non son uns mobles. Os nosos maiores opéranse de cataratas para que poidan ter unha vida digna, desenvolverse, ver a cara dos seus familiares e non quedar cegos, ¡e non quedar cegos! (*Aplausos.*) Esa é a situación.

E logo xa o cume da desfachatez por parte do conselleiro do Partido Popular —porque é o conselleiro do Partido Popular; non é que pasara por aquí e decidira ser conselleiro, senón que decidiu o Partido Popular e Rueda que fose conselleiro— é que vai e di: «Chegamos a unha definición de saúde, que non sei moito se é así, porque a Organización Mundial da



Saúde cualifica a saúde como máximo benestar físico, psíquico e social». E di a continuación: «Parece máis unha definición de orgasmo que de saúde». ¡E queda tan pancho! E logo di: «¡Que coño, ¿quen consegue iso?!» ¡Así! ¡Ese é o conselleiro de sanidade que ten Galiza! (*Aplausos.*) Ese é o conselleiro que ten Galiza posto por Alfonso Rueda, ¡posto por Alfonso Rueda!

E, claro, é un auténtico escándalo que logo diga que, a pesar de todo iso, xa pediu perdón, e que el segue coa cabeza moi alta. ¡Claro, como non vai seguir coa cabeza moi alta! Porque o problema é que el verbalizou, como se estivese na barra dun bar, realmente, o que están facendo, porque para as cataratas hai listas de espera e porque resulta que os nosos maiores están desatendidos. Dixo iso nunha especie de intervención en estado —poñamos— dun pouco de euforia; dixo realmente a verdade do que está facendo o Partido Popular. Ese é o gran drama.

Nesta situación, xa lle digo, preguntámoslle ao conselleiro que alternativas tiña para a situación da sanidade pública do noso país, para as listas de espera, para os hospitais comarcais, para a situación da atención primaria, para esta brutal demanda que existe e para a sobrecarga que teñen os profesionais; e non contestou. Hoxe dixo que, claro, fan intersubstitucións, que fan prolongacións de xornada...

¿Sabe que dixeron algúns médicos da Área Sanitaria de Pontevedra onte? Chegamos a facer cen horas semanais. (*A señora Prado Cores mostra un documento.*) ¿Saben cantas corresponden por día? Se só son de luns a venres, vinte horas ao día, e se incluímos sábados e domingos, entre catorce e quince horas ao día. ¿En que condicións están estes profesionais para prestar unha atención sanitaria minimamente digna? Non están en condicións. (*Aplausos.*) E o grave é que ten consecuencias, o grave é que ten consecuencias para todas as persoas que chegan tarde aos diagnósticos, que non chegan a tempo e que están desatendidas.

Polo tanto, traemos aquí hoxe unha iniciativa que só pide información. E imos facer a proba do nove, a ver se o Partido Popular incluso non é capaz de votar a favor dos que presenten informes neste Parlamento sobre a situación da sanidade pública no noso país. A ver se nin sequera son capaces de facer isto. Agardo a ver o que fan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

(*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra a señora Espinosa, por un tempo de oito minutos.

**A señora ESPINOSA MANGANA:** Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.



Quero comezar a miña intervención agradecendo unha vez máis o bo facer dos profesionais da medicina, e fareino todas as veces que sexan necesarias, para desmentir o que seguramente nos dirá o Partido Popular, porque cada vez que falamos de sanidade o Partido Popular trata de trasladar a esta Cámara que o Grupo Socialista acusa os médicos do mal funcionamento da sanidade, e non é así. No Partido Socialista o que facemos é acusar a Xunta de Galicia da mala xestión da sanidade. *(Aplausos.)*

Con esta moción que hoxe debatemos saberemos se o Partido Popular quere ou non quere que lle fagamos unha radiografía a parte da nosa sanidade para saber como está.

Pero empezaba falando dos profesionais da sanidade, e quero facelo dobremente, polo seu traballo no día a día e porque ultimamente estamos a ver unha escalada de agresións aos profesionais. Calquera persoa ten que realizar o seu traballo sen que se exerza violencia física ou verbal sobre el, e non é a primeira vez que sucede no mundo sanitario galego.

En comisión vimos unha iniciativa para tratar de rebaixar as agresións, e o Partido Popular non a apoiou. Agora pregunto eu: ¿quen está ao lado dos profesionais? O Partido Popular, non; nós, si. E non pensen que con isto me estou desviando da moción que hoxe debatemos, non, porque parte das agresións veñen pola saturación e o colapso dos servizos tanto en atención primaria como en Urxencias, e isto leva a situacións de frustración e desesperación dos pacientes e dos seus familiares.

Habitualmente, aquí se fala moito dos médicos, e hoxe quero pór encima da mesa ou neste Parlamento outro dato, e é que vou falar de enfermería. ¿Como non vai existir saturación se estamos á cola da Unión Europea en persoal de enfermería? Temos un cociente de 5,13 enfermeiras por cada mil habitantes, mentres que a media do Estado é de 6,28 e a de Europa de 8,5.

Pero tamén sabemos que soamente no ano 2023 máis de cincocentas enfermeiras foron traballar fóra de Galicia. E, neste caso, señores do Partido Popular e da Xunta de Galicia, non poden buscar responsables no Goberno de España, porque a responsabilidade e os responsables están en Galicia, na Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Se seguimos falando doutros datos, entenderíamos perfectamente por que a insatisfacción coa sanidade aumentou o 65 por cento nun ano. Porque a situación da sanidade é un dos principais motivos de preocupación da sociedade galega, e plásmase en diferentes rexistros, como Eurostat ou a Valedora do Pobo, por citar algún.

O que se pide nesta moción debería ser entregado inmediatamente, porque deberían ser os datos que o Sergas manexa no día a día; é dicir, algo do que dispón e que non teñen que elaborar. Porque os datos que aquí se piden nesta moción terían que ser a folla de ruta que tivese activa a Consellería para tomar decisións con bases de datos certas.

Hoxe un dos puntos desta moción fálanos do Plan galego de saúde invernal, pero mañá poderíamos estar diante de calquera outra incidencia. Por iso, a necesidade de que o Sergas dispoña deses datos, e, como consecuencia, de que os ofrezca a esta Cámara.



Ademais, a información que se solicita no resto dos puntos é certamente importante para saber de que falamos e non ir sumando estatísticas, diversas fontes ou mesmo información recollida por diversos medios de comunicación. Suponse, como dicía, que debería estar dispoñible, porque, ademais, hai uns días coñecemos por boca do conselleiro que a Consellería ía avaliar ata o ano 2020-20230 o seu servizo en dez medidores. Un deles sería medir o coidado e a motivación dos profesionais sanitarios, avaliando as baixas de persoal por problemas relacionados coa fatiga física e mental; baixas que xa os sindicatos médicos avaliaron. Polo tanto, o Sergas vai tarde e mal. E estes sindicatos médicos sinalan que os profesionais que prestan servizo no primeiro chanzo do sistema público teñen unha afección do corenta por cento e que están afectados pola síndrome de *burnout*, pola sobrecarga de traballo, o estrés, a ansiedade e o esgotamento que padecen.

Non imos suplir os médicos co diagnóstico, pero si compartimos desde o noso grupo que o fortalecemento dos centros de saúde, tanto no referente a medios materiais como humanos, permitiría unha optimización dos recursos e contribuiría a unha mellor xestión pública no seu primeiro chanzo.

Outro dos indicadores dos que falaba o señor conselleiro era o tempo de espera para unha consulta de hospital. Pois tamén encaixa co que esta moción solicita no punto C.

E non vou entrar noutros puntos que degraña e que pide a moción, porque queda claro o noso apoio, nin vou falar doutros datos que habitualmente se plasman nesta Cámara, como a falta de médicos, a falta de pediatras ou o número de persoas nas listas de espera etcétera.

Pero si me gustaría rematar hoxe cunha reflexión. Pasaron case dez meses desde o nomeamento do actual conselleiro de Sanidade, e gustaríanos que tivese unha visión realista e comprometida cos problemas do noso sistema sanitario; que non só nos achegue datos, senón solucións concretas e que non quede en meros plans que logo non se cumpren e mesmo dos que non temos información de como se están aplicando, nin referencia ningunha para o seu seguimento.

Pedímoslle ao señor conselleiro que abandone todo tipo de expresións como as que lle oímos recentemente, tentando facernos ver que a sanidade galega funciona correctamente e esquecendo os graves problemas, os problemas estruturais que afectan os profesionais sanitarios e os pacientes.

Señor conselleiro e señores do Partido Popular, fagamos unha radiografía con datos na man e apliquemos o medicamento ou cirurxía correcta, porque dende o noso grupo lle dicimos que malia a nosa sanidade si está.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Amigo.



**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Señora Prado, ignominioso é chamar «pandilla de psicópatas» a todo o persoal do Sergas, e aínda estamos esperando a que vostede pida desculpas. *(Aplausos.)*

Imos ao tema da moción. O Plan sanitario galego de inverno 2024-2025, posto en marcha pola Consellería, foi un éxito. O bo facer e a responsabilidade dos profesionais e dos equipos directivos das sete áreas sanitarias permitiron planificar a asistencia garantindo a continuidade dos servizos sanitarios en condicións eficientes nun período de alta demanda.

Evidentemente, a vostedes a saúde dos galegos non lles importa. Máis aló dalgunha situación errada coa que poidan facer sangue e alporizar a poboación, seguen fieis ao seu catecismo, e seguen instalados no catastrofismo. Pero a realidade é moi teimuda e unha vez máis mostra que temos un goberno sólido que planifica e pensa na saúde das e dos galegos.

O certo e verdade é que, nun contexto de déficit de profesionais médicos en toda España, se conseguiu atender o incremento da demanda deste inverno, garantindo unha prestación sanitaria de calidade no conxunto de toda a comunidade autónoma. O certo e verdade é que, grazas á mobilización de 8 millóns de euros, a Xunta foi quen de reforzar os recursos humanos e materiais nos centros sanitarios. Señorías, a atención sanitaria en Galicia está e estivo garantida.

No Servizo Galego de Saúde traballan máis de corenta mil profesionais, con 463 centros de saúde, 2 CIS xa en funcionamento, en Lugo e en Lalín, e proximamente vaise inaugurar o Olimpia Valencia na cidade de Lugo, para os 313 municipios, que garanten a atención 24 horas ao día, sete días á semana, tanto a ordinaria como urxente nos PAC, ademais de contar cun Servizo de Urxencias Sanitarias 061. Anualmente, aténdense uns 30 millóns de consultas en atención primaria para unha poboación de 2,6 millóns de usuarios. Cóntase cunha ferramenta de xestión da demanda de atención primaria única en España que permite atender en tempo aquelas patoloxías que non poden esperar, funcionando desde hai dous anos xa na nosa comunidade. Agora o Ministerio de Sanidade intenta copiar e pide que se implante este plan nese Plan de saúde 2025-2027 en todas as comunidades. Xa sei que non lles gusta a palabra «pioneiros», pero tamén nisto, como noutros moitos eidos, fomos pioneiros; e os resultados están aí: máis do setenta por cento dos galegos teñen cita en menos de catro días no seu médico de cabeceira.

Señorías, temos un Servizo Galego de Saúde forte, que traballa e planifica. Nos últimos anos foron moitos os avances que nel se produciron, e por iso se puxo á vangarda dos mellores sistemas sanitarios do noso país, converténdose nun referente dentro do sistema público de saúde de España. E dentro das súas fortalezas, ademais da evidente cobertura universal, gratuíta e de calidade prestada nas sete áreas sanitarias, desde o hospital máis grande ata o centro de saúde ou o consultorio máis illado, está a renovación da totalidade dos hospitais das sete áreas sanitarias, con equipamentos punteiros e moitos deles referentes no país.



Hoxe mesmo liamos na prensa que a nosa comunidade autónoma acadou o fito histórico de 10.000 transplantes de órganos desde o ano 1981, da mesma maneira que tamén se renovaron os centros de saúde de atención primaria con equipos multidisciplinares que proporcionan unha atención integral e de calidade, priorizando a prevención e a promoción da saúde. Pasouse dese binomio médico-enfermeira de hai anos ao actual equipo de atención primaria no mesmo centro, que agora conta con doce categorías profesionais.

Ese Plan galego de atención domiciliaria 2024-2025, baseado na proactividade, achega os profesionais ao domicilio do paciente, e para isto dotáronse os equipos de atención primaria da última tecnoloxía para probas diagnósticas, xa non só no centro sanitario, senón que agora tamén no domicilio. E isto permite facer desde un electrocardiograma a unha ecografía portátil, unha espirometría, probas rápidas de glicosilada, gasometrías ou ións no propio domicilio; evitando así os desprazamentos do paciente ás veces desde zonas moi illadas e, en non poucas ocasións, evitando derivacións innecesarias ao hospital.

A tecnoloxía e a innovación son outras das nosas fortalezas. O Sergas apostou pola dixitalización, con servizos como a historia clínica electrónica, a receita electrónica ou a telemedicina, que melloraron a efectividade tanto para pacientes como para profesionais. Ou o Ianus —algo do que a min sempre me gusta falar—, que configura un modelo de historia clínica única que garante de maneira segura a accesibilidade a toda a información clínica dos pacientes. Algo, señorías, que non é un simple exemplo de modernización, senón que supuxo unha revolución do noso sistema sanitario. Con só un clic abre un mundo completo de información para o coidado integral do paciente, diminuíndo así o diagnóstico e o tratamento.

Hoxe en medicina sabemos que os datos teñen un valor incalculable, e o sistema sanitario galego almacena máis de tres mil millóns de datos de saúde. Ese gran volume de datos vai posibilitarlles aos profesionais avanzar cara a unha medicina personalizada e de precisión. Galicia foi pioneira en facilitarlles aos cidadáns acceso aos datos da súa historia clínica: a e-receita e o e-saúde. E tamén Galicia se consolidou como un referente na prevención da saúde. Facendo un esforzo relevante en materia de recursos humanos, nos orzamentos do 2025 hai preto de tres millóns de euros destinados á detección precoz de enfermidades —o máis elevado da historia— e aos cribados de cancro, como o cribado de cancro de pulmón, de próstata —sumados e xa implantados—, de mama, de cérvix e de colon. Tamén podemos presumir de contar co cribado neonatal máis completo de España, con 37 patoloxías conxénitas primarias e, de forma secundaria, outras 14. Se falamos de vacinación, tamén fomos pioneiros no mundo na instauración e reforzo da inmunización na infancia. Galicia conta hoxe co calendario de inmunización para toda a vida máis completo de España. E, se falamos de resultados e de adherencias, Galicia ten as porcentaxes de vacinación máis elevadas de todo o país.

Pero tamén somos conscientes dos retos, e é verdade que tamén temos debilidades no noso sistema sanitario, que compartimos con outros sistemas sanitarios. A nosa principal debilidade é a falta de médicos. E para iso desde o Goberno galego solicitouse en reiteradas ocasións desde hai anos aumentar o número de prazas MIR, a flexibilización na acreditación, a homologación de títulos estranxeiros e moitas outras medidas, pero caso omiso. O Goberno de Sánchez nada fixo: seis ministros en seis anos e nada se fixo; máis ben desfíxose. E aí



están as desfeitas que podemos nomear, como o desastre de Muface ou a reforma do Estatuto marco, que ten a todo o país —a todos os médicos do país— en vilo. E todo isto, señorías, co beneplácito do Bloque Nacionalista Galego, porque son responsables, xunto co señor Sánchez, de todo o desastre sanitario que se está sufrindo no país.

¿Cal foi a vantaxe que trouxo para Galicia ese pacto de goberno do BNG? Todos vemos que Bildu, Esquerra Republicana ou o PNV van sacando algo de proveito co apoio. ¿E vostedes que sacaron? Cero máis cero, igual a cero. ¡Nada! O PSOE tampouco nos pode vir aquí dar leccións de nada, porque nas comunidades onde goberna teñen os mesmos problemas de falta de médicos, por non falar da xestión que teñen alí onde as competencias son do Goberno central: *(A señora Amigo Díaz le un titular de prensa.) «Melilla no tiene oncólogo, señora ministra, actúe o dimita»*. Vostedes saben que dentro das súas competencias a Xunta de Galicia fixo aquilo que podía: a Lei de medidas e aumentar a idade de xubilación ata os 72 anos. ¿Vostedes que votaron? En contra.

Miren señorías, sabemos que os sistemas sanitarios se enfrontan a novos retos e que son precisas reformas estruturais para garantir un sistema sanitario sostible. Pero tamén sabemos que temos un goberno responsable que pensa dar respostas necesarias á saúde dos galegos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que temos unha sanidade punteira... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —do galego tamén, señoría, do galego tamén— ...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...—remato xa— e un sistema que está en constante crecemento, pensando sempre nas necesidades que precisa o pobo galego, coas súas peculiaridades específicas.

Non levan razón, non os imos apoiar. Vostedes, señorías do Bloque, son os reis do sensacionalismo; especialistas en retorcer os feitos para tentar sacar proveito. E se a realidade non lles serve, vostedes reescribena sen problema, con drama incluído.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Amigo.

Turno de peche para a autora da moción.

Señora Prado Cores, ten a palabra.

**A señora PRADO CORES:** O Partido Popular aquí non vai apoiar a moción do BNG que pide información, saber realmente cal é a realidade da sanidade pública do noso país, saber cantos profesionais hai, cantas prazas estruturais están cubertas, cantas están vacantes, cantas xubilacións se van producir e cal é a situación da Pediatría, cal é a situación da temporalidade dos profesionais, cal é a situación das Urgencias ou cal é a situación dos hospitais comarcais, onde en moitos deles soamente hai un urólogo, non hai cardiólogo e hai soamente un dixestivo. E van votar en contra. Van votar en contra de ter información. ¿Por que? Porque non





queren ter a información. Porque a única estratexia do Partido Popular é negar a realidade, non actuar, cambiala e darlles aos galegos e ás galegas unha atención sanitaria de calidade. O único obxectivo do Partido Popular, no que leva traballando entusiasticamente toda a vida, é negar a realidade e traballar para a sanidade privada. (*Aplausos.*) Ese é o obxectivo do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O Partido Popular non pode votar a favor dunha moción do BNG que só pide que este Parlamento teña a información. E, claro, si que vén aquí aclamar un conselleiro que di que os nosos maiores non fai falta que vaian aos centros de saúde porque «manexan a *app* do Sergas *que te cagas*» e que di que operarse de cataratas só é para aqueles que len moito —e os que non len pois non importa, poden quedar cegos porque, se non len, non pasa nada—; un conselleiro que se cachondea da definición de saúde da Organización Mundial da Saúde —na que hai consenso— dicindo que se parece máis a unha definición de orgasmo —o Partido Popular está para aplaudir e aclamar esas declaracións e non para pedir que este Parlamento teña a información e para saber cal é a situación da sanidade pública e poder actuar; esa é a realidade—; (*Aplausos.*) un conselleiro posto polo Partido Popular e por Rueda que denigra os nosos maiores e se ri da necesidade de atención sanitaria que teñen. Esa é a foto da preocupación sanitaria que ten o Partido Popular e que nega sistematicamente.

A única alternativa que está dando o Partido Popular é quitar de aquí para poñer noutro lado, e cando no outro lado xa non hai presión, volvemos traer para aquí. Esa é a única alternativa que está presentando. Fíxoo co Plan de inverno, que nós pedimos nesta información, onde se gastaron os 8 millóns de euros. ¿Por que vota en contra? Expliquen onde gastaron eses 8 millóns de euros. ¿Cantos profesionais contrataron e onde? ¿Por que non queren que saibamos esas cousas? E, entón, bueno, ¿que fixeron? Modificar as axendas de atención primaria para que, en vez de atender o resto de patoloxías, se atendan as respiratorias, se hai; intensificar os tratamentos para evitar derivacións aos servizos de Urgencias —¿que significa intensificar?, ¿dopar a poboación?, non o quixo explicar o conselleiro, e vostede hoxe tampouco di nada—; axilizar as altas das camas hospitalarias para que queden baleiras para atender os que entran pola porta, aínda que non estean en condicións de darlles a alta; e derivar para a sanidade privada, por exemplo, patoloxías de traumatoloxía para deixar camas baleiras —se non están as camas baleiras— para os que entran pola porta; ou facer farmacias sentinela para que lle conten ao Sergas cantos antigripais se venden porque non quere ter un sistema público de vixilancia epidemiolóxica. Esas son as alternativas do Partido Popular.

Hoxe o que lle pedimos aquí o BNG é que deixen de actuar con opacidade e escurantismo, que dunha vez por todas deixen de negar as deficiencias da sanidade pública do noso país, a desatención que ten a poboación, a alta presión que teñen os profesionais; que abandonen esa opacidade, que só desde a realidade se poden poñer en marcha políticas que solucionen a realidade. E iso é o que lles pedimos, información para saber iso: os recursos humanos, os 8 millóns, a situación da atención primaria, o plan de rebaixas das listas de espera, a situación dos hospitais comarcais, a situación dos servizos de Urgencias, a situación laboral, cantas xubilacións están previstas, a eventualidade, as prazas sen cubrir... Pero, ¿a alguén lle parecería que isto habería que pedilo? ¿O normal non sería que este Parlamento, como depositario da soberanía popular...



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...dos galegos e das galegas, tivese esa información e soubese que está facendo o Partido Popular na Xunta para solucionalo? Non, ao Partido Popular nada lle parece preciso. Coa mentira e a propaganda pensan que solucionan.

Pero igual que as cen persoas que viñeron hoxe desde Aguiño aquí dicirlles que non aceptan as súas mentiras, hai cada vez máis pobo galego que non está disposto a aceptar esta situación e que se está levantando contra ela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte moción.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta moción non se presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa ten a palabra a señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, novamente, a todos e a todas, en especial, ao alcalde de Castroverde e gandeiro, aos representantes de organizacións profesionais agrarias, de Unións Agrarias, e aos gandeiros que hoxe aquí nos acompañades e sodes a voz de moitos gandeiros e gandeiras de toda Galicia, que están a vivir esta problemática situación. Quero agradecervos non só a vosa presenza aquí, senón o traballo que vides realizando os 365 días do ano, facendo do voso traballo a gran despensa da nosa alimentación. (*Aplausos.*)

Iniciaba a miña intervención na interpelación do pleno pasado, falando da resposta recibida polo director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, que viña dicir que o que pedíamos xa estaba, porque existía o Observatorio Lácteo de Galicia desde o ano 2007, e que, desde aquela, xa se realizaran distintas reunións. Pero algo xa mudou, pois o xoves 6 de febreiro publicábase no DOG o Decreto 8/2025, do 20 de xaneiro, polo que se regula o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia; polo tanto, entenderon xa a mensaxe, que lle trasladamos desde o PSdeG, de que era necesario reactivar un foro de escoita activa para escoitar os problemas de quen os coñece e os sofre a diario.

Segundo recolle o propio decreto, trátase de prover unha ferramenta de planificación estratéxica que dote de transparencia e de información de xeito eficaz para impulsar, mediante unha nova regulación, o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia. Isto acontece dezaoitto anos despois da súa constitución, unha vez que xa cumpriu a súa maioría de idade. Isto non



fixo máis que dar a razón ao Partido Socialista de que era necesario activalo para ter unha comunicación constante co sector porque os cambios son constantes e, moitas veces, debido a factores externos, que afectan a viabilidade das explotacións galegas, como pode ser a propia climatoloxía.

E, como primeiro paso, está ben; incluso agradecemos que escoitasen o Partido Socialista —porque, ao final, estamos dando voz á demanda do sector— e que puxesen en marcha esta renovación, pero xa nace con carencias. Nas palabras da propia conselleira, que dixo: «Este Observatorio reunirse unha vez ao ano»; o Decreto 61/2007 recollía que, como mínimo, tería que reunirse catro veces ao ano, pero a realidade tamén era ben distinta, porque das catro veces non se reunía ningunha. E os últimos anos estivo aí en *stand by*, salvo esas reunións que, de vez en cando, se dignaban a facer co sector.

Outra das cuestións que non compartimos é ao respecto da súa composición. Se ben o artigo 4 fai referencia á Presidencia, á Secretaría e ás 21 vogalías —que si compartimos que se amplíe, que se dea máis voz, que sexa máis plural e máis diverso; isto sempre é enriquecedor—, vemos como nese artigo se recolle tamén que as mulleres deben ser, como mínimo, o corenta por cento dos membros do Observatorio —cousa que xa é por lexislación—, pero, cando imos ao detalle, vemos quen forma parte dos mesmos: as organizacións profesionais, o sector primario galego, o sector lácteo galego, o sector da distribución, a Federación Nacional de Industrias Lácteas, as cooperativas lácteas, a Organización de Produtores Lácteos...; e todos eles son, e serán, elixidos en función da maior representatividade. ¡Ah!, pero, cando chegamos á representación das mulleres rurais de Galicia, indícase que esta se fará con carácter rotativo; é dicir, por períodos de dous anos. Aquí xa non entendemos que se fará e función da maior representatividade das mulleres, senón que se fará con carácter rotativo. Evidentemente, no PSdeG non estamos de acordo e así o estamos manifestando, no día de hoxe, e así o seguiremos a manifestar, porque isto só fai menosprezar a presenza das mulleres, ao darlles a Xunta de Galicia o carácter rotatorio de xeito oficial. Despois queremos cotitularidade; queremos un papel maior das mulleres; queremos que a muller se implique no rural; dicimos que a muller é a que asenta poboación; dicimos que sen mulleres non hai vida no rural... Pero a realidade é que, cando a plasmamos nun papel, rotamos a muller e lle damos un carácter secundario, (*Aplausos.*) sen entrar noutras lecturas que a Consellería pode facer co ese carácter rotatorio que se quere dar.

Mire, no PSdeG reivindicamos prezos xustos para os nosos gandeiros e gandeiras porque é o que garante a viabilidade das explotacións, e, polo tanto, o que permite a súa supervivencia. E Galicia leva anos sendo unha comunidade coas cotizacións máis baixas en orixe de todo o Estado.

O ano pasado Galicia producía algo máis de tres millóns de toneladas, o que supuxo o 41 por cento da produción total, pero estes datos —que son bos e representan o alto poder que ten Galicia no sector— non se reflicten nos prezos que perciben os gandeiros; uns prezos baixos en orixe, segundo os datos do propio ministerio. Se collemos de referencia o ano 2024, no conxunto de España superouse os 49 céntimos por litro, mentres que Galicia quedou cun pouco máis de 46,5 céntimos por litro; e se collemos a media comparativa con outras comunidades autónomas, a diferenza aínda é moito maior: País Vasco, 52,5; Asturias 52,1; Cataluña, 50,7 e Castela e León 50,4.



Unhas diferenzas que non se axustan máis aló das políticas comerciais das diferentes industrias lácteas, que xustifican, con distintos argumentos, esta diferenza. Un deles xa o comentaba na propia interpelación, que era que os custos de produción son menores, debido á nosa climatoloxía. Ironizaba nese momento falando do clima tropical que ten Asturias —e eu non sei por que a conselleira se deu por aludida nese momento—, pero, ¡claro!, como o clima tropical asturiano difire moito do noso clima, pois ese é un dos motivos do menor prezo.

Outro dos argumentos é o escaso peso que teñen as cooperativas lácteas. Unha das maiores de Galicia só recolle o cinco por cento da materia prima con respecto a outras comunidades autónomas, como Asturias, con Capsa, ou Andalucía, coa Cooperativa del Valle de los Pedroches, ou Kaiku, no País Vasco e Navarra, que teñen un volume importante da recollida.

Outro dos argumentos son as razóns xeográficas e orográficas para xustificar que o leite en Galicia se pague a prezos máis baixos, pois, ao igual que o clima tropical de Asturias, os vales e as mesetas que ten a comunidade asturiana a verdade é que a fan merecedora de ter eses prezos máis altos. Ou o feito de ser unha comunidade periférica tampouco abarata o transporte; jaínda vai ser que Asturias está no Mediterráneo!, ¿non? E poñemos Asturias de exemplo porque ten moitísimas similitudes con Galicia, salvo no prezo.

O tamaño e a dispersión é outro dos argumentos utilizados, pero hoxe as poucas máis de cinco mil explotacións —e baixando, case a unha media dunha explotación por día— tampouco fan moi crible este argumento.

Son argumentos que non convencen ninguén, e menos aos gandeiros e ás gandeiras. A debilidade que teñen ante a industria á hora de negociar un contrato fan que asinen os contratos que lles poñen enriba da mesa. Nos próximos meses vaise negociar o noventa por cento destes contratos do leite en Galicia e con iso...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** ...—finalizo, presidenta—condicionar todo o 2025. Hai unha oportunidade para que a Xunta de Galicia estea a carón dos gandeiros e das gandeiras e de que a Xunta de Galicia busque solucións para revertir a situación que está a vivir o sector lácteo, atendendo ás demandas que solicitamos.

E unha mostra sería que votase a favor desta proposta, que non pide outra cousa que: ese foro activo, unhas ferramentas inspectoras, unha figura de mediador para que poidan chegar a acordos as industrias e os gandeiros; a implementación de mecanismos para que as industrias non discriminen os nosos gandeiros e gandeiras; ou ese observatorio público de prezos que garanta a obxectividade e que faga do sector un sector forte, como xa é, pero cuns prezos dignos que merece.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.



*(O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.)*

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa intervención.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ:** Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Primeiro, quero comezar dicíndolle ao señor Viso, despois da súa declaración do de Mercosur, que nós estaremos contentos e contentas e satisfeitos e satisfeitas cando os nosos produtos, á parte de ser dun estándar de calidade inmejorable, sexan unha maneira para que os nosos produtores poidan vivir dignamente. *(Aplausos.)* Aí o BNG estará contento. *(Aplausos.)* E logo direilles tamén que como vixían tanto, uns e mais os outros, o Tratado do Mercosur, tal como vixían os prezos do sector lácteo, «Imos aviados, Secundino». *(Murmurios.) (Risos.)*

Era esta, que lles ensino, *(A señora Fernández González mostra a fotocopia da páxina dun caderno.)* unha páxina dun caderno do leite dunha explotación gandeira galega de hai trinta anos: 192 litros cada dous días; 124 litros; 200 litros; 163 litros. Ben, esa mesma explotación gandeira galega, *(A señora Fernández González mostra a fotocopia doutra páxina.)* hai tres meses, producía 2.600 litros e chegou a superar os 3.000 litros.

Pero neste sector andamos porque nos leva de a rastro, lévanos arrastro. Quedaron atrás miles de produtores e de produtoras no camiño, que non deron subsistido ou que non deron convencido os seu fillos e as súas fillas de que quedasen cunha empresa familiar xa montada, porque ninguén quere traballar sen mirar o reloxo e non saber se vai dar feito por vida ao final de mes. E as que quedamos — mire, xa lle imos no leite A2A2 —, sabemos que soben as células somáticas porque temos medidores de condutividade; controlamos o nivel de cetose en campo para previr patoloxías; pesamos o millo, a herba, a palla diaria de cada ración; temos cartas xenealóxicas do noso gando, das nosas vacas, das nosas xovencas; e criamos nos nosos *boxes* fillas de Torrel, de Mccutchen, de Fladderak, por exemplo — é dicir, touros que nacen a milleiros de quilómetros da nosa casa —; facemos acoplamentos xenéticos e temos animais que rozan a perfección.

O sector avanzou tanto que ninguén, nin nós mesmas, cre que chegaríamos ata aquí. Non sabemos como o fixemos, pero fixémoslo. Melloramos, mecanizámonos, profesionalizámonos e chegamos a un produto e a un resultado de calidade excelente, pero non somos valorados, senón que somos menosprezados. Entón, podo dicilo de dúas maneiras: unha que doía máis e outra que doía menos. A que doe menos é: cobran todos máis ca nós; e a que doe máis é: cobramos menos nós ca todos.

Tanto pediron que mellorásenos, que melloramos. E agora, nós pensamos que non son capaces de andar a canda nós; non son capaces de estar á altura, quedaron atrás. Quedaron



atrás e poderíamos dicirlles os labregos e as labregas, a uns e mais aos outros, unha cousiña, que é: «¡Melloren, señorías!» (*Aplausos.*) «Profesionalícense como Goberno», (*Aplausos.*) porque, se non, non darán seguido a evolución dos gandeiros e das gandeiras galegos (*Aplausos.*) nin aquí nin en Madrid. Isto xa non depende de nós —das labregas—; depende de quen di que nos representa e de que teña a capacidade de facelo, e dea un peto (*A señora Fernández González bate tres veces cos cotobelos na tribuna.*) na mesa e diga: «¡Chegou! A esta xente non se lle pode pasar máis por riba; a este sector hai que respectalo». (*Aplausos.*) ¡Pero non temos quen pete na mesa, señorías!. No canto diso, a conselleira do Medio Rural dixo: «Encantárame que subise o prezo do leite, pero hai que manter o equilibrio» —jesa é unha palabra que me gusta moito!—. «Nin prezos en exceso nin por debaixo dos custos de produción» —ela seica avoga polo equilibrio—. «É que as administracións non poden intervenir». Isto foi dito en plena crise, fai tres meses, da cal aínda non nos recuperamos, cando había xente cobrando o leite a 39 céntimos, (*A señora Fernández González mostra a fotocopia dunha páxina.*) e que segue cobrando leite a 42 céntimos. Isto é, como mínimo, desafortunado, porque, ¿saben que pasa? Que o equilibrio é a xusta proporción, e a xusta proporción, ¿quérenme dicir cal é, se non tes ningún tipo de capacidade negociadora coa empresa?; ¿a xusta proporción cal é, se non sabes se che van recoller o leite de cando pasen catro meses? E se es unha produtora de alta montaña, ¿non sabes se cha van recoller pasadomañá!. ¿Cal é esa xusta proporción?! Díganme vostedes.

É que, se isto fose unha película, uns e mais os outros serían estes que aparecen de fondo: os figurantes que non teñen diálogo; pois eses serían vostedes. E aínda peor, incluso poderían ser os que ven a película desde a casa, sentados no sofá, sen facer absolutamente nada. Mentres 350 explotacións pecharon o ano pasado, pero vostedes están aí sentados tranquilos e tranquilas, sen problema.

E a pregunta é: voten vostedes a favor ou voten vostedes en contra, cando saiamos de aquí, ¿van facer algo? Porque eu quero sabelo; quero saber se, cando saiamos de aquí, imos ter capacidade de negociación; quero saber se, cando saiamos de aquí, imos firmar igual contratos cada catro meses á baixa; e eu quero saber se non imos ter ningunha oportunidade de supervivencia no sector, ou si; eu quero sabelo e todo o mundo que vive do sector lácteo tamén.

Se imos todos no mesmo carro tirando cara adiante e vostedes nos meten por unha costa arriba e, aínda por encima, poñen os pés de estribo, ¡oia!, pois miren, collan e báixense, e non disimulen como que lles importamos; báixense e, polo menos, non os temos que levar ao lombo. (*Aplausos.*) Levámoslos ao lombo e non se nota nada. O leite sobe e o leite baixa; soben os insumos e baixan; sobe o combustible e baixa... ¡E aquí non pasa nada! Ao pé da explotación é como non telos; é unha marabilla, sáennos baratísimos.

Faime desconfiar se hai alguén ao mando ou non o feito de que o ano pasado fose un auténtico esperpento: foi un esperpento a vacinación da lingua azul; foi un esperpento auténtico a xestión da crise do mosquito —¡que nos enganaron, que nos enganaron e aforraron cartiños para o seu bolsillo!—; e foi un esperpento o que pasou durante a crise do sector lácteo e os seus prezos. E mentres todo isto sucedía, a señora Gómez dicía: «Non é bo que o leite suba demasiado». ¡Oia!, pois mire, mentres os gandeiros do resto do Estado cobran de media



47 céntimos, aquí está esta persoa que o vendeu a 39 céntimos, e gustaríame que fose a señora Gómez á súa casa para lle explicar: «¡Oia, mire!, é que non é bo que o leite suba demasiado; hai que manter o equilibrio». Manter o equilibrio xa sabemos para quen, porque ese a que llo diga igual cae, de tanto equilibrio que hai aquí no sector lácteo galego. *(Aplausos.)*

E hai que pensar aquí e en Madrid, pois aquí esta xente non só produce leite, tamén coida os fillos e as fillas na casa, coida os avós, coida os pais, coida as nais; loita a diario contra a crise demográfica; e educa no amor pola terra e na capacidade de mimetizarse con ela sen arrasala. Evita que arda todo cada verán e que as aldeas sexan un simple murico de pedras cuberto de silvas. Iso tamén é o sector lácteo galego, iso é o que leva enganchado consigo.

Non se pode nin se debe vivir tranquilo nun Goberno, ¡nin aquí, en San Caetano, nin en San Xerónimo, cando nun país —no teu país— *(A señora Fernández González mostra unha fotografía.)* un litro de auga custa 0,65 céntimos e, por 16 céntimos máis, *(A señora Fernández González mostra unha outra fotografía.)* tes un litro de leite. Non se pode vivir tranquilo. *(Aplausos.)*

Aquí gobernan vostedes; *(A señora Fernández González sinala a bancada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.)* e alí gobernan vostedes, *(A señora Fernández González sinala a bancada do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.)* eses que veñen coa moción e que tamén defenden o acordo do Mercosur. Aquí gobernan uns e alá os outros, e díganme vostedes que é o que van facer ao respecto. E eu xa vou poñer a tiritita antes da ferida. Non hai peor lobo para Galiza que o Partido Popular, *(Murmurios.)* e non hai lobo que máis adente o sector agrogandeiro que o Goberno da Xunta de Galiza.

Grazas. *(Aplausos prolongados.)*

*(Escóitanse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

O señor Viso ten a palabra.

**O señor VISO DIÉGUEZ:** Grazas, presidenta.

Moi boas tardes a todos.

Debe haber moito lobo en Galicia —que si que o hai— porque, cada vez que nos presentamos a unhas eleccións, seguimos gañando por maioría; polo tanto, cando vostedes falan de ouvear, debe ser que ouvean moito en Galicia, polo que parece ser, ¿non? *(Aplausos.)*

Primeiro, quero darlles a benvida tamén aos que hoxe aquí nos acompañan. Pero a verdade é que, escoitando a señoría do PSOE e a señoría do Bloque Nacionalista Galego, fun a unha táboa —porque pensei eu: «A ver se lin mal os datos. Vou ir á táboa e vou recuperalos porque, igual, entendín mal»—. ¡Claro!, aquí na táboa que temos, que pon «Entregas de leite 2015-2024» —podes ir ao Fogga—, *(O señor Viso Diéguez mostra un documento que contén unha táboa.)* se imos a esa táboa, primeiro, hai uns datos que son importantes e cómpre recorda-



los, —eu creo que eses datos deberíamolos ter todos claro—. Xa se dixo aquí, Galicia produciu máis de tres millóns de toneladas no ano 2024, un 2,34 por cento de aumento, cando en España aumentou o 1 por cento. Falamos do 41 por cento da produción, a nivel nacional, e falamos do 56 por cento das explotacións; polo tanto, é importante tamén recordar ese dato. Pero, se imos a un dato importantísimo, que é como aumentou nos últimos anos a produción de toneladas de leite en Galicia, vemos que nos últimos dez anos aumentou en 227.000 toneladas e en España aumentou en 35.000 toneladas. Non fai falta moita calculadora —que non sei quen facía hoxe referencia a unha calculadora— para entender que, en moitas comunidades de España, se está producindo bastante menos.

Alguén nos facía unha referencia aquí tamén, curiosamente, sobre Asturias e sobre o País Vasco, como exemplos. Aquí imos ao dato do País Vasco e vemos que se perderon 30.000 toneladas nos últimos dez anos; e imos ao dato de Asturias e vemos que se perderon 83.000 toneladas nos últimos dez anos. Esta é a realidade, señorías, (*O señor Viso Diéguez mostra o documento mencionado con anterioridade e síndla.*) esta é a realidade. Estes son os datos e estes son os datos dos últimos dez anos. Polo tanto, non vale vir aquí con esa demagogia que sempre saben utilizar e atacar o sector, porque, dalgunha maneira, vostedes tamén están atacando o sector —¡claro que si!—, porque están, dalgunha forma, confundindo con estes datos. (*Aplausos.*) A verdade é que a Xunta de Galicia sempre vai estar en defensa do sector lácteo. Sabemos, por suposto, que é unha das columnas vertebrais de Galicia, e iso non o dubidamos. Os resultados están aí e os datos están aí.

Tamén é certo que, se temos que referirnos un pouco á moción que nos presentaba hoxe a señoría do Partido Socialista, teremos que falar un pouco de todos os puntos. A verdade é que tamén sorprende porque, para unha vez que di que si que é certo acertamos en facer unha cousa, resulta que o Observatorio do Sector Lácteo o facemos porque o dixeron vostedes, se non, non o faciamos. Ou sexa, cando acertamos é porque o din vostedes; cando nos equivocamos é porque o facemos nós. A verdade é que así dá gusto; así calquera fai política, señorías do Partido Socialista.

No primeiro punto vostede falaba de crear un foro de escoita. Déronse conta, supoño; ou non sei se se deron conta cando leron a súa propia moción ou se se foron dando conta cando alguén os avisou: «Mire, iso que levas aí na moción xa está feito porque o pasado 6 de febreiro aprobouse o Decreto».

Tamén hai outro punto en que vostedes pedían reformar —porque é importante falar de toda a moción e non só dalgún punto—. Falaban de reformar as ferramentas inspectoras, pero acaso vostedes tamén deberían saber que, dende o pasado 2022, xa temos unha política inspectora propia da Xunta. Xa se fixeron 51 controis en primeiros compradores e 28 en empresas de distribución; polo tanto, nese punto tamén tiñan vostedes que ter preguntado porque, ao mellor, tamén o quitaban.

Falaban tamén vostedes dun mediador público. O papel da Administración é claro: é sempre garantir que se cumpra a lei, non cabe ningunha dúbida. Só faltaría que nós, nese caso, entrásemos nos conflitos entre industrias e gandeiros. Nós do que falamos é sempre da equidade dos contratos e, por suposto, de que se cumpra a lei.





Tamén falaban de discriminación contra os gandeiros galegos. Ben, antes falabamos dese 41 por cento nacional e falabamos dese 56 por cento das explotacións a nivel nacional. Tamén é certo —e aproveitando que temos aquí hoxe, que nos acompañan, os representantes de Unións Agrarias—, e témolo que dicir, esta pasada semana tivemos reunións co sindicato para ver que podíamos facer para mellorar a situación do sector lácteo. A conselleira tamén se reuniu. A conselleira así o dixo e nós así o dicimos: por suposto que estamos da man para ver como podemos mellorar, pero tamén estamos da man para ver, en cada momento, todo o que está facendo a Xunta de Galicia, sobre todo pensando nos gandeiros e gandeiras, no sector gandeiro de leite.

Por suposto que aquí temos tamén que falar da obxectividade na formación de prezos, algo sobre o cal tamén, señora Lara, vostede sabe que existe o Observatorio de Prezos, que xa recolle de forma directa e transparente os valores do sector. Ademais, a propia Lei de cadea alimentaria obriga —insisto, señorías— a que se establezan con base en criterios obxectivos e verificables. Isto é a realidade e isto é o que vostedes tamén presentaban na súa moción. Na súa moción vostede falou só dun punto, pero, na realidade, a moción era moito máis complexa.

E a verdade, temos tamén que responderlle un pouquiño á señoría do Bloque Nacionalista Galego, sobre se nós facemos algo. ¡Claro que facemos algo!; facemos algo cando presentamos a primeira Lei de recuperación da terra agraria, que fixemos cos agricultores (*O señor Viso Diéguez ri.*) —e os gandeiros danlle á man; non lles gustou esa lei—. A Lei de recuperación da terra agraria está aí, e é unha ferramenta que utilizan os gandeiros para poder adquirir esa terra. ¡Sabe que a base territorial é clave para poder ser competitivo, e a base territorial faise con esta lei! (*Aplausos.*) (*O señor Viso Diéguez diríxese a algún señor ou señora deputada.*) —¡non mova a man!— ¡É que é certo, señoría; é que é certo! ¡Claro!, ¡é que home, xa está ben! (*Aplausos.*)

Nós falamos tamén de plans de axuda, con ¡5.200 incorporacións nos últimos quince anos! —5.200 incorporacións nos últimos quince anos—, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) señoría; falamos de incentivos agrogandeiros; falamos de plans de mellora; falamos co Banco de Explotacións... Esta mesma semana —hai dous días— o presidente Alfonso Rueda dixo que achegaba 2,1 millóns de euros para ese Banco de Explotacións. ¿Para que é iso? Para garantir a continuidade das granxas. ¡Esas son realidades, señorías!; esas son realidades, e é o que está facendo o Partido Popular. Tamén falamos do proxecto Smartz4Milk, da ferramenta da Conta láctea, de Enerlácteo, do Plan de titorización tan importante para as novas incorporacións...

Xa, ao final, seguimos destacando na produción de leite; seguimos destacando porque somos a sétima rexión de Europa en produción de leite. Volvamos a eses datos que eu mencionaba na primeira táboa —non nos esquezamos—. E a verdade é que a moción, tal e como nola presentaba a señora do Partido Socialista, é unha moción que non achega a nada; é unha moción que simplemente recorda o que estamos facendo.

Polo tanto, por suposto, temos que votar que non.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para o turno de peche para a autora da moción, a señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** *(A señora Méndez López diríxese cara á tribuna das persoas convidadas.)* Lamento que teñan que escoitar o que nós escoitamos a diario e continuamente aquí, que é o «non» do Partido Popular; o «non» para poñerse a carón dos gandeiros e das gandeiras; e o «non»... porque, total, se cando se reúnen con eles os escoitasen, escoitarían das mans de Unións Agrarias que o que nós estamos pedindo aquí é o que nos veñen trasladando desde a organización e o que nos veñen trasladando os gandeiros e as gandeiras deste país. *(Aplausos.)*

E non nos vai dicir que non ao Partido Socialista, señor Viso, senón que lles vai dicir que non aos gandeiros e ás gandeiras de toda Galicia.

E, ¿quere datos? En canto ás explotacións en Galicia, no ano 2015 había 9.606; no ano 2024, 5.284, cun diferencial de menos de 4.300 explotacións. En canto á entrega de leite, no ano 2015 entregáronse 2.590 millóns litros de leite; no ano 2024, 2.817, cun diferencial de case 230.000 litros. Esta é a realidade.

Dicía a señora Fernández que nos saen moi barato. Non, señora Fernández, sáenos moi caros, non son só aos gandeiros e ás gandeiras, senón tamén aos galegos e ás galegas, porque onde non hai vida, onde non hai explotacións, onde non hai produción, o que hai é moito carto investido para poder conservar, para poder manter a paisaxe, para poder manter os montes limpos, para que non se incendien, para poder manter as infraestruturas, —que custa o mesmo un quilómetro e cen quilómetros para unha persoa ou para cen que viven alí no territorio—.

E si, señor Viso, hai moito lobo e moito xabaril —como puidemos ver— pola falta de planificación *(Aplausos.)* e porque os gandeiros e as gandeiras teñen que abandonar o seu negocio e a súa forma de vida porque non-é-viable. *(Aplausos.)* E o que non pode ser é que un gandeiro estea pensando se chegará ao final de ano, se terá beneficios ou se lle dará para manter os custos de produción, ou se simplemente entrará en perdas, pois é con esa incerteza con que viven os gandeiros e as gandeiras do noso país.

E non, non atacamos o sector, señor Viso. Atacamos as políticas do Partido Popular; atacamos a súa forma de actuar; atacamos que dean as costas aos gandeiros e ás gandeiras do noso país; iso é o que atacamos nós constantemente.

E o que pediamos —e vouldo recordar— era crear un foro de escoita activa, que nos valía reactivar ese Observatorio Lácteo de Galicia, pero non nas condicións en que o están a facer porque, de catro veces que se reunían ao ano, agora vano facer unha —se o fan—, e porque as mulleres pasan a un segundo termo, mandándolles ter un carácter rotativo; ás mulleres que, despois, tanto defendemos. E, sen mulleres, non hai rural, señor Viso.

Queremos que se poñan ferramentas inspectoras para velar polo cumprimento da lei, como a Lei da cadea alimentaria. Ese decreto que di que non se pode producir por baixo dos custos



de produción, (*O señor Viso Diéguez asente.*) e os gandeiros o están a facer, día si e día tamén, (*O señor Viso Diéguez ladea a cabeza.*) e queremos que se poida vender cuns prezos dignos que lles fagan vivir dignamente. Queremos establecer a figura de mediador para que así non teñan que asinar...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** ...—finalizo, presidenta— o que lles poñan enriba da mesa, escoitando, moitas veces, que «É o que hai; ou o firmas ou o deixas», obrigandoos a firmar eses contratos. Queremos implementar mecanismos para que as industrias non discriminen os gandeiros, e pódese facer de maneira positiva, incentivando aquelas industrias que cumpran cos nosos gandeiros e gandeiras ou con ese Observatorio Público de Prezos, que garanta a obxectividade na formación dos prezos para asinar os contratos.

O que lle pedimos, señor Viso, o que pedimos ao Partido Popular, é que non lles dea as costas aos gandeiros e ás gandeiras, que se poñan ao seu carón...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Méndez.

**A señora MÉNDEZ LÓPEZ:** ...e que fagan do sector primario un sector forte e do cal se poida vivir dignamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación das mocións***

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Rematada a deliberación das mocións, procedemos á súa votación.

Prego aos servizos da Cámara que pechen as portas.

En primeiro lugar, procedemos á votación da moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Secundino Fernández.

Votamos.

*Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Secundino Fernández Fernández, sobre as consecuencias para Galicia do acordo de libre comercio entre Mercosur e a Unión Europea.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 38; abstencións, 10.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*



**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Procedemos á seguinte votación, é dicir, a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará.

Había unha emenda sobre a cal dixo no debate que non aceptaba. Por conseguinte, votamos o texto inicial.

Votamos.

*Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Continuamos coa seguinte moción, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Non había emendas.

Votamos.

*Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as estratexias que pensa desenvolver o Goberno galego para abordar a situación da atención primaria na sanidade pública galega.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Imos coa última votación. A iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Méndez.

Non había emendas, e, por conseguinte, votamos o texto.

Votamos.

*Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Lara Méndez López, sobre a problemática que afecta o sector lácteo e a necesidade de creación dun foro de colaboración e escoita neste ámbito.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.*



*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Continuamos coa orde do día e avanzamos coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar coa finalidade de mellorar a inserción da mocidade no mercado laboral galego e a calidade do emprego nesta franxa de idade**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para defender esta iniciativa ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Trae hoxe o Grupo Parlamentario Socialista unha proposición non de lei que pretende, a través das políticas, mellorar a vida da xuventude galega; unha mocidade que vive unha situación moi complexa actualmente, motivada fundamentalmente polo prezo da vivenda e do alugueiro e pola situación de precariedade e de baixos salarios que teñen que soportar na nosa comunidade autónoma.

E por iso instamos a Xunta de Galicia, en primeiro lugar, a elaborar e a presentar no Parlamento de Galicia, no prazo de dous meses, un plan de emprego mozo que estableza as necesidades, as carencias e as oportunidades do mercado laboral mozo, con medidas concretas e orzamento dedicado para que se poña en funcionamento ao mes seguinte da súa aprobación.

Señorías, é preciso realizar unha diagnose previa da situación do emprego mozo. No día de hoxe, a Xunta de Galicia carece dese estudo pormenorizado. Hoxe, seguramente, enfrontámonos nunha confrontación de datos, pero aos mozos e ás mozas galegas de nada lles vai servir esta guerra de cifras. O que precisan é que cheguemos a un acordo que dea solucións aos seus problemas —que son os nosos, por outra parte—.

Que dúbida cabe de que a fuga de talento incide na economía galega. Perdemos emprendedores e man de obra cualificada, e tamén existe unha brecha salarial de case vinte puntos que soportan. A precariedade laboral repercute de forma moi negativa na economía do noso país.

Por iso é imprescindible que —como dicía— a Xunta de Galicia elabore a diagnose do mercado laboral mozo, e, a partir de aí —dese estudo— desenvolva un plan de emprego completo, e non con programas deslavazados —como fixo ata agora a Xunta de Galicia—, senón cun programa de actuación coordinado e cun orzamento definido. Ben poderían



facelo a través dos organismos que teñen para iso —como o Consello Autonómico de Emprego, por exemplo, e os comités territoriais— e que comprenda, entre outras materias: a avaliación das políticas de emprego realizadas por provincias ata agora; a detección das necesidades dos traballadores mozos e das traballadoras mozas; a determinación dos perfís profesionais requiridos; unha avaliación dos indicadores de emprego, incluíndo as percepcións salariais, a xornada etcétera; a detección de posibilidades e o acompañamento dos emprendedores e das empresas de economía social; as causas motivadoras da fuga do talento... E, a partir desa información, que se realice ese plan integral de emprego mozo.

En segundo lugar, é imprescindible que a Xunta elabore e presente, no Parlamento de Galicia, un plan de choque tamén, no prazo de tres meses, que estableza os instrumentos necesarios para facer de Galicia un territorio con oportunidades laborais e que en materia de vivenda, de servizos e de infraestruturas sexa atractivo para que os mozos e as mozas galegos decidan quedar na terra e afrontar aquí o seu proxecto vital e o seu presente.

Miren, o 84 por cento dos mozos e das mozas menores de trinta anos aínda vive cos seus pais en Galicia; e non porque queiran, senón porque están obrigados, xa que emanciparse se volve imposible para eles e para elas, porque o pagamento do alugueiro ten un custo de case un 70 por cento do salario xuvenil.

Existe unha bolsa de demandantes de vivenda pública —de que falaba o meu compañeiro Font esta mañá— de 5.160 mozos e mozas menores de 35 anos inscritos nese Rexistro, á espera dun alugueiro alcanzable; unha cifra que crece ano tras ano nun 25 por cento con respecto a hai só tres anos. Este incremento coincide coa alza rexistrada no prezo dos arrendamentos. Nas cidades vólvese unha tarefa imposible atopar unha vivenda por menos de seiscentos euros de alugueiro. Só no último ano o seu custo se disparaba un doce por cento. E se alugar un piso é complicado, pois non falemos de comprar, que é misión imposible. O prezo de compravenda en Galicia roza os prezos da burbulla, tras dispararse case un sete por cento o ano pasado, 2024, cando o salario dun asalariado menor de 34 anos non chegaba aos 20.000 euros.

E a Xunta de Galicia parece que o toma a broma —broma pesada, iso si—, xa que se limitou a lanzar, ao final do mes pasado, o Bono Emancípate para menores de 36 anos cunha fonte de ingresos. Na nota de prensa que publicaron na páxina web, en perfecto castelán, dicía: «*El Gobierno gallego tiene como objetivo que la juventud cuente con un incentivo económico en su emancipación, ya sea para una vivienda alquilada, por lo que opta por percibir 1.500 euros, o en propiedad, caso en que las personas beneficiarias recibirían 3.000 euros de ayuda para, como puede ser, la adquisición de mobiliario o de diversos artículos del hogar*». ¡Está a maioría dos mozos e das mozas galegos para comprar mobiliario, para comprar vivenda ou para facer a compra! ¡Vamos!

E outra medida estrela é a construción de vivendas colaborativas para os mozos (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*) —¿que pasa?, ¡ah!—. ¿Vostedes non entenden que queren emanciparse de verdade e non vivir en residencias de estudantes toda a vida? Creo que o Goberno galego debe tomar conta diso.



Toda axuda, obviamente, é sempre benvida, pero as socialistas queremos medidas sólidas que permitan á xuventude poder realizar o seu proxecto de vida, cun traballo digno, con dereitos e cun acceso posible á vivenda. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*A señora Rodríguez Dacosta vírase para a señora presidenta.*) — están bastante... Debe ser a hora, que xa co dos mozos, co da vivenda e co do emprego, pois non lles... — ...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Prego que garden silencio para que non interfira no uso da palabra da señora deputada.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** (*A señora Rodríguez Dacosta vírase para a señora presidenta.*) ¡Despois tomamos o café! (*Aplausos.*) (*A señora Rodríguez Dacosta ri.*) Grazas.

Por iso o PSdeG pon o foco nese Banco Público de Alugueiro, unha medida pensada para toda a xente moza, pero, sobre todo —como dicía— para eses 250.000 mozos e mozas que non poden emanciparse porque non poden acceder a ese alugueiro nin a esa compravenda. E a dita proposta consiste en que a Xunta actúe como o órgano intermediario entre propietarios e cidadáns, co fin de mobilizar todas as vivendas baleiras que existen na actualidade; unha iniciativa que lles daría aos propietarios as axudas precisas, tanto para a rehabilitación como para o certificado enerxético etcétera.

E falamos tamén de mellorar, no punto 3, a calidade do emprego mozo, porque a Xunta debe fomentar as prácticas formativas tamén remuneradas, eliminando a precariedade dos bolseiros, e debe ofrecer vantaxes fiscais para aquelas empresas que se comprometan cun cadro de persoal menor de 35 anos; medidas, en definitiva, que contribúan para establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo o efecto de desánimo dos mozos e das mozas galegos, e que faciliten a súa inserción laboral. Xa no ano 2020, o Foro Económico de Galicia advertía de que a fuga de talento custaba a Galicia nada máis e nada menos que 300 millóns de euros ao ano, e que agravaba, obviamente, o envellecemento. O Foro achacaba esta situación ao tamaño empresarial e á falla de empregos científicos. Perdemos, dende 2010 ata 2024, tres puntos porcentuais de peso poboacional da xuventude en Galicia.

Isto é unha moi mala noticia. É unha realidade que, nun contexto de perda de poboación e nunha sociedade envellecida como a galega, agrava máis o endémico problema demográfico de Galicia, e, iso, de rebote, incide na capacidade de mellora da nosa economía. En concreto, o Foro estimaba que os nacementos que se deixaban de producir, como secuencia deste proceso, eran de 1.500 nenos e nenas ao ano; é dicir, un dez por cento dos galegos que nacen, que é moitísimo.

A fuga de talento, en definitiva, é un grave problema para unha sociedade avanzada e moderna, como ten que ser a sociedade galega. Mentres determinadas empresas están buscando man de obra cualificada, os mozos e as mozas formados en Galicia están a emigrar fóra da nosa comunidade autónoma. E, ademais, temos un saldo negativo entre os titulados universitarios que entran e os que saen. Entre os que emigraron, no ano 2023, marcharon 7.623 titulados universitarios e só entraron en Galicia 3.553. Isto non o podemos permitir —como dicía— nunha sociedade moderna.



Temos que investir moito en atraer talento. Hai que preguntarse por que temos dificultades para atopar traballadores e, ao mesmo tempo, por que temos este paro xuvenil. E esta pregunta...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** ...—e xa remato— non a realizamos xa os socialistas, senón que a realizaron os propios empresarios nunha xornada organizada hai uns días polo Faro de Vigo, denominada Perspectivas do futuro organizado.

Vostedes, que lles fan moito caso aos empresarios, a ver se así se poñen a evitar esta fuga de talentos.

Seguirei na miña segunda intervención.

Grazas, presidenta. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*)

O Grupo Parlamentario Mixto renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Iago Suárez Fernández.

**O señor SUÁREZ FERNÁNDEZ:** Boa tarde, señorías.

Permítanme que comece esta intervención cunhas frases de Rebeca Blanco, unha das mellores arqueólogas galegas, que xa leva máis de vinte anos vivindo de e para a investigación arqueolóxica en institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, o CSIC ou mesmo o Consello da Cultura Galega. A pesar de ser unha excelente investigadora, Rebeca viuse na obriga de emigrar, e isto dicía ao respecto nunha entrevista no medio *Historia de Galicia*: «Na investigación non conseguimos fixar as persoas que realmente se formaron e traballaron na arqueoloxía e na investigación. A Xunta ten un programa para formar doutores na súa etapa posdoutoral, pero, cando rematas, non tes sitio, non sacan prazas. É dramático, porque estamos investindo medio millón de euros na formación posdoutoral que logo regalamos a outras universidades, centros de investigación ou países».

Isto acontece na Galiza de hoxe en día diariamente. Se Rebeca Blanco, unha das mellores arqueólogas galegas, tivo que marchar despois de vinte anos de carreira profesional, ¿cantas mozas e mozos se verán na obriga de emigrar deste país por falta de oportunidades? Desa-





fortunadamente, non é unha pregunta ao aire, é unha pregunta que ten resposta, e o dato pódese buscar, é relativamente fácil.

Segundo o INE, desde a volta do PP ao Goberno da Xunta en 2009, máis de 200.000 mozas e mozos emigraron de Galiza. Isto supón unha media de 34 mozas e mozos por día. Vouno repetir: 34 mozos e mozas por día que emigran diariamente deste país. Isto supón que cerca de 1,5 mozos emigran cada hora de Galiza, e isto quere dicir, segundo datos oficiais —estes non son datos do BNG—, que desde o inicio deste mesmo pleno a este preciso momento no que este deputado lles fala xa emigraron 11 mozas e mozos do noso país.

Sexan benvidos e benvidas á Galiza que funciona, á Galiza que funciona fatal; moi, moi mal. É mocidade que se vai, case sempre formada no sistema de ensino público, ¡como debe ser!, no sistema que todos pagamos. A esas persoas universitarias, a todos eses estudantes, pagámoslles todos eses institutos, todos eses colexios, toda esa formación —repito, como debe ser, como debe ser en todo país que se prece—, e marchan porque non se poden emancipar.

A chamada fuga de talento supón deixar de crear unhas 315 empresas e unha perda de entre 178 e 312 millóns de euros ao ano derivados dos custos de formación dunha mocidade á que se lle nega a posibilidade de achegar valor ao noso país, tanto social como tamén economicamente. E estes son datos do Foro Económico de Galiza.

Desde o BNG cremos que a situación é o suficientemente grave como para que os gobernos dean unha resposta urxente e necesaria. Pór solución aos problemas do mercado xuvenil galego é necesario e urxente o antes posible, e por iso todas as iniciativas que tenten reverter esta situación e este problema son benvidas e, por tanto, daremos o noso voto afirmativo a esta proposición non de lei.

Agora ben, non podemos —porque non sería de xustiza— deixar de evidenciar que se chegamos aquí é tanto culpa de San Caetano como da Moncloa. Os diversos gobernos españois —xa sexan da gaivota ou da rosa— tampouco axudaron a reter talento galego e a mellorar o mercado laboral xuvenil de Galiza.

Non sabemos cal sería a situación en que nos encontraríamos se o señor Feijóo quixese ser presidente do Goberno español. Tampouco sabemos que sería do señor Tellado se decidise abrir un libro. *(Risos.)* O que si sabemos é que o BNG... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Son frases... Non, non, aquí ruborízanse. É unha frase literal do señor Tellado, que di que non le un libro. Non sei por que se ruborizan tanto. *(Murmurios.)*

O que si sabemos é que o Bloque Nacionalista Galego, por moito que intenten enlamar, defende sempre o mesmo; sempre o mesmo, aquí e en Madrid. Por iso, ao igual que no Congreso dos Deputados e das Deputadas en Madrid, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, aquí, no Pazo do Hórreo, non deixaremos de exixir que se derroque por completo e dunha vez por todas a reforma laboral do ano 2012 de Mariano Rajoy. A actual reforma laboral, da que tanto presume o Goberno español, non conseguiu acabar —por moito que nos digan o contrario— cos aspectos máis lesivos da reforma laboral de 2012. Hoxe despedir segue sendo igual de caro que no 2012 e hoxe tamén máis da metade das fa-



milias pobres teñen emprego e hai cada vez máis asalariados; é dicir, persoas traballando e que, a pesar de traballar, son pobres.

Na Galiza de hoxe en día, o 70 por cento da mocidade traballa no sector servizos, incidindo na terciarización e na precarización da economía galega. A actual reforma laboral disfrazada de baixada da temporalidade o aumento da parcialidade e da figura do contrato fixo discontinuo, que aumentou cerca do 125 por cento. É un modelo laboral que precariza pola base, especialmente a mocidade. Esa realidade non hai disfrace que a tape.

A temporalidade é usada normalmente, polo Goberno español, como pretexto para xustificar traballos precarios. E isto acontece, infelizmente, con José González na Consellería de Emprego e con Yolanda Díaz no Ministerio de Trabajo.

Señorías, a mocidade galega non quere seguir sendo man de obra barata, non quere seguir sendo carne da emigración. A mocidade galega quere e exige poder emanciparse aquí, vivir en Galiza coa dignidade que merece, porque é necesario e é de xustiza. É necesario canto antes que a Xunta de Galiza leve adiante un plan de emancipación xuvenil integral que teña en conta, por suposto, o emprego, pero que tamén teña en conta a situación da vivenda. Non queremos *coliving*, non queremos disfrazar o feito de compartir piso durante toda unha vida como algo moderno ou algo que está á vangarda. Non, queremos emanciparnos con todo o que iso significa: ter un emprego digno, ter unha vivenda digna e tamén ter unha rede de transporte por estrada e de transporte ferroviario dignas do século XXI, algo co que este país non conta.

A emancipación da mocidade non é só unha cuestión de vontade, hai que legislar, e quen ten a forza lexislativa neste país é o Partido Popular. Desde esta tribuna díxenlles moitas veces ás señorías do PP que traballen, é necesario e é de xustiza, e a mocidade requíreo canto antes. Deixen de falar de *coliving*, deixen de intentar enganar a mocidade deste país e pónanse a traballar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para a quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Grueira.

**A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Se hai un tema clave para o futuro da nosa terra, ese é o emprego, porque falar de emprego xuvenil é falar de futuro, de oportunidades, de fixar poboación e, por suposto, de garantir que os mozos e as mozas galegas poidan quedar aquí a desenvolver os seus proxectos de vida sen ter que marchar por falta de traballo. Eu creo que nisto estamos todos de acordo.

Hoxe o Partido Socialista preséntanos unha moción pedíndonos un plan de emprego para Galicia en dous meses. Pero, ¿sabe que lle digo, señora Dacosta? Que aquí xa o hai, que xa o



hai, e que xa se está ampliando pouco a pouco con máis medidas. ¿E sabe onde non o hai? En Moncloa, alí onde gobernan vostedes; alí non hai nin plan nin se lle espera. *(Aplausos.)*

Por iso, señora Dacosta, eu creo que se equivoca de foro debatendo hoxe aquí esta moción; eu creo que esta moción tería moito máis sentido que a presentasen os seus compañeiros no Congreso dos Deputados, porque se hai un lugar onde fai falla un cambio de rumbo en materia laboral non é en Galicia, é no Goberno de Sánchez. ¿E sabe por que llo digo? Porque os datos a nivel estatal son totalmente lamentables e demoledores.

En primeiro lugar, España é o país da Unión Europea que lidera a taxa de desemprego xuvenil; unha taxa do dobre da media, cun 25,3 por cento, sendo o país líder da Unión Europea. *(A señora Grueira Fernández mostra un documento.)* Se este fose o resultado de Eurovisión, quizais todos nós estaríamos contentos, pero non é o caso. *(Aplausos.)* Aquí estamos falando de emprego, estamos falando do futuro dos mozos, e vostedes veñen aquí dar leccións en materia de emprego cando son líderes no que non hai que ser líderes.

Pero, mire, sigo con máis datos. Un de cada catro mozos ten un contrato a tempo parcial; concretamente iso representa o 25,4 por cento, doce puntos por riba da media europea. Ademais, tamén España é líder en precariedade laboral e en contratos fixos descontínuos. Mire, señoría, noutras cousas non, pero nisto si que son uns expertos e non teñen ningún rival que os gane. E todo isto que estou dicindo aquí non o digo eu, dino os datos; datos que non se poden pasar por alto e que, dende logo, evidencian o modelo *[Inaudible por problemas de son.]* do Partido Socialista. Así que, se de verdade lles preocupa o emprego xuvenil, comecen a loita e comecen pedindo dentro do seu partido, alí onde gobernan e non aquí, porque mentres o Goberno de Sánchez bate récords en paro e precariedade, en Galicia estanse facendo as cousas ben, como ben amosa a última enquisa de poboación activa do último trimestre do ano 2024.

Imaxino que vostede se despistou vendo eses datos, porque na súa moción empregou todos os datos menos os datos actualizados, polo que lle vou replicar aquí.

Mire, señora Dacosta, esa enquisa confirma que Galicia pechou o 2024 con menos paro, máis emprego e de mellor calidade. E se nos centramos nos datos que falan de xuventude, a evolución aínda é máis positiva. O número de mozos ocupados aquí, en Galicia, aumentou en 7.100 persoas; é dicir, un 5,52 por cento máis. Ademais, a taxa de paro xuvenil en Galicia baixou, situándose moi por debaixo da media estatal. E aquí, en canto se trata de empregar a xente moza, Galicia é a comunidade que máis incrementou o número de mozos traballando nestes últimos dez anos.

En definitiva, estes datos confirman que as políticas activas de emprego da Xunta de Galicia funcionan, e funciona ben, e iso non se consegue por casualidade, senón que se consegue con medidas eficaces, con proxectos estruturados e cun investimento, e recalco o de investimento porque aquí xa temos uns orzamentos aprobados, uns orzamentos que, dende logo, contemplan medidas relevantes para poder seguir avanzando e consolidando ese modelo de emprego ao estilo Galicia, que funciona.

Neses orzamentos podemos falar da Estratexia da mocidade activa, na que se destinan 20 millóns de euros. Unha estratexia que nace para mellorar a situación vital das persoas mozas



galegas e a súa empregabilidade a través de programas de fomento da contratación, como pode ser ese programa Coopero, o programa A primeira experiencia profesional, o programa Investigo ou o programa Galicia emprega mozos.

E tampouco nos podemos esquecer dos mozos que deciden ser autónomos; dos autónomos, que o Goberno de España ten totalmente olvidados. Aquí, en Galicia, lidérase con medidas innovadoras, medidas exemplares que, dende logo, nos están a copiar noutros territorios, como pode ser esa cota cero, á que se destinan 10 millóns de euros para axudar os autónomos máis autónomos e que non teñan que pagar esas cotizacións no primeiro ano. Ou tamén ese programa de promoción ao emprego autónomo, ao que se destinan máis de 19 millóns de euros; ou á rede de polos e emprendementos, na que hai máis de quince centros activos, nos que xa se están atendendo máis de tres mil proxectos en tan só dous anos. *(Aplausos.)*

Aquí, señora Dacosta, fálase con feitos. Aquí, en Galicia, non hai nin improvisacións; aquí hai vontade, hai plan, hai traballo e obtemos bos resultados.

En definitiva, podemos ver que hai dous modelos: o modelo da inacción, da parálise do Goberno central; e podemos ver outro modelo, o das políticas do presidente Alfonso Rueda, que, dende logo, demostran que hai outra forma de facer as cousas. Porque, mire, por moito que non lles guste escoitalo, insisto, os datos son claros, e mentres en Galicia lideramos a creación de emprego xuvenil, o Goberno de Sánchez incrementa a taxa de paro xuvenil, e esa é unha realidade.

E a min non me gusta entrar nestas cousas, pero a verdade é que nolo deixan vostedes en bandexa. Coñeciamos onte como as súas xuventudes, as do Partido Socialista, criticaban o partido dicindo que sentían unha total desconexión co partido. *(A señora Grueira Fernández mostra unha folla dun xornal.) (Aplausos.)* Eu creo que este titular é vergoñento, cando vostedes veñen aquí coa pancarta de defensores da mocidade. E, miren, se nin sequera os seus propios mozos cren no que vostedes fan, eu pregúntome como queren que crean o resto dos galegos e galegas no que vostedes están facendo. Porque, se non convencen os demais, non van vencer o resto. *(Aplausos.)*

E mire, por iso —para ir rematando—, aquí, en Galicia, as políticas funcionan e a xuventude sábeo, por iso o Partido Popular de Galicia é o partido máis votado entre os mozos e mozas galegas. É certo que hai que mellorar, por iso imos seguir sendo ambiciosos, porque non nos conformamos. Queremos seguir ampliando máis medidas e consolidando ese modelo de emprego xuvenil para que se ofrezan máis oportunidades, seguridade e estabilidade.

En definitiva, en Galicia témolo claro. Mentres os mozos galegos aquí avanza, con Sánchez a xuventude retrocede. Porque, señorías, no seu legado quedará que un de cada catro españois menores de 25 anos estaba en situación de desemprego ao pechar o 2024 como consecuencia das políticas de fracaso en materia de emprego do Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.



Turno de peche para autora da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidenta.

Quero agradecer o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego.

Non esperaba menos de vostede, señora Grueira, porque se o seu líder —ao que vostede nunca vai replicar, porque no Partido Popular non poden replicar nunca ao líder— lles regalou unha maleta aos mozos e ás mozas —aos mellores expedientes de Galicia— para que se fosen, (*Aplausos.*) obviamente, ¿que vai dicir vostede? (*Aplausos.*) ¿Que vai dicir vostede? (*Aplausos.*)

En xeral, a política que practican vostedes é contra os traballadores e traballadoras, iso está claro; viámolo o outro día cando votaban en contra do Decreto ómnibus e vémololo cando a vostedes, cada vez que se fala neste país, en Galicia, na Comunidade Autónoma de Galicia, de que se vai subir o salario mínimo interprofesional, que afecta fundamentalmente, na nosa comunidade, os mozos e as mozas, lles sae urticaria. Porque, claro, vai caer o país, van pechar as empresas, e ¿como van cobrar os mozos e as mozas 1.100 euros ao mes? (*Murmurios.*) Claro, ao mellor, é que os mozos e as mozas do Partido Popular e das xuventudes do Partido Popular están moi lonxe da realidade que viven os mozos e as mozas, en xeral, en Galicia, que non poden acceder a unha vivenda. (*Aplausos.*) O Partido Popular o que considera é que o que teñen que facer é vivir xuntos nunha especie de residencia de estudantes toda a vida; iso é o que entende o Partido Popular.

E, mire, vostede falaba de datos. Eu dixen ao principio que aos mozos e mozas galegos hoxe o que non lles interesaba era confrontar datos, para nada; que querían un acordo para que esa situación que están a vivir se revertese e puidesen vivir en Galicia. Pero podo falar dalgún dato: a taxa de parcialidade que temos en Galicia de mozos e mozas é do dobre do resto de idades; é unha parcialidade non desexada, señora Grueira: un 27,6 por cento fronte a un 13,36 por cento. Eses son datos da última EPA. Os que estaban nesta iniciativa eran da anterior —igual non sabe que a EPA cada tres meses volve saír; igual non o sabe—. E perdemos tres puntos —dicía— porcentuais de peso poboacional de xente moza en Galicia. ¿Por que? Pero, ¿por que se van?, ¿porque non lles gusta Galicia? A fuga de talento, ¿por que se produce? Prodúcese porque as condicións salariais en Galicia son malas, porque non hai emprego de calidade, porque a vivenda custa moitísimo e porque nas grandes cidades xa non se pode nin intentar alugar un piso, e teñen que vivir cos pais e coas nais. E no medio rural xa non digamos, porque os expulsan directamente; expulsan os mozos e as mozas directamente porque pechan escolas, porque os centros de saúde non teñen pediatra, porque non teñen servizo de conciliación e porque non teñen nin caixeiros. E vostedes ¿saben o que facían? Pagábanlles aos bancos para que puxesen caixeiros e pechasen alí no rural. Iso é o que están facendo coas mozas e cos mozos galegos.

Entón, o que pediamos eran tres cousas moi claras: que aprobasen un plan de emprego despois de facer un estudo. O estudo non o teñen, e as medidas son totalmente deslabazadas e,



de feito, tivo que relatar medidas que non son para nada dedicadas aos mozos e mozas; concretamente, a rede de emprendemento, que non é unha medida que estea dedicada aos mozos e mozas galegos en exclusiva. Aquí pedimos un plan de choque para os mozos e para as mozas.

A situación é terrible. Xa lles dicía que estaban demostradas cos datos cousas que non son como dicía vostede. Mire, o peso poboacional da mocidade galega hoxe corresponde a un 14,8 por cento —só a un 14,8 por cento—. A taxa de paro na poboación no cuarto trimestre é dun 8,66 por cento; e esta supera o dobre na franxa de idade dos 16 aos 29 anos, acadando un 18,10 por cento. ¿Eses son bos datos?

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que rematar, señora Rodríguez.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Non son bos datos.

Entón, vostedes non queren aprobar esta iniciativa e non queren ver a realidade. E o que é triste é que unha persoa moza opine o que opina vostede.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Pois rematado o debate desta proposición non de lei, suspendemos a sesión, que será reanudada mañá, ás dez da mañá.

Boa tarde e boa noite a todos e a todas.



*Suspéndese a sesión ás sete e seis minutos do serán.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

|                                      |     |   |     |
|--------------------------------------|-----|---|-----|
| 1. Abalde Alonso, Julio Ernesto      | S   | 39. Mouzo Mas, Paula                    | P   |
| 2. Amigo Díaz, María Encarnación     | P   | 40. Ojea Bouzo, Armando                 | M   |
| 3. Arias Rodríguez, Raquel           | P   | 41. Pazos Couñago, José Alberto         | P   |
| 4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel     | P   | 42. Pérez Fernández, Rosana             | BNG |
| 5. Bará Torres, Xosé Luís            | BNG | 43. Pérez López, José Daniel            | BNG |
| 6. Barreiro Sánchez, Enrique         | P   | 44. Pérez López, Noelia                 | P   |
| 7. Calvo Pouso, Diego                | P   | 45. Pérez Millares, María Magdalena     | P   |
| 8. Campero Dorado, Cristina          | P   | 46. Pomar Tojo, Carmen María            | P   |
| 9. Candia López, María Elena         | P   | 47. Pontón Mondelo, Ana Belén           | BNG |
| 10. Carreira Pazos, Iria             | BNG | 48. Prado Cores, María Montserrat       | BNG |
| 11. Casares Gándara, Juan Manuel     | P   | 49. Prado del Río, Paula                | P   |
| 12. Castro García, Daniel            | BNG | 50. Presas Bergantiños, Noa Olalla      | BNG |
| 13. Castro Rey, Paloma               | S   | 51. Queixas Zas, Mercedes               | BNG |
| 14. Deza Martínez, María             | P   | 52. Ríos Santomé, Paulo                 | BNG |
| 15. Espinosa Mangana, María Elena    | S   | 53. Rodil Fernández, Olalla             | BNG |
| 16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás   | BNG | 54. Rodríguez Carrera, María Felisa     | P   |
| 17. Fernández Davila, María Cristina | BNG | 55. Rodríguez Conde, Ángel              | P   |
| 18. Fernández Fernández, Secundino   | BNG | 56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen | S   |
| 19. Fernández Gómez, Alexandra       | BNG | 57. Rodríguez González, Román           | P   |
| 20. Fernández González, Ariadna      | BNG | 58. Rodríguez Martínez, Roberto         | P   |
| 21. Fernández Rosende, Jesús María   | P   | 59. Ruanova Vilas-Boas, Brais           | BNG |
| 22. Ferro Iglesias, José Luis        | P   | 60. Rueda Valenzuela, Alfonso           | P   |
| 23. Fidalgo Iglesias, Miguel         | P   | 61. Santalices Vieira, Miguel Ángel     | P   |
| 24. García Comesaña, Julio           | P   | 62. Santamaría González, Raúl           | P   |
| 25. García González, Patricia        | P   | 63. Santos Costa, Manuel                | P   |
| 26. Golpe Acuña, José Manuel         | BNG | 64. Sanz Arias, Cristina                | P   |
| 27. Gómez Besteiro, José Ramón       | S   | 65. Suárez Fernández, Iago              | BNG |
| 28. González Iglesias, Carmela       | BNG | 66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago         | BNG |
| 29. Grueira Fernández, Nicole        | P   | 67. Taibo Corsanego, Iria               | BNG |
| 30. Hermelo Piñeiro, María Dolores   | P   | 68. Trenor López, Gonzalo               | P   |
| 31. Iglesias Rey, Patricia           | S   | 69. Valcárcel Armesto, Montserrat       | BNG |
| 32. Insua Lema, Óscar                | BNG | 70. Varela Fernández, Katherinie        | P   |
| 33. Longueira Castro, Silvia         | S   | 71. Vázquez Mourelle, Ethel María       | P   |
| 34. López Font, Carlos               | S   | 72. Vázquez Suárez, Cecilia             | P   |
| 35. Lorenzo Gómez, Rubén             | P   | 73. Vereá Fraiz, Borja                  | P   |
| 36. Marnotes Fernández, Argimiro     | P   | 74. Vidal Lamas, Sonia                  | BNG |
| 37. Mato Díaz, José Manuel           | P   | 75. Viso Diéguez, Miguel Ángel          | P   |
| 38. Méndez López, Lara               | S   |   |     |





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

